



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 30

Sesión Plenaria
24 de maio de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 3. Moción

9055 (10/MOC-000031)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula, e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación cos datos referidos á pobreza infantil. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 2459, publicada no BOPG nº 36, do 28.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 09.05.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

Punto 4. Propositions non de lei

4.1 1245 (10/PNP-000111)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e catro deputados/as

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da mellora e clarificación da regulación da publicidade sanitaria, no relativo a centros, establecementos, bens e servizos para evitar anuncios enganosos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

4.2 5577 (10/PNP-000473)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles, e oito deputados/as máis

Sobre o mantemento e promoción pola Xunta de Galicia das axudas na Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago, como mínimo, ata o ano 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

4.3 8075 (10/PNP-000746)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prácticas comerciais que están a levar a cabo as compañías distribuidoras de electricidade para contratar ou trasladar os seus clientes ao mercado libre da enerxía eléctrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

4.4 8157 (10/PNP-000754)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre o traslado pola de Xunta de Galicia ao Congreso dos Deputados da solicitude de constitución dunha comisión parlamentaria de investigación sobre as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o 24 de xullo de 2013, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

4.5 8481 (10/PNP-000796)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto e as perdas económicas ocasionadas polas xeadas acaecidas a finais do mes de abril de 2017 ao sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe nas provincias de Lugo e Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

4.6 8545 (10/PNP-000800)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola xeadada no viñedo, na noite do 26 ao 27 de abril de 2017, nas provincias de Lugo e Ourense, principalmente nas zonas das denominacións de orixe do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

4.7 8571 (10/PNP-000803)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e dous deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación política e social que se está a vivir en Venezuela, e, nomeadamente, a das persoas galegas emigrantes nese país

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

4.8 8618 (10/PNP-000808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento previsto no Programa de Estabilidade de España 2017-2020 para o rescate de diversas autoestradas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

Punto 5. Interpelacións

5.1 7030 (10/INT-000292)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política de urxencias médicas e emerxencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

5.2 8005 (10/INT-000335)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre as instrucións ditadas para a realización, no curso 2016-2017, das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

5.3 8666 (10/INT-000369)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón, e trece deputados/as máis**

Sobre a elaboración do novo Mapa de transportes de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 9120 (10/POPX-000034)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a venda por Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

6.2 9167 (10/POPX-000035)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre as consecuencias para Galicia das decisións do Goberno central en materia de infraestruturas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

6.3 9168 (10/POPX-000036)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre os intereses defendidos polo Goberno galego nas decisións referidas aos temas transcendentales para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 6091 (10/POP-000797)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula, e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións concretas que está a levar a cabo a Unidade de Policía Adscrita no ámbito da protección ás mulleres vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

7.2 9131 (10/PUP-000082)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel, e dous deputados/as máis**

Sobre a posición do Goberno galego respecto do requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia en relación co Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

7.3 7087 (10/POP-000917)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Castiñeira Broz, Jaime, e seis deputados/as máis**

Sobre os novos programas postos en marcha ou previstos polo Goberno galego en materia de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97, do 06.04.2017

7.4 7931 (10/POP-001027)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores, e dous deputados/as máis**

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as súas centrais hidroeléctricas nos ríos Xallas e Grande

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106, do 27.04.2017

7.5 3293 (10/POP-000391)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis**

Sobre o asentamento de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

7.6 9170 (10/PUP-000084)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do prazo e da información facilitada aos centros para a realización e preparación no curso escolar 2016-2017 das probas das reválidas en educación primara previstas na LOMCE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

7.7 7591 (10/POP-000982)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e Vázquez Verao, Paula**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o desdoblamento e traslado da Atención Primaria do Centro de Saúde da Milagrosa ás instalacións do antigo Hospital Xeral, no barrio da Residencia de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

7.8 9130 (10/PUP-000081)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlles resposta ás demandas dos doentes que padecen atrofia muscular espiñal, en especial, no referido á administración do novo fármaco denominado Nusinersen/Spinraza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

7.9 4677 (10/POP-000583)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula, e dous deputados/as máis

Sobre as razóns da demora do pagamento dos seus servizos ao persoal que desenvolveu o labor docente establecido no Plan de formación continuada no agro galego 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

7.10 9140 (10/PUP-000083)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José, e seis deputados/as máis

Sobre a avaliación da Consellería do Medio Rural respecto dos efectos das xeadas da última semana de abril de 2017 no sector vitivinícola galego, así como as medidas que se están a adoptar para paliar os danos causados aos viticultores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a venda por Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as consecuencias para Galicia das decisións do Goberno central en materia de infraestruturas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 22.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 23.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre os intereses defendidos polo Goberno galego nas decisións referidas aos temas transcendentales para Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 25.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 26.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 28.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 29.)

O señor presidente comunica o debate acumulado das proposicións non de lei que figuran en quinto e sexto lugar na orde do día. (Páx. 30.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto e as perdas económicas ocasionadas polas xeadas acaecidas a finais do mes de abril de 2017 ao sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe nas provincias de Lugo e Ourense. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola xeadada no viñado, na noite do 26 ao 27 de abril de 2017, nas provincias de Lugo e Ourense, principalmente nas zonas das denominacións de orixe do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 31.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: Sr. Quiroga Díaz (S) (Páx. 32.) e Sr. Rivas Cruz (BNG). (Páx. 35.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 37.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. González Vázquez (P). (Páx. 40.)

Os señores Quiroga Díaz (S) e Rivas Cruz (BNG) interveñen para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación política e social que se está a vivir en Venezuela, e nomeadamente a das persoas galegas emigrantes nese país. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 46.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Díaz Villoslada (S). (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 50.), Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 52.) e Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 53.)

No transcurso da intervención da Sra. Arias Rodríguez (P), o señor presidente rógalle ao señor Sánchez García (EM) que abandone a sesión plenaria, logo de chamalo á orde tres veces, por interromper o discurso desta. (Páx. 54.)

O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 56.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento previsto no Programa de Estabilidade de España 2017-2020 para o rescate de diversas autoestradas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 58.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 63.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 64.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 66.)

O señor Puy Fraga (P) intervén en virtude do que establece o artigo 76.1 do Regulamento da Cámara. (Páx. 67.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) intervén en relación coa cuestión suscitada polo señor Puy Fraga (P) (Páx. 68.).

Votación das mocións

A señora Vázquez Verao (EM) le o texto transaccionado sobre a moción presentada polo G. P. de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira. (Páx. 69.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e D. Luís Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación cos datos referidos á pobreza infantil: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e catro deputados/as, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da mellora e clarificación da regulación da publicidade sanitaria, no relativo a centros, establecementos, bens e servizos, para evitar anuncios enganosos: *aprobada por 40 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións.* (Páx. 70.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e oito deputados/as máis, sobre o mantemento e promoción pola Xunta de Galicia das axudas na Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago, como mínimo, ata o ano 2020: *aprobada por 40 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións.* (Páx. 70.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prácticas comerciais que están a levar a cabo as compañías distribuidoras de electricidade para contratar ou trasladar os seus clientes ao mercado libre de enerxía eléctrica: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

O señor Villares Naveira (EM) intervén para rexeitar a petición da votación por puntos da proposición non de lei presentada polo señor Sánchez García. (EM). (Páx. 71.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre o traslado pola Xunta de Galicia ao Congreso dos Deputados da solicitude de constitución dunha comisión parlamentaria de investigación sobre as causas do accidente

ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o 24 de xullo de 2013, así como sobre as condicións da seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto e as perdas económicas ocasionadas polas xeadas acaecidas a finais do mes de abril de 2017 ao sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe nas provincias de Lugo e Ourense: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

O señor Rivas Cruz (BNG) dá lectura ao texto transaccionado sobre a proposición non de lei presentada por el. (Páx. 72.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola xeadada no viñedo na noite do 26 ao 27 de abril de 2017 nas provincias de Lugo e Ourense, principalmente nas zonas de denominacións de orixe do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 73.)

O señor presidente anuncia que na seguinte proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, a señora Prado Cores (BNG) solicita a votación por puntos. (Páx. 73.)

O señor Díaz Villoslada (S) acepta a dita petición. (Páx. 73.)

O señor presidente le o texto resultante da transacción. (Páx. 74.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación política e social que se está a vivir en Venezuela, e nomeadamente a das persoas galegas emigrantes nese país: *aprobado por 53 votos a favor, 18 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación dos puntos 2, 3 e 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación política e social que se está a vivir en Venezuela, e nomeadamente a das persoas galegas emigrantes nese país: *aprobados por 60 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións.* (Páx. 75.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento previsto no Programa de estabilidade de Es-

pañña 2017–2020 para o rescate de diversas autoestradas: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Interpelación de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as instrucións ditadas para a realización, no curso 2016–2017, das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 76.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 78.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 83.)

Interpelación de D. Antón Sánchez García e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a elaboración do novo Mapa de transportes de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM).* (Páx. 84.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM).* (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 91.)

Suspéndese a sesión ás dúas e doce minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos.

O señor presidente recórdalles a todos os deputados e deputadas que non está permitido gravar no hemiciclo, segundo o establecido no artigo 63.3 do Regulamento da Cámara. (Páx. 93.)

Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os novos programas postos en marcha ou previstos polo Goberno galego en materia de vivenda. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castiñeira Broz (P).* (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 94.)

Réplica do autor: *Sr. Castiñeira Broz (P).* (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 96.)

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a estratexia da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as súas centrais hidroeléctricas nos ríos Xallas e Grande. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Toja Suárez (S).* (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Sra. Toja Suárez (S).* (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 100.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o asentamento de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 102.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 104.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do prazo e da información facilitada aos centros para a realización e preparación no curso escolar 2016-2017 das probas das re-válidas en educación primaria previstas na LOMCE. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 105.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 107.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 109.)

A señora Chao Pérez (EM) intervén en virtude do artigo 76.1 do Regulamento da Cámara. (Páx. 110.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o desdoblamento e traslado da Atención Primaria do Centro de Saúde da Milagrosa ás instalacións do antigo Hospital Xeral, no barrio da Residencia, de Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 111.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 112.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 114.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlles resposta ás demandas dos doentes que padecen atrofia muscular espiñal, en especial no referido á administración do novo fármaco denominado Nusinersen/Spinraza. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 117.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 119.)

Pregunta de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as razóns da demora do pagamento dos seus servizos ao persoal que desenvolveu o labor docente establecido no Plan de formación continuada no agro galego 2016. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 121.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 123.)

Pregunta de D. José González Vázquez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación da Consellería do Medio Rural respecto dos efectos das xeadas da última semana de abril de 2017 no sector vitivinícola galego, así como as medidas que se están a adoptar para paliar os danos causados aos viticultores

Intervención do autor: *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 125.)

Réplica do autor: *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 127.)

O señor Rivas Cruz (BNG) intervén en virtude do artigo 76.1 do Regulamento da Cámara. (Páx. 128.)

Remata a sesión ás cinco e cincuenta e sete minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días, imos dar comezo á sesión.

Reiniciamos a sesión co punto 6 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a venda por Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Señor Feijóo, esta é, se non me equivoco, a terceira vez que lle pregunto sobre Ferroatlántica, ou, se prefire, por ser moito máis precisa, polo espolio, polo pelotazo, de 255 millóns de euros que pretende dar o imputado Villar Mir a costa de vender as centrais do río Xallas.

E hoxe, para variar, gustárame que vostede fora claro e que deixara de esconderse en falsos argumentos que xa ninguén lle compra, señor Feijóo. Eu reclámolle clareza, e non por min, non polo BNG, senón polas máis de 300 familias que están na corda frouxa porque vostedes están xogando co seu pan e co pan dos seus fillos e das súas fillas. Eu reclámolle claridade por respecto a toda a Costa da Morte, que saíu ás rúas a dicirlles a vostede e ao señor Villar Mir que as centrais do Xallas nin se segregan nin se venden. E reclámolle claridade tamén pola dignidade deste país, porque Galiza non está para que un empresario madrileño, investigado pola corrupción do seu partido, acabe facendo caixa cos nosos recursos naturais.

Este é o terceiro intento de Villar Mir de cometer este auténtico pelotazo. No pasado non llo permitiron nin a xustiza nin as mobilizacións sociais nin tampouco o goberno de Fraga. E non llo permitiron, señor Feijóo, porque sabían, igual que sabemos todos e todas, que a única garantía de que as plantas de Cee e de Dumbría continúen é que se manteñan vinculadas as centrais coa produción industrial. É o único salvavidas que teñen as plantas na Costa da Morte.

Eu agardo que non sexa vostede quen ceda á chantaxe deste empresario, que non traizoe os intereses de Galiza e os traballadores e traballadoras da Costa a Morte. Non hai ningunha lei que avale que haxa que permitirlle un pelotazo de 255 millóns de euros a un empresario investigado polo presunto financiamento ilegal do seu partido. Lémbrolle que xa aparece nos papeis de Bárcenas e que aparece agora tamén imputado na operación Lezo.

Señor Feijóo, Galiza non está para que lle paguemos os favores que o seu partido lle poida deber a Villar Mir. Non hai, polo tanto, ningunha base legal para permitirlle a este empresario que cometa esta chantaxe.

Mire, os investimentos que nos promete Villar Mir para disfrazar este auténtico pelotazo, este auténtico espolio, teñen a mesma credibilidade que se hoxe vostede nos anuncia que

vai encargarlle ao señor Bárcenas un plan de loita contra a corrupción. Cando Villar Mir fala de crear emprego, ten a credibilidade de quen comprou unha empresa que tiña 500 postos de traballo e que hoxe ten 300. Cando Villar Mir fala de investimentos, ten a credibilidade de quen xa nos prometera un forno hai dezanove anos e que aínda seguen esperando por el na Costa da Morte. As promesas de Villar Mir teñen a credibilidade, señor Feijóo, de quen leva vinte anos sen investir na modernización das plantas de Cee e Dumbría, a pesar de que ganou centos de millóns de euros explotando o río Xallas. Todo o mundo sabe que o que quere facer Villar Mir é coller a pasta e pirarse.

A pregunta é, señor Feijóo, ¿vai vostede ser cómplice deste espolio, desta auténtica estafa a Galiza? ¿Vai converterse Ferroatlántica no seu Canal de Isabel II, señor Feijóo?

Agardo que nolo aclare na resposta. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señoría, pensei que estabamos falando da Costa da Morte, e dá a sensación de que estamos falando da política madrileña. Pero esa é a súa decisión. É certo que leva vostede tres veces solicitando información ao respecto, e é certo tamén que por fin na Xunta de Galicia temos dende hai catro días hábiles o expediente de solicitude de segregación. Leva vostede durante meses intentando inxuriar o Goberno —si, señoría, inxuriar o Goberno—, leva vostede durante tres meses intentando confundir a opinión pública e erixíndose vostede na única benefactora e na única protectora dos empregos de Ferroatlántica.

Quero dicirlle, señoría, que vou ser o garante da lei e o garante dos empregos de Ferroatlántica. (*Aplausos.*) Eses son os dous compromisos que temos dende o Goberno.

Mire, señoría, ten vostede moi mal concepto dese empresario. Pois cada un terá o seu. O que me sorprende é que queira seguir vostede dependendo exclusivamente dese empresario. Por unha parte di que non se pode crer en ningún caso, pero, por outra parte, ese empresario ten que seguir explotando as centrais do Xallas porque a vostede lle parece ben e lle parece mal.

Mire, señoría, as leis non son nin boas nin malas, as leis cúmprense. Vou ser o garante da lei, vou ser o garante da transparencia. E, do mesmo xeito, o comité de empresa ten a garantía de que non faremos nada sen comunicar e sen razoar, sen concretar co comité de empresa o que faremos. E, do mesmo xeito, teñen a garantía todos os alcaldes da Costa da Morte, os dez alcaldes —cos que, por certo, dúas veces me reunín con eles, o pasado venres a última—, de que non faremos nada á marxe da lei e á marxe do emprego.

Señora Pontón, díggollo con total tranquilidade, mire: transparencia absoluta, cada vez que teñamos unha información, o comité de empresa coñeceráa. O próximo venres o comité de empresa terá acceso —é dicir, pasadomañá— ao expediente. Se vostede quere ter acceso ao

expediente, pídaos, por favor, de acordo co artigo 9. ¿Xa o pediron? Pois non teña vostede ningunha dúbida de que terá acceso a ese expediente. E, polo tanto, nada que ocultar, todo que garantir.

Mire, señoría, se o que pide a empresa non se axusta á lei, automaticamente se arquiva o expediente. Se o que pide a empresa é compatible coa lei, automaticamente lle pediremos á empresa tantas ou máis garantías das que hoxe teñen os traballadores. Esa é a nosa proposta, señoría.

Non imos deixarnos presionar por ninguén, nin pola empresa nin por vostede. Os letrados do departamento de Augas de Galicia e os letrados da Xunta de Galicia teñen ese expediente. Actuarán con rigor, co rigor co que vostede non actuou dende o principio. E vólvolle reiterar que son o garante da lei e o garante do emprego en Ferroatlántica.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, eu, desde logo, lamento moito que vostede, cando non ten argumentos, teña que vir sempre á descualificación persoal. É o seu estilo particular. (*Fortes murmurios.*) É o seu estilo particular, e eu non teño ningunha culpa da falta de consideración e de respecto que vostede ten polos que non pensan coma vostede, que tamén somos galegos e galegas.

Non sei por que vostede insulta os traballadores e traballadoras, que levan meses —e toda a comarca da Costa da Morte— denunciando que se quere cometer un auténtico espolio, unha auténtica estafa, por parte dun empresario, do señor Villar Mir.

En todo caso, mire, hai un ano, cando nós denunciabamos nesta Cámara o que hoxe xa sabemos que quere facer Villar Mir, a Xunta tiña un discurso. E dicía nesta Cámara o seu goberno, señor Feijóo: «A Xunta garante que as novas centrais no Xallas suporán máis de 700 empregos». Estas son tres centrais que vostede lle regalou a Villar Mir no ano 2012. ¿Onde están estes empregos, señor Feijóo? ¿Na Castellana? ¿En Madrid? ¿En OHL? Díganos, señor Feijóo, ¿onde están estes empregos? (*Aplausos.*)

Pero había, señor Feijóo, moita rotundidade, moita rotundidade, moita rotundidade a este respecto. E o seu goberno dicía algo moi claro: «Nunca houbo segregación de actividades e nunca a haberá». Nunca houbo segregación de actividades e nunca a haberá, isto é o que dicía vostede hai un ano. E agora, de repente, cambia o guión e o que nos di é que vai cumprir a lei. ¡Home, só faltaría, señor Feijóo! (*Risos.*) (*Murmurios.*) ¡Xa sei! ¡Só faltaría! Claro, vindo dalgún membro do Partido Popular, pode haber a quen lle sorprenda que vostede diga isto.

Si, claro, é que o rescate da banca tamén foi legal, e unha decisión técnica e xurídica. Pero ¿que lei dicía que había que deixar tiradas miles de persoas para rescatar os banqueiros? (*Murmurios.*) Claro, señor Feijóo, esa é a súa legalidade, iso é o que vostede vai defender.

Insisto, dígame: ¿en que lei, en que artigo, en que punto, se di que hai que permitirlle ao señor Villar Mir facer un pelotazo de 255 millóns de euros, que é un espolio?

Mire, se vostede cre que as centrais xa non son necesarias para as plantas de Cee e de Dumbría, ¿por que lle vai permitir ao señor Villar Mir facer negocio vendendo un ben público? Se non se necesitan, rescate as concesións para o público e invista eses recursos en desenvolver a Costa da Morte. Pero é que vostede sabe, igual que sei eu, igual que saben os traballadores, que o único salvavidas que teñen as plantas de Cee e Dumbría é manter a actividade unida e que non se permita esta segregación.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu, señor Feijóo, téndolle a man para que fagamos un acordo de país... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: ...en defensa do emprego na Costa da Morte, en defensa de manter a actividade industrial vinculada ás actividades de produción eléctrica. Esa é a única garantía de emprego.

Fagamos un grande acordo de país para que os nosos recursos naturais se utilicen para desenvolver Galiza e para reclamarlle ao señor Villar Mir que, en vez de utilizar as centrais para investir fóra do noso país, ese sexa o plan de desenvolvemento industrial da comarca da Costa da Morte.

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, grazas, rematou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, agardo que vostede nos acepte esta proposta, porque hai moito en xogo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón, rematou o seu tempo.

Turno de peche do señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, o desenvolvemento da Costa da Morte forma parte dos compromisos do Goberno. Eu mesmo fun criticado por esta Cámara, por algún grupo parlamentario, por facer a autovía da Costa da Morte, recordarao vostede. Dicían que era un investimento absolutamente desproporcionado. Si, señoría, si, está no *Diario de Sesións*. E como aquí hai veciños da Costa da Morte, é bo que o coñezan. Síntome moi orgulloso de ser criticado por parte deste Parlamento, en determinados grupos, por facer a autovía da Costa da Morte (*Aplausos.*) Polo tanto, señoría, non vou aceptar ningunha lección sobre a Costa da Morte.

Mire, señoría, ¿por que ten vostede problemas coa transparencia? ¿Por que ten vostede problemas con que nos reunamos co comité de empresa e cos alcaldes da Costa da Morte para

analizar unha proposta que hai enriba da mesa? ¿Por que? ¿É que acaso cre vostede que os traballadores non teñen opinión propia e vostede é a única representante dos mesmos? ¿É que cre que a xente da Costa da Morte vai pensar que a única que defende os postos de traballo da Costa da Morte é vostede e que nós estamos en contra?

Leva vostede tres meses dicindo isto e non llo podo aceptar, señoría. Non llo podo aceptar porque este goberno está comprometido cos empregos na Costa da Morte, e cos empregos de Ferroatlántica. E por iso os traballadores saben que o título actual —si, señoría, vouno ler— non garante un número de postos de traballo nesas fábricas. E ocultar esta información é ocultar aos traballadores o que teñen dereito a coñecer.

Polo tanto, señoría, este título —que non digo que non teña o seu valor— non di o número de traballadores que ten que haber nas fábricas. Polo tanto, señoría, neste momento temos que analizar, en primeiro lugar, se a proposta desta empresa é legal. ¿Sabe por que, señoría? Porque, se a proposta da empresa é legal e nós non lle damos autorización, a empresa pode acudir ao xulgado, gañar o preito e que quedemos sen centrais e sen compromisos. *(Murmurios.)*

Polo tanto, señoría, imos falar en serio. Non presione vostede a un goberno que vai cumprir a lei, non presione vostede uns veciños que saben perfectamente que non teño máis compromiso que defendelos.

Mire, señora Pontón, tanto os traballadores como as súas familias, como os veciños e como os alcaldes da Costa da Morte, saben que imos actuar de acordo con tres requisitos: coa lei, co interese público e co emprego, *(Aplausos.)* nada máis que coa lei, o interese público e o emprego. Non aceptaremos ningunha proposta da empresa que non cumpra a lei —primeiro requisito—. Segundo, non aceptaremos ningunha proposta da empresa que, aínda cumprindo a lei, non garanta dunha forma igual ou superior o que temos garantido coas centrais —igual ou superior—.

Por iso, señora Pontón, non se preocupe. ¿Por que se preocupa vostede e por que considera que este grupo maioritario non defende os traballadores? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, os traballadores da Costa da Morte, os traballadores de Ferroatlántica, os traballadores de Cee e os traballadores de Dumbría, teñen a miña palabra de que non teño máis compromiso que coas súas familias. *(Aplausos.)* Esa é a miña palabra, señora Pontón, non vou enganar a ninguén. *(Aplausos.)* Vou estudar o asunto e vou ditaminar conforme a lei. *(Aplausos.)*

Mire, señora Pontón, a demagogia é toda súa, o rigor correspóndenos a nós. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Si, señoría, non teña ningunha dúbida. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Vostedes xa fixeron planteamentos ruinosos para o país, como, por exemplo, saír da Unión Europea, saír do euro... *(Murmurios.)* Si, señoría, os traballadores teñen dereito a saber a súa política económica. *(Murmurios.)* A súa política económica é pechar Reganosa. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A súa política é ir en contra das centrais de ciclo combinado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A súa política económica é, cando lle interesa, defender os traballadores e, cando non lle interesa, pois atacar os traballadores. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Sabe unha cousa, señora Pontón? Os traballadores de Ferroatlántica teñen o compromiso do Goberno, somos os garantes da lei e os garantes do emprego. *(Murmurios.)* E os traballadores comprobarano...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e seguirano comprobando, igual que os alcaldes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as consecuencias para Galicia das decisións do Goberno central en materia de infraestruturas

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días.

Permítanme, antes de formular a pregunta, saudar o comité de empresa e os veciños da Costa da Morte que están escoitándonos.

Señor Núñez Feijóo, desde as eleccións o Goberno de Mariano Rajoy non deixa de darnos aos galegos e galegas labazada tras labazada, moitas veces na súa cara. Vetou o debate no Congreso da Proposición de lei sobre a AP-9 que aprobou unanimemente esta Cámara. Agora

que a volvemos mandar ao Congreso mellorada, o seu colega de partido, o señor De la Serna, declara que a titularidade ten que seguir onde está. E iso que xa non falamos da posibilidade de utilizar fondos da Administración xeral do Estado para reducir as peaxes ou rescatar a concesión. Eu pregúntome como cualificaría vostede esa actuación se estivese na oposición en vez de estar sentado onde está.

E en relación cos prazos e o trazado do AVE, leva cinco anos, aproximadamente, deixando de executar o Goberno de Mariano Rajoy un 40 % dos fondos, máis ou menos 2.200 millóns de euros, alimentando o retraso na chegada do AVE a Galicia, o equivalente a catro anos de esforzo para a chegada a Galicia. E en 2017, como consecuencia dese recorte, o que fan é recortar aínda máis os fondos, porque, segundo a argumentación que escoitamos na prensa, hai que axustar o que se consigna no orzamento ao que se executa. Ou sexa, como nos deixaron a deber, pois agora fannos unha rebaixa e ademais temos que agradecerlle a aquel que nos fai a rebaixa o seu realismo. ¿Non debería ser ao revés e incorporar o non gastado aos créditos previstos para este ano e o seguinte e poder adiantar desa maneira a chegada do AVE a Galicia? Señor Núñez Feijóo, ¿teremos que seguir dicindo que chove ou defenderemos en serio os intereses de Galicia?

Vostede comprometeu nesta Cámara que o AVE chegaría a finais de 2018. ¿Está disposto a asegurar en sede parlamentaria que poderemos chegar de Santiago a Madrid en 2 horas e 35 minutos, en 3 horas desde A Coruña, e así sucesivamente desde as outras vilas de Galicia, a finais de 2018? Porque a chegada do AVE significa xustamente iso. ¿Que data me pode dar para este tempo de desprazamento? ¿Ou prefire que lle diga eu cal é a primeira data realista na miña segunda intervención?

E non me diga que non hai fondos. Si os houbo para o cupo vasco: perdoámoslle 1.400 millóns e reducimos a súa aportación a futuro en 750 millóns cada ano. Prometeu o Goberno de Mariano Rajoy conectar o porto de Bilbao co corredor de mercancías europeo, facer as plataformas loxísticas —as tres que se precisan no País Vasco—. Foi prometerlle á insubmis Cataluña un gran avance en infraestruturas. Nada para Galicia, porque aquí non ten un lume que apagar ou un presidente de comunidade autónoma que lle plantexe con rotundidade os problemas.

Se tiveramos máis tempo, poderíamos falar tamén das autovías. Hai recortes, excusas e retrasos desde a chegada de Mariano Rajoy ao Goberno, con maioría absoluta do Partido Popular aquí e en España até hai un ano. E vostede mira para outro lado. Díciannos no catecismo que, cando nos daban unha labazada, había que poñer a outra meixela. E vostede chámalle a isto «crear unha comisión», señor Núñez Feijóo. ¿Que avaliación lle merecen as últimas posicións do Goberno de España en materia de infraestruturas?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Leiceaga, espero que os seus profundos coñecementos do catecismo non lle causen problemas no seu grupo parlamentario. (*Murmurios.*)

Señor Leiceaga, fáleme vostede da transferencia da autoestrada e do AVE. Pois, con moito gusto... Mire, señoría, tiñamos un acordo, e eu vou cumprir ese acordo. Tiñamos un acordo de solicitar ao Ministerio a transferencia da autoestrada. Tiñamos un acordo de constituír unha comisión para que Galicia, loxicamente, teña voz e voto nas ampliacións e reformas da autoestrada. E tiñamos un acordo —que vostedes non foron capaces de conseguir— de que Galicia deixara de pagar as peaxes de titularidade estatal nunha estrada de titularidade estatal. Polo tanto, non vou romper o acordo, señor Leiceaga. Non sei se vostede o vai romper ou non.

Pero cando me fala de coherencias ou incoherencias, ¡home!, algo temos avanzado realmente. Mire, señor Leiceaga, cando vostede era deputado no ano 2007 votou en contra da transferencia da autoestrada. Nós, que estabamos na oposición, solicitabamos a transferencia da autoestrada ao Goberno de España. Vostede e o BNG votaron en contra. ¿Cal é a coherencia exactamente do Grupo Parlamentario Socialista? (*Murmurios.*) En segundo lugar, cando vostedes estaban no Goberno asinaron un acordo coa señora Magdalena Álvarez fantástico para o Goberno. Consistía en que o Goberno de Galicia pagaba o 50 % da eliminación das peaxes na ponte de Rande e na Barcala durante corenta e dous anos.

Pregunta vostede qué opinaba eu cando estaba na oposición. Pois dicía que o negocio era ruinoso e que comprometía o gasto de dez lexislaturas. É exactamente o que digo agora, o negocio para Galicia é ruinoso e está comprometendo que Galicia pague o 50 % do levantamento da peaxe ata o ano 2043. Está aquí a prensa, señoría: «*Feijóo critica el negocio ruinoso de la Xunta para liberar Rande y A Barcala*». Está aquí. Vostede estaba de acordo non só en non transferir a autoestrada senón que ademais estaba de acordo con que unha autoestrada de titularidade estatal fora financiada con fondos dos veciños de Galicia.

Señor Leiceaga, se somos capaces de conseguir que aforre Galicia 180 millóns de euros ata o ano 2043 e que eses 180 millóns de euros os pague o Goberno de España dado que di que a autoestrada é de titularidade estatal, fixemos o mellor negocio na autoestrada durante esta lexislatura. (*Aplausos.*) ¡O mellor, señor Leiceaga! (*Aplausos.*)

Por certo, señoría, eu agradézolle que me fale do AVE, porque, efectivamente, iso de «*no es no*» tivo un impacto enorme no tema do AVE: un ano sen goberno, un ano sen modificacións, un ano sen contratacións, un ano sen poder facer nada no AVE. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor Leiceaga, acordámolo moi ben.

Di que Galicia ten pouco peso nas infraestruturas estatais. Pois vostede sabe igual ca min que Galicia leva o 11 % do total do presuposto de España. Cando vostedes estaban gobernando consideraban que o 8 % era o máximo que podíamos levar. Agora levamos o 11 %. Somos a segunda comunidade autónoma en maior investimento per cápita de España: temos un 67 % máis de investimento por galego que o resto dos españois. É dicir, a todas as comunidades autónomas gustaríalles ter o investimento por persoa que ten Galicia, e a vostede parécelle pouco.

Señor Leiceaga, cando estaba na oposición e cando estou no Goberno non teño máis compromisos que Galicia. Lamentablemente, cando o Partido Socialista está na oposición e cando está no Goberno non ten máis compromisos que o Partido Socialista Obreiro Español.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica do señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, como vostede ben sabe, o Goberno do señor Touriño fixo un plantexamento global en materia de transferencias que ía moito máis alá da súa petición. E a ampliación do autogoberno que prevía o Estatuto vostede vetouna, negándose a colaborar na reforma dese Estatuto que ampliaba o autogoberno. (*Aplausos.*) Non nos pode vir aquí dar leccións de autogoberno. (*Aplausos.*)

E en relación coa AP-9, señor Núñez Feijóo, pregúntome eu como serán as conversas desa comisión de seguimento: «*Oye, Alberto, me tenéis muy preocupado. A los vascos y a los catalanes ya les cedimos alguna autopista. Pero, ¡hombre!, ¿ahora también a Galicia? ¡No nos hagáis esto.*» «*Nada, tranquilo, Íñigo, ya estáis vosotros en Madrid para pararlo. Ya sabes, hay que darle algo de carnaza a la opinión. Tú ya me entiendes.*» (*Risos.*) Non consigo imaxinar outro tipo de diálogos nesa comisión en vista dos resultados. (*Murmurios.*)

E si, efectivamente, á Administración xeral do Estado sálle á conta a situación, colabora algo na redución das peaxes, pero ingresa 20 millóns o último ano en concepto de imposto de sociedades pagado pola concesionaria da AP-9, é dicir, pagado por todos os usuarios desa infraestrutura. Cando menos, temos aí unha cantidade para reclamar que, proxectada ata o final da concesión —que, por certo, fíxoa un goberno do Partido Popular cando xa estaba practicamente rematada a anterior—, significa centos de millóns de euros que imos pagar os galegos e que ingresan nas arcas da Administración xeral do Estado.

Pero, mire, no AVE podemos falar de prazos. A Confederación de Empresarios de Lugo reprocha a Fomento que deixase caducar a declaración ambiental e o AVE a Lugo se poida retrasar dous anos. escoite a Confederación de Empresarios de Pontevedra e o Círculo de Empresarios de Vigo. Está sendo un clamor o desinterese do Goberno de Mariano Rajoy polas infraestruturas en Galicia.

E, mire, onde hai papeis calan barbas. Voulle ensinar o anexo de investimentos reais dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2017. Proxecto 2075 —variante de Ourense—: ¿cando ten previsto o remate? En 2024. Proxecto 2007 —liña de alta velocidade a Galicia, Olmedo-Lubián-Ourense—: ¿cando ten previsto o remate? No 2024. Son os orzamentos xerais do Estado do ano 2017. Estes son os papeis, isto é o que nos di o Ministerio que vai pasar. O que nos di o Ministerio é que ata o ano 2024 non vai chegar o AVE ja Ourense! ja Ourense, non ao resto de Galicia!

Por tanto, señor Núñez Feijóo, se hai problemas de fondos, teño que dicirlle que, coas comisións pagadas en Génova e que nutriron a caixa «b» pola que ten que declarar o presi-

dente do Goberno, ¿cantos quilómetros de AVE poderíamos ter feito? *(Aplausos.)* ¿Cal podería ter sido a rebaixa nas peaxes da AP-9? *(Aplausos.)* Podíamos ter rescatada a AP-9. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor Núñez Feijóo, convoquemos os restantes grupos do Parlamento nunha comisión parlamentaria especial sobre infraestruturas que nun prazo de dous meses nos permita deseñar un calendario, *(Murmurios.)* unhas liñas de actuación, pór-nos de acordo sobre o conxunto de reclamacións ao Estado, e fagamos unha fronte común, xa que vostede en solitario á fronte do seu goberno...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...non é capaz de arrancarlle a Mariano Rajoy os compromisos necesarios.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Fagamos isto e sirvamos aos intereses de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Turno de peche.

Señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Ademais de coñecer vostede o catecismo, é vostede un gran monologuista. Agora é capaz de falar co señor ministro de Fomento dende o seu escano. Bueno, señor Leiceaga, cada vez sorpréndenos máis. E, ademais, véxoo contento. E, se vostede está contento, nós tamén. *(Risos.)*

Mire, señor Leiceaga, o *Diario de Sesións* é o único que este Parlamento entende. No *Diario de Sesións*, no ano 2007, vostede votou en contra de solicitar o traspaso da autoestrada, igual que o BNG. É bo, porque os veciños da Costa da Morte que están hoxe aquí igual non o sabían, porque isto non llelo explican, ¿saben? Isto non llelo explican. *(Murmurios.)* Do BNG, que é un partido nacionalista por excelencia, e de vostedes, que son un partido que o que quere é o ben de Galicia, cando estabamos nós na oposición e solicitabamos a transferencia da autoestrada, o voto era «non» *(O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, pedíanou doutra maneira, señor Leiceaga, non me faga rir, señor Leiceaga. *(Murmurios.)* *(Risos.)* *(Aplausos.)* ¡Non me faga rir! *(Aplausos.)* ¡Non me faga rir, señor Leiceaga! *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

Mire, señor Leiceaga, sabe que para facer o AVE temos que ter o presuposto do ano 2017 aprobado. ¿Vostedes van posibilitar que o presuposto para o AVE galego se aprobe en tempo e forma?

Din que nós temos que falar co PNV. Mire, señor Leiceaga, agora que vostede ten un maior protagonismo en Madrid, ¿por que non falamos cos seis deputados do PSdeG-PSOE? Eu comprométome. ¿Vostede comprométese a pactar os presupostos cos seis deputados que ten o PSdeG-PSOE en Madrid? Eu comprométome, señoría, a intentar cambiar o PNV polo Partido Socialista de Galicia. ¿Que lle parece, señor Leiceaga? (*Murmurios.*) E así solucionamos todos os problemas que vostede agora me traslada. Vexo que hai algúns deputados que lle din que si. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Moi ben, señorías, estamos esperando esa proposta.

Señor Leiceaga, comprendo que vostede teña dúbidas sobre os prazos do AVE, compréndoo. Mire, eu tamén as tiña. Cando estaba na oposición, o Partido Socialista díxonos que o AVE chegaba no ano 2010. Despois vostede, como portavoz do seu grupo, insistentemente dicía que o AVE chegaría no ano 2012. Despois chegou o ministro, un pouco máis sensato, e díxonos que o AVE chegaría no 2015. Pois nin no 2010 nin no 2012 nin no 2015. Eu asumo o retraso do Goberno de tres trimestres: a finais do ano 2019. E se non é así, señoría, non se preocupe que serei o primeiro en aceptar que non se cumpriu o prazo con Galicia.

Pero, señor Leiceaga, por dar prazos, vostedes teñen o alcalde máis poderoso do país, que dicía —vou ler—: «*Abel Caballero anuncia la alta velocidad en Galicia para 1993*» (*Risos.*) Como vostede pode imaxinar, ninguén cre o Partido Socialista cando fala de prazos. A min intéresame que Galicia me crea cando falo de prazos. E, por iso, señoría, como eu non dependo máis que do voto dos galegos, non teña ningunha dúbida de que, do mesmo xeito que todos os gobernos de España nos dixeron que non ao traspaso da autoestrada, nós pedímosllelo a todos. Aos do Partido Socialista, que vostedes non se atrevían, pedímosllelo; e ao PP tamén. E se non a traspasan estarán incumprindo unha promesa electoral que fixo o Partido Popular de Galicia en Galicia.

Eu teño dúas posibilidades: ou cumprir o programa electoral co que me presenteí ás eleccións ou seguir os ditados do meu partido en Madrid. Non teño ningunha dúbida: vou cumprir o meu programa electoral. Non sei por que vostede me critica por cumprir o programa electoral. (*Aplausos.*)

Mire, señor Leiceaga, voulle facer unha confidencia, dado que vostede me fixo dúas —gran coñecedor do catecismo—. Mire, señor Leiceaga, agora que recuperaron a Pedro Sánchez, ¿hai algunha posibilidade de que recuperen a Magdalena Álvarez como ministra de Fomento?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por favor, señor Leiceaga, interveña vostede para que sexa [...].

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pregunta de don Luis Villares Naveira, portavoz do Grupo Parlamentario de En Marea.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre os intereses defendidos polo Goberno galego nas decisións referidas aos temas transcendentales para Galicia

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días.

Saúdo en primeiro lugar ás traballadoras e aos traballadores de Ferroatlántica que nos acompañan hoxe, por un tema que lles preocupa como nos preocupa ao resto da poboación, agás ao Partido Popular.

Os temas que queríamos traer hoxe eran dous, que en parte xa foron expostos por outros grupos da oposición, porque son temas que preocupan ao conxunto do noso país. En primeiro lugar, en relación cunha posición política que era unánime deste Parlamento, que era unánime deste país e que, ademais, como vostede dixo, era un compromiso electoral xa no ano 2009 do Partido Popular, o traspaso da AP-9 a Galicia. O Grupo Parlamentario de En Marea quería, ademais do traspaso a Galicia, que fose tamén o rescate para o público da AP-9, entendendo que a mensaxe central é a posta dos recursos públicos ao servizo da cidadanía, do conxunto da cidadanía, non soamente a transferencia.

Pero vostedes ¿que fixeron? Como son un partido único, un partido que, como di vostede moitas veces, din o mesmo en todo o Estado e fan o mesmo en todo o Estado, a pesar de que aquí aproban unha cousa, vén enseguida o ministro a emendarlles a plana, a dicirlles que non vai haber traspaso de ningún tipo, porque quen manda é Madrid. Non sabemos se quen manda é López Madrid máis ben, ¿non?, visto tamén o acontecemento sucesivo de feitos en relación co tema de Ferroatlántica.

Pero, en todo caso, o que se ve é que vostede se comporta non como o presidente dun país que ten o mandato, ademais, do Parlamento de Galicia, senón como un delegado do Goberno, ou máis ben como un delegado do partido. Porque o único que fai é replicar as consignas que lle manda, neste caso, o ministro de Fomento. Queríamos saber finalmente cal vai ser a súa posición, se vai ser pregarse ao que lle digan desde Madrid ou defender realmente os intereses do noso país expresados por esta Cámara, que non son unha simple comisión de seguimento senón outra cousa diferente: acadar o traspaso das competencias e, no que a nós respecta, tamén a transferencia para o público.

Pero outro tema que nos ocupa —e que nos ocupa moito— é o tema de Ferroatlántica. E aí si que non sabemos se quen lle dita é Madrid, é López Madrid ou é Villar Mir, se son os que lles enchen os cartos do financiamento ilegal do seu partido, algo que vostede non pode ignorar porque é dirixente estatal do Partido Popular e o financiamento ilegal do Partido Popular non se producía no Partido Popular de Madrid, senón en todo o Partido Popular. E como vostedes din que son un partido que din e fan o mesmo en todo o Estado, damos por feito que tamén farán o mesmo en relación co financiamento ilegal e que, polo tanto, os favores que se piden dun lado se producirán do outro.

Porque supoñemos que a vostede non lle chamará a atención. Ao resto da poboación si nos chama a atención que alguén, unha empresa, que financia con practicamente un millón de euros o partido quererá algo a cambio; se non, non faría esa doazón gratuíta. Seguramente a vostedes non lles chama a atención.

Ferroatlántica para nós é unha prioridade, porque é unha prioridade a defensa do interese xeral e a defensa dos postos de traballo; un interese xeral que levou a vincular a produción hidroeléctrica coa ferroaleación, que non vén de 1993, vén dunha cuestión xa histórica: a vinculación entre o sacrificio que supuxo para a comarca a construción das propias centrais hidroeléctricas e a industria da ferroaleación, con máis de douscentos mortos por silicose na construción dos túneles que levaban tamén asociados a construción dos embalses hidroeléctricos, e que deu lugar a esa vinculación que pretendía ser perpetua e que foi reflectida en 1993. Había un interese xeral en mantelo, que era compensar a comarca, non soamente ambientalmente senón de xeito social, por todos aqueles acontecementos e que agora unha empresa quere esborrallar. E quéreo esborrallar por unha cuestión que nada ten que ver co interese xeral. Ten que ver co interese particular dos intereses dunha empresa e do seu partido, que a cambio diso recibe financiamento ilegal.

E a que non interesa nada —e vou acabando— o que teña que dicir o propio Goberno galego levan varios feitos que se sucederon ao cabo destes meses. En primeiro lugar, en relación co Nasdaq, onde xa se comunicou por parte da empresa cal era todo o plan da operación con independencia do que dixese o Goberno galego. E que á empresa non lle importa nada —e acabo— do que di...

O señor PRESIDENTE: Remate xa.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...o Goberno galego demostra que hoxe, hoxe, aparece publicado no *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* —hoxe, 24 de maio—, a inscrición da empresa segregada a ferroaleación en relación coa produción hidroeléctrica. Á empresa impórtalle un bledo a legalidade da que vostede fala. Non lle importa nada, e no turno de réplica explicarei por que non lle importa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Vexo, señoría, que vostede ao final —porque debía estar ao principio— fai de teloneiro dos grupos parlamentarios que teñen protagonismo nesta sesión de control. Primeiro, porque vostede non ten axenda; segundo, porque o que intenta é apropiarse da defensa dos traballadores da Costa da Morte; e porque tamén intenta apropiarse dunha iniciativa deste partido de solicitar a transferencia da autoestrada do Atlántico.

Mire, señoría, despois de oito anos e de tres maiorías absolutas, vostede comprenderá que eu non teño máis compromiso que Galicia. Vostede comprenderá que os galegos me deron

todo o que son en política. Polo tanto, non teño que render contas nin a Cerna nin a Izquierda Unida nin á Marea Atlántica nin a Compostela Aberta nin a Podem en Comú nin a Compromís de Valencia nin á señora Colau nin a todas esas cousas ás que vostede se está sometendo día a día e minuto a minuto. O meu compromiso é Galicia, señor de En Marea de Podemos. Non teño outro compromiso. E por iso, como nunca, nunca, saldarei a débeda de gratitude... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, ¿non é o portavoz das Mareas de Podemos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Espero que si, señorías, porque, de momento, era. E, polo tanto, gustárame seguir falando, se é posible, con el. (*Murmurios.*)

Pero, mire, señoría, sobre Ferroatlántica, ¿quen defende máis, Mareas ou o BNG? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É que non sei exactamente cal é a competencia. ¿Sabe quen defende a Ferroatlántica? O Goberno da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

O Goberno da Xunta de Galicia defende os traballadores de Cee, de Dumbría e de Sabón. E, por iso, cando vostede me fala de... Pero ¿vostede non se acorda de que había que respectar a lei?, ¿xa non se acorda de que había que respectar a lei? Pero ¿xa perdeu a memoria de que estamos nun Estado de dereito e que hai que respectar a lei, e que os letrados que van asinar ese informe son independentes e responsables de asinar ese informe en dereito?

Vostede ten a seguridade de que o comité de empresa vai ter a solicitude da empresa o próximo venres. E os alcaldes da Costa da Morte teñen o meu compromiso de non adoptar ningunha decisión sen volver falar cos alcaldes da Costa da Morte. ¿Por que lle molesta que falemos co comité de empresa e cos alcaldes da Costa da Morte? ¿É que acaso só podemos falar cuns deputados que representan a minoría do país? ¿É que acaso a maioría do país non está lexitimada para falar dos intereses xerais do país? (*Aplausos.*) Si, señoría, estamos lexitimados para falar dos intereses xerais do país.

Mire, señoría, en relación coa autoestrada do Altántico, se vostede estudara ese asunto, comprendería que o único goberno da Xunta de Galicia que solicitou formalmente a transferencia da autoestrada fomos nós —e aquí pasaron gobernos do PSOE e do BNG—, fomos nós. E o único goberno que dixo que non está disposto a pagar co diñeiro dos galegos a peaxe dunha autoestrada estatal somos nós. Se conseguimos aforrar 180 millóns de euros... Levamos pagados 60 millóns de euros de diñeiro dos galegos para facilitar o compromiso do Bipartito co goberno socialista de Madrid. Dixen non. Non imos pagar máis peaxes dunha autoestrada que o propio Goberno di que é estatal. Que pague as peaxes o Goberno, que di que é titular da mesma. (*Aplausos.*)

Polo tanto, imos seguir traballando. Dáme igual o que poña o *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil*. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Asegúrolle que o importante é o que asine a Xunta de Galicia, non o que diga nin esa empresa nin o que diga vostede. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica do señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moi elocuente que lle dea igual o que diga o *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil*. Tamén lle dá igual o que diga o *Boletín Oficial do Estado* e as sentenzas xudiciais. Xa o sabemos. E a legalidade xa sabemos que lle dá igual, pero grazas pola aclaración, grazas pola aclaración. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Porque, falando de legalidade, a representación dos traballadores e das traballadoras pediu da Administración o acceso ao expediente, que aínda non se lle concedeu a día de hoxe. Iso sábeo tamén o conselleiro de Industria. ¿Sábeo ou non o sabe? Sábeo. Sabe que o pediron, sabe que non llo deu. Sabe que vostede lles dixo que llelo ía dar, pero non llelo deu. Co cal non poden acceder e non poden neutralizar esa información que despois, falsariamente, a propia empresa emite mediante nota de prensa de xeito interesado, de xeito parcial. Entón, se vostede non quere falar cos deputados da oposición, fale cos traballadores. E xa que lle piden o acceso ao expediente, déalles o acceso ao expediente. Porque, como di a lei tamén, terán acceso ao expediente as persoas interesadas. ¿Considera vostede que non son persoas interesadas os traballadores e as traballadoras de Ferroatlántica? ¿Considera que non teñen interese suficiente en saber que futuro lles espera por medio dunha empresa que non respecta nada? Non respecta a legalidade, non, porque a inscrición dá por feito que a propia empresa vai obter de vostedes o que busca. ¡Pero claro que o van obter! Vano obter porque xa o compraron hai moito tempo. Comprárono mediante 700.000 euros de financiamento ilegal do seu partido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro!, pero dío o xuíz de instrución...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: ...da Audiencia Nacional. Non o di o Grupo da Marea. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor VILLARES NAVEIRA: Non o di o Grupo da Marea, nin con Podemos nin sen Podemos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro que di vostede que vostede non rende contas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Silencio, por favor. ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: Di que vostede non rende contas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! Responderá o presidente. Responderá o presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: Fala vostede da rendición de contas e das axendas. As axendas que coñecemos son as axendas de Bárcenas, cuxos papeis deron lugar a todo o escándalo

monumental que coñecemos ao cabo dos últimos anos. Si, señor Rueda, si, ao cabo destes últimos anos.

Falan tamén de rendición de contas. ¿Vostede non rende contas? Vostede rende contas a quen financia o seu partido, pero é normal.

¿Cal é o interese xeral? Di a lei tamén, efectivamente, que para poder modificar a concesión é necesaria a modificación do concepto de interese xeral. ¿Cal é o interese xeral do noso país?, ¿o mantemento dos postos de traballo ou devolver vostede os seus favores concedidos ilegalmente? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Villares, creo que está clarísima cal é a súa catadura moral e a súa formación xurídica. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Pero, en fin, eu creo que a xustiza gañou moitísimo e no Parlamento estamos perdendo bastante. *(Aplausos.)*

Mire, dinme compañeiros que hai un gran cartel desa empresa á que vostede se refire que fai obras na Deputación da Coruña —vostede, que era veciño da Coruña, seguro que o pode ver—. Eu non teño ningunha dúbida sobre o Goberno da Deputación da Coruña, vostede parece que si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Mire, comprendo a escaseza dos seus argumentos. Pero certamente eu non me teño que preocupar polo que vostede me di. Eu teríame que preocupar se me din a min o que din de vostede. Se me din a min o que din de vostede os galegos, debería preocuparme. E se me din a min o que din os seus compañeiros de partido de vostede, debería preocuparme. *(Murmurios.)* E por iso, señoría, insisto en que, despois de oito anos e tres maiorías, comprenderá que a única ocupación que teña sexan os galegos, exclusivamente, incluído vostede. Preocúpame que vostede poida chegar a ser deputado no Parlamento e, sobre todo, preocúpame moitísimo o que estaba facendo antes de entrar neste Parlamento. *(Aplausos.)*

Vou seguir representando os intereses dos galegos, os intereses da xente que traballa en Dumbría, en Cee, da xente que traballa en Sabón, de Comisións Obreiras, da UXT e da CIG. Non só dunha parte, señoría, de todos. Porque todos son galegos, e eles teñen a súa opinión. Vostede cre que un sindicalista de UXT e de Comisións Obreiras, por querer falar disto, é un apátrida, ¿a que si? ¿Vostede cre que Comisións Obreiras e UXT non merecen en ningún caso o respecto deste Parlamento? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A min si, señoría. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Sen ningunha dúbida, señor de Mareas de Podemos.

Pero se vostede cre que eu me vou esquecer, dado que vostede falou timidamente, do AVE —e despois empezou a insultarnos, claro, ¿por que?—, non, non me vou esquecer, señoría. Eu creo que Galicia ten que saber que vostedes votaron en contra do AVE a Galicia no Senado.

(*Murmurios.*) Si, señoría. Votaron en contra dunha moción dun senador socialista, do Partido Socialista de Galicia, apoiada polo grupo que ten maioría absoluta no Senado, o Grupo Parlamentario Popular, e votaron en contra de que o AVE chegue a Galicia no ano 2019. ¿Que intereses defendía a senadora galega das Mareas de Podemos nesa votación? ¿Verdade que o comité de empresa agora vai con máis información? (*Murmurios.*) Agora sabe que as Mareas vota en contra de que o AVE chegue a Galicia no ano 2019, que o BNG votou en contra da transferencia da Autoestrada do Atlántico e que o Partido Socialista Obreiro Español nos prometeu que o AVE chegaría a Galicia en 1993. ¿Verdade, señoría, que este galego que fala ten o compromiso de non mentirlle a ninguén, e moito menos aos traballadores que están preocupados? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non vou aceptar leccións de traballadores de vostedes. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Vou aceptar a lección de estar cos traballadores, dos alcaldes e do comité de empresa; de vostedes, non.

Máis nada e moitas grazas. (*Prolongados aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

Debatemos agora de xeito acumulado... (*Murmurios.*)

¡Silencio, por favor!

Debatemos agora de xeito acumulado dúas proposicións non de lei, en concreto as que figuran en quinto e sexto lugar, que son do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto e as perdas económicas ocasionadas polas xeadas acaecidas a finais do mes de abril de 2017 ao sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe nas provincias de Lugo e Ourense

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola xeadada no viñedo, na noite do 26 ao 27 de abril de 2017, nas provincias de Lugo e Ourense, principalmente nas zonas das denominacións de orixe do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

O señor PRESIDENTE: A estas proposicións presentáronse emendas do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do deputado David Rodríguez Estévez e a través do seu voceiro Luis Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia núm. 8481 (10/PNP-000796).

Emenda núm. 1, de substitución:

Débase substituír o punto 2. da parte resolutive polo seguinte texto:

<<2º) Abrir unha orde de axudas, dotada do orzamento suficiente, dirixida ás produtoras e produtores das zonas afectadas, indistintamente de que estean ou non amparadas polas D.O. correspondentes, para paliar os danos e realizar os pertinentes traballos de recuperación da colleita naqueles casos nos que aínda sexa posible>>.

Emenda núm. 2, de adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

<<3º) Declarar Zona de Emerxencia o territorio afectado gravemente polas xeadas.>>

Emenda núm. 3, de adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

<<4º) Reunir con urxencia o Consello Agrario Galego para estudar a posta en marcha de axudas e medidas de compensación para as zonas afectadas.>>)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 8481).

Emenda de adición.

No punto 1º) da parte resolutive da iniciativa débese engadir in fine o seguinte texto:

<<..., e nos soutos e castiñeiros do interior de Galicia, así como no cultivo do cereal>>.

Emenda de modificación.

No punto 2º) da parte resolutive da iniciativa onde di: <<... fundamentalmente ...>>, debe dicir: <<... cando menos ...>>.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto 3º) na parte resolutiva da iniciativa que terá o seguinte contido:

«3º) Facer as xestión oportunas coas compañías de seguros agrarios para a súa adaptación ás particularidades da propiedade e da produción agrícola galega».)

(O G. P. de En Marea, a iniciativa do deputado David Rodríguez Estévez e a través do seu voceiro Luis Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego núm. 8545 (10/PNP-000800).

Emenda núm. 1, de adición.

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

«d) Declarar Zona de Emerxencia o territorio afectado gravemente polas xeadas».

Emenda núm. 2, de adición.

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

«e) Reunir con urxencia o Consello Agrario Galego para estudar a posta en marcha de axudas e medidas de compensación para as zonas afectadas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular as proposicións non de lei ten, en primeiro lugar, a palabra o señor Quiroga, polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor QUIROGA DÍAZ: Bos días, presidente.

Señorías, invitados, as xeadas acaecidas nos derradeiros días do pasado mes de abril provocaron uns graves danos no sector vitivinícola, fundamentalmente no Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei e Valdeorras. Despois dun mes, seguimos sen ter datos oficiais sobre o alcance real desta nova desgraza para o mundo rural, que tamén se cebou nos castiñeiros, cereais e outro tipo de cultivos do interior do país. Temos que, a día de hoxe, valernos das estimacións dos consellos reguladores, organizacións sectoriais, visitas a pé feitas, entrevistas cos afectados, etc., para valorar o impacto, que, en todo caso, oscila entre o 30 % para os menos impactados, as zonas menos impactadas, e un 75 % para aquelas zonas que recibiron un maior impacto desta inclemencia meteorolóxica.

Fálase de perdas por ducias de millóns de euros provocadas polas xeadas nun sector cunha produción e cultivo que en 2016 superou os 41 millóns de litros por un valor de 224 millóns de euros, o que pon sobre a mesa a relevancia e a importancia deste sector e das posibles perdas por mantemento do mercado. Pero non queda aí, porque estamos tamén a falar de perda de cepas —nomeadamente as máis novas—, estamos a falar de perda integral ou parcial da colleita, estamos a falar de redución da produción, e estes son algúns dos efectos desta nova catástrofe sobre o campo galego.

En todo caso, e á espera da avaliación oficial, o sector vitivinícola está sufrindo este impacto logo dun grande esforzo por modernizarse, por facerse competitivo ata converterse nun im-

portante alicerce socioeconómico da estrutura deste país. E non só iso, senón tamén de bandeira e de mascarón de proa nos mercados exteriores.

Independentemente dos matices sobre o impacto real, todos os grupos debemos apoiar este sector no momento difícil que está a vivir. Pero este apoio que debemos dar todos tense que ver, tense que notar e tense que plasmar en medidas, en papeis, en leis, en definitiva. Non valen anuncios, non valen titulares de prensa. Hai que pasalo á lei, hai que facer, polo tanto, dalgunha maneira viable este sector a través da lexislación.

Esta situación require da actuación urxente para paliar estes danos, e desde o noso punto de vista estase tardando demasiado. É certo que algunha medida se está anunciando desde a Consellería —créditos brandos, refinanciamento dos créditos...—. É certo, aí está.

Anúnciase tamén unha medida ordinaria, que é a reestruturación de viñedos, para encartala dentro desta situación extraordinaria. Imos ver, cando saia esta medida, se realmente recolle as necesidades do sector a raíz deste impacto tan forte que foi a xeadada.

Fálase tamén —e fálanse ríos de tinta— das subvencións para os seguros. Pero os seguros viñemos todos a descubrir que son unha entelequia falando do sector vitivinícola. Os seguros non se cinguen, non recollen, non se adaptan nin á propiedade, á estrutura da propiedade, nin á realidade produtiva deste país. De aí que logo todos vexamos que realmente neste mecanismo, que podería amparar dunha desgraza como a que acaban de sufrir os viticultores, soamente se fala dun 20 % como máximo, quedando o outro 80 % fóra das medidas que poden amparar os seguros agrarios.

Tamén vimos como recentemente se reuniu o Consello Agrario, outro paso importante. E todo isto está ben, todo isto é importante, pero son claramente insuficientes, moi insuficientes. Son insuficientes e cun enfoque parcial porque deixan de lado a meirande parte dos viticultores. Pero aínda para aqueles segmentos da viticultura para as que están pensadas, que serían as grandes propiedades, ou as grandes ou medianas adegas, que son as que poden recoller dalgunha maneira estas medidas, para estes tamén son insuficientes. Porque quero recordar que hai dúas semanas se acordou aquí unha proposición non de lei do Partido Popular falando de flexibilidade fiscal e tributaria. E eu quería preguntar onde está aquí esa flexibilidade fiscal e tributaria, (*Aplausos.*) porque estas adegas, este sector, está tamén clamando por rebaixas, aprazamentos ou supresión, ben en cotas da Seguridade Social ben no dos autónomos. E habería que falar ao mellor doutra, en colaboración coas administracións locais, estatal, autonómica, etc., como pode ser o IBI para estas adegas.

Polo tanto, o catálogo de medidas que se están anunciando é, desde o noso punto de vista, aínda moi escaso. E estas medidas, en todo caso, non van chegar á inmensa maioría dos afectados, non lles valen de nada a ese 80 % de viticultores. Dos 10.000 afectados das catro denominacións de orixe, un 80 %, aproximadamente, son medianos, pequenos ou de autoconsumo. Polo tanto, quedan fóra deste catálogo que tanto se cacarexa nos medios de comunicación. E eses viticultores, ese 80 %, ninguén desta Cámara pode acreditar que vaian pedir nin un crédito nin vaian sacar un seguro. Aqueles que producen 500, 1.000, 2.000 quilos non van ir a estas vías; polo tanto, todas esas medidas non deixan de ser máis ca un placebo

mediático para calmar o sector pero que en realidade non atende ás necesidades da viticultura e dos viticultores tan fortemente golpeados.

Por iso, por estas razóns e outras moitas, pedimos axudas económicas directas como a única maneira real de chegar, se se quere axudar, á meirande parte dos viticultores. E sexan conscientes, ademais, de que hai uns meses deron axudas directas para o mesmo, exactamente para o mesmo. Aquí chámase «xeada» e hai uns meses chamábase «pedrazo». Entón aquí non van ter argumento, non teñen argumento, para negar estas axudas directas, non poden, a menos que se desacrediten a vostedes mesmos.

E non só iso. Acaba de falar o presidente hai pouco de que se vangloria, engaiólase, de ser o presidente de todos os galegos. E o que está facendo, se non dá paso a esas axudas directas, é facer un distingo de galegos de primeira e galegos de segunda. Porque a ver por que os galegos de Sober cobraron axudas directas e o resto dos galegos de Valdeorras, de Monterrei, da Ribeira Sacra e do Ribeiro non teñen dereito a esas axudas directas. (*Aplausos.*) Que saian aquí e que expliquen esa división entre cidadáns ou galegos de primeira e galegos de segunda división.

Polo tanto, volvemos recalcar o de axudas directas. E fíxense vostedes que non estamos falando de cantidades. As cantidades, en tal caso, teranas que tratar co sector na mesa correspondente. Pero non poden negarse porque non teñen argumentos, e van ter que ceder.

Por estas e outras moitas razóns, o Grupo Socialista presenta as seguintes proposicións:

Unha é realizar un estudo que permita unha avaliación urxente —volvo reiterar que pasou case un mes e a valoración está sen facer, aínda que entendemos que non é unha cousa para *correr a lo loco*—, unha avaliación urxente e inmediata do impacto das inclemencias meteorolóxicas acaecidas nos últimos días —aquí referíase a cando se presentou a proposición non de lei— e das perdas económicas ocasionadas de maneira específica aos membros do sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe —que coa autoemenda que se introduce abarca tamén os soutos e castiñeiros do interior de Galicia, así como o cultivo de cereal, que son outros dos cultivos fortemente golpeados—.

En segundo lugar, abrir unha orde de axudas dotada de orzamento suficiente —e aquí é onde ten cabida esa axuda directa que nós estamos reclamando, que nós pedimos—, dirixida cando menos aos membros do sector vitivinícola das diferentes denominacións de orixe para paliar os danos e realizar os pertinentes traballos de recuperación da colleita naqueles casos nos que aínda sexa posible, que non se debe dar por perdida e hai que intentar recuperala, aínda que todos sabemos que, se se recupera a planta, a produción non se vai recuperar na mesma medida ou no mesmo grao que se non sufrise o impacto da xeada.

E logo, como punto terceiro —que é unha emenda de adición que incluimos—, dicimos que hai que facer as xestións oportunas coas compañías de seguros agrarios para a súa adaptación ás particularidades da propiedade e da produción galega, fundamentalmente porque todo o mundo sabe que este mecanismo, ao que se están acollendo con distintos obxectivos moitos representantes dos produtores, e nomeadamente o Goberno, non se adapta. Entón, hai que facer un esforzo para adaptar os seguros agrarios no caso da viti-

cultura á realidade do país, posto que, se non, estamos falando de cousas que nada teñen que ver con esa realidade.

Por todas estas cousas, presentamos esta proposición non de lei, que entendemos que debería acadar o respaldo de todos os grupos, como proba para o sector de que estamos con eles, de que os apoiamos, de que os entendemos, e que ese sector, do que tanto cacarexamos como mascarón de proa no comercio exterior, nas mellores tendas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor QUIROGA DÍAZ: ...de Estados Unidos, etc., pois teña un respaldo, porque o momento é moi crítico para eles e está o tema de manter o mercado e outros moitos problemas que circulan sobre este sector da viticultura.

Queremos dicir que imos aceptar...

O señor PRESIDENTE: Non, iso despois. Ten un turno para as emendas.

O señor QUIROGA DÍAZ: Despois falaremos con En Marea, á que lle agradecemos as súas implementacións da nosa proposición.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga. Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

O 15 de agosto de 2016 unha tronada con pedrazo causou estragos na Ribeira Sacra, afectando considerablemente os viñedos das zonas de Doade, en Sober, e de Marcelle, en Monforte. Con extrema celeridade, a Xunta aprobou axudas directas por valor de 500.000 euros, máis 100.000 adicionais, para compensar as perdas da produción dos viticultores afectados que non tiveran subscrita ningunha póliza de seguros, situación na que se atopaban a maior parte deles. E non só isto, tamén utilizaron a petición de declaración de «zona de emerxencia», que, como saben, é a antiga «zona catastrófica»; todo isto a bombo e platillo, cos medios de prensa e propaganda a tope.

Alberto Núñez Feijóo resalta naquel momento a necesidade de afrontar coa máxima celeridade os danos para que produtores e afectados poidan continuar coa actividade o antes posible.

Como xa saben vostedes e xa se falou aquí por parte do compañeiro do PSOE, os pasados 26 e 27 de abril unha inesperada e intensa xeada fixo acto de presenza en gran parte do territorio desta nosa matria. Causou cuantiosos danos en cultivos vitivinícolas, castaña, apicul-

tura, noces, patacas e cereais. As perdas, segundo parece, flutúan entre o 50 % e o 100 %. A señora conselleira, diante dos medios de comunicación, pronunciou hai escasos días as seguintes palabras: «Se me preguntades por axudas directas, creo que son moi clara —díxeno desde o primeiro día—: aquilo que é asegurable non é subvencionable».

Este deputado non chega a comprender como, diante da gravidade destas xeadas e dos danos ocasionados, a señora conselleira afirma indirectamente que é unha responsabilidade directa dos produtores por non teren subscrito un seguro. ¡Vaites!, ¡vaites! Estas declaracións son en si mesmas unha burla e unha mofa para os agricultores afectados e para todos nós, porque estamos a falar dun rural abandonado da man de Deus e dos homes.

Si, xa está aquí o catastrofismo do BNG —estarán pensando—. Pois non, trátase do realismo do BNG. A señora conselleira debería dimitir ou, no seu defecto, pedir publicamente perdón por estas declaracións. (*Aplausos.*) ¿Que sucede? Que desta vez non cadrou en eleccións e, daquela, aos problemas do rural xa non se lles presta atención.

Non podemos falar unicamente dos danos a viñedos. A colleita da castaña, xa afectada pola nespriña do castiñeiro, quedou reducida a cero en terras do Bolo e noutras zonas produtoras. Hai cantidade de castiñeiros novos queimados coma se dun soprete se tratase e nogueiras que perderon a colleita deste ano, rebrotan as adultas pero as novas están feridas de morte. A apicultura, que xa soportaba a presión da *velutina* e do exceso de fitosanitarios neurotóxicos que provocaban unha patente debilidade biolóxica, viu paralizada repentinamente a colleita de néctar, pois a principal fonte do mesmo, a queiroa, a *Erica umbellata*, quedou completamente queimada xunto coa candea do castiñeiro. Só lle queda para este ano a silva.

A pataca tamén quedou arrasada, e o cereal, aínda que non moito, e a conselleira a falar de seguros agrarios. En Monterrei, na denominación de orixe, hai 17 persoas con seguros agrarios. ¿De que agricultura e de que rural nos fala a señora conselleira? ¿Ten os pés na terra? Nós consideramos que non. Non estamos a falar dun rural boiante, non, estamos a falar dun rural que ten algún destes cultivos como complemento ás escasas e cativas rendas agrarias que resisten nas aldeas non sabemos aínda moi ben por que, pero que está aí mantendo vivo un territorio que se eucalptiza ou que se desertiza ou, no mellor dos casos, que é comprado a baixo prezo por novas fortunas que están repetindo acumulacións de terreo para explotacións intensivas. Falamos de pequenos ingresos familiares por mel, castaña, viño, noces..., incontrolados fiscalmente e que na legalidade legalista non existen pero que contan, que son reais; que un goberno de verdade terá que contemplar dalgunha maneira e darlle carta de existencia, porque forma parte desta economía irreal que se asemella máis á subsistencia calada e á resistencia que a outra cousa. Pero existe, está aí, e as xeadas non tiveron contemplación.

Ninguén desa consellería tivo a ben tomar en consideración o que produtores e organizacións agrarias levan dicindo desde hai anos e anos: que ou axeitan os seguros agrarios ás características da propiedade e da actividade agraria deste noso país ou non nos serven para nada por non responderen a esa nosa realidade produtiva agraria, por seren excesivamente caros e por contaren con coberturas irrisorias.

Por iso, para minimizar os efectos desas xeadas extemporáneas, vai ser preciso que a Concellería lexisle para o rural real e contemple os sectores do viño, da castaña, do mel, da patata, afectados parcial ou totalmente, porque temos aí produtores a pleno rendemento e con plena dedicación e actividade económica principal ou exclusiva. ¡Claro que si! ¿Empresas? ¡Claro que si! Pero hai outra xente que posúe e cultiva pequenas superficies coas que consegue ingresos complementarios ás súas economías familiares e que conforma e complementa o tecido económico agrario deste noso rural real. E esa xente existe tamén. E os dous sectores, os dous vectores de poboación, teñen dereito a seren compensados publicamente, porque ese sector de poboación afectado polas xeadas é o que mantén a presenza humana en moitas zonas do noso territorio e non entran nesas formalidades de axudas indirectas de seguros, replantacións, nin farrapos de gaita.

Pois ben, da mesma maneira que a avaliación de danos reais e a posible recuperación parcial dalgúns cultivos precisa dun período de tempo máis xeneroso para ser feita co necesario rigor, cremos tamén comprensible que esta iniciativa, feita coa présa da magnitude do desastre e a angustia dos sectores afectados, teña que reaxeitarse, cando menos, no seu espírito e completar a súa resolución. Por iso incorporamos outros cultivos, ademais do vitivinícola, como a castaña, a noz, o cereal, a apicultura e todo aquilo que, tendo valor económico, fose danado pola xeadada.

Por todo o exposto, vai ser necesario incluír, consensuar e transaccionar a parte resolutiva desta proposición non de lei. E supoño que haberá que falar coa outra proposición non de lei, e teremos que negociar, consensuar e acordar, en beneficio dos sectores afectados. Desde aquí, o BNG propón un punto que sería a avaliación seria e prolongada —polo menos dun mes— para contemplar a posible recuperación total ou parcial dalgúns cultivos; abrir liñas de axudas directas por superficie ou quilos de froitos afectados; contemplar nesas axudas todos os produtores afectados, ¡todos os produtores afectados!; establecer unha negociación coas compañías de seguros agrarios para que se adapten ás realidades do país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Bo día.

Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Os pasados días 27 e 28 de abril, as xeadas levaron por diante gran parte da produción vitivinícola de toda a provincia de Ourense. Hoxe, o tecido produtivo que se move arredor da uva e do viño das catro denominacións de orixe das provincias de Ourense e Lugo abarca preto de 6.000 hectáreas de terreo e alcanza máis de 10.000 produtoras e produtores, máis de 270 adegas e máis de 50 concellos. Estamos a falar dun sector que deixa aproximadamente

máis de 88 millóns de euros nas provincias de Ourense e de Lugo —provincias, por certo, que a día de hoxe ocupan as colas de todos os indicadores socioeconómicos, tanto do conxunto da Galiza como do resto do conxunto do Estado español—.

«O que é asegurable non é subvencionable», tremendo exercicio de irresponsabilidade que soltou a señora conselleira en plena lexislatura do medio rural, tremenda prepotencia, deixadez de funcións, señora conselleira. Vostede debe pedir perdón, e súmome ás palabras do compañeiro Mini de que debe dimitir.

¿O que era asegurable era subvencionable no ano 2016 naquela orde do 19 de setembro pola que se estableceron as axudas reguladoras para os viticultores da Ribeira Sacra afectadas polo pedrazo? ¿O que era asegurable non era subvencionable no ano 2015 despois do pedrazo que arrasou zonas vitivinícolas do Bibei, da Ribeira Sacra e no concello da Rúa, en Valdeorras? ¿Só son subvencionables os anos pares ou só son subvencionables en períodos electorais? Iso é o que é, nin máis nin menos. En períodos electorais vostedes subvencionan.

As demandas que se exigen son indispensables para un sector estratéxico para as provincias de Lugo e de Ourense, como é o vitícola. Non podemos permitirnós paralizar un sector tras os danos sufridos polas xeadas do mes de abril.

Insten o Goberno central a que declaren como zona de emerxencia, dean axudas directas —si, directas, como fixeron o ano pasado para paliar os danos—, condonen as cotas á Seguridade Social das profesionais afectadas, dean liñas de crédito sen xuros e negocien as condicións dos seguros agrarios.

A Consellería do Medio Rural debe traballar xa na adaptación dos seguros agrarios á realidade galega. Traballen para que os seguros agrarios se adapten á realidade galega, xa que as pólizas de hoxe non serven en absoluto para nada. Proba diso é a baixa aceptación que teñen. Moitos viticultores e viticultoras, ao ter pequenas superficies de viñado e pouca produción, non contratan estes seguros porque son moi caros. E os que o fan saben que as coberturas non lles van cubrir nin unha xeadada nin un pedrazo. Subscribir unha póliza é caro e as indemnizacións non cobren os gastos de produción. Ademais, obrigan a asegurar todas as parcelas que tes inscritas no rexistro vitícola, algo entendible en grandes superficies, como pode pasar no resto do Estado, pero absurdo nunha estrutura da terra minifundista, como é a de Galiza. Necesitamos seguros agrarios adaptados ao viñado galego. E teñen agora a obriga de compensar uns danos que poderían estar cubertos se fixese a Administración os seus deberes no tocante aos seguros anos atrás.

O que vou ler agora téño redactado en cursiva: «Os homes e mulleres que nos dedicamos ao mundo do viño queremos vivir da viticultura nas nosas aldeas e nas nosas comarcas. Levamos impulsado, en colaboración con outro grupo de viticultores e viticultoras, adegas, xente de toda a provincia, organizacións agrarias, Federación Rural Galega, Sindicato Labrego Galego e Unións Agrarias, varias actuacións; entre elas, charlas técnicas para intentar paliar os danos nos cultivos, campañas de recollida de sinaturas de apoio ás afectadas e asembleas abertas nas que se acordan mobilizacións. Despois de conversas, reunións, reflexións e análises, decidimos que se poden usar as sinaturas recollidas para impulsar

as actuacións que máis abaixo expoñemos. Lamentamos —xa pasaron bastantes días das xeadas— a inoperancia e a pasividade que está a mostrar a Administración cos viticultores e viticultoras de Ourense, concretamente a Consellería do Medio Rural, que a día de hoxe non tivo nin sequera a deferencia de recibir o sector. Pedimos que, debido ás excepcionais condicións meteorolóxicas, a Xunta inste o Goberno de España á declaración de zona de emerxencia. Estas axudas sufragarán en parte o traballo necesario de recuperación e mantemento dos viñedos afectados para non abandonar as explotacións. Pedimos a condonación, non moratoria nin prórroga senón condonación, nas cotas á Seguridade Social dos traballadores e traballadoras autónomas durante un período non inferior aos seis meses; que a Xunta de Galicia, a través do Igape, poña á disposición dos afectados e das afectadas liñas de crédito sen custo de tramitación; que a Xunta de Galicia poña en marcha a apertura de mesas de negociación co sector e coas compañías aseguradoras para facer posible a existencia dunha oferta aseguradora real.

Estas medidas acordadas e debatidas, as cales cremos que deben levarse a cabo, son medidas reais que xa se aplicaron noutras zonas, e que, con vontade política, se poden levar a cabo. Recordamos que se trata de axudar un sector, persoas gravemente afectadas que necesitan máis ca nunca destas axudas, axudas que son imprescindibles para a subsistencia e preservación dunha identidade, dunha paisaxe e das súas xentes, xentes que poderían deixar de estar fixadas no rural despois destes acontecementos.

Vimos lendo nos xornais destes últimos días diferentes artigos que falan da gran calamidade acaecida no viñado lucense e ourensán. Fálase moito das axudas. Xamais houbo a máis mínima axuda para o mundo da viticultura. No pasado, moitos galegos e galegas saíron cara a diversas zonas do mundo e xa non regresaron á aldea, deixando os fillos e as fillas no estranxeiro. Non se ve futuro no campo, e así é como empeza a esmorecer unha cultura, unha forma de vida no rural e unha forma de entender este. Agora tócalle á Administración arri-mar o ombreiro».

E para rematar, agradecen a todos os presentes a súa asistencia e din que esta loita que acababan de comezar van continuala ata que as súas demandas sexan escoitadas. E anuncian máis mobilizacións. Este é o manifesto ao que onte se lle deu lectura ao rematar a multitudinaria manifestación que percorreu as calles de Ourense. Máis de 1.500 labregas e labregos afectados de toda a provincia de Ourense e do sur de Lugo apoiamos esta manifestación. Este é o sentir deles e este é o noso sentir.

Dende En Marea, manifestamos o noso compromiso de continuar a carón das adegas e das produtoras nesta loita ata que a Xunta e o Goberno do Estado atendan as súas demandas.

No tocante ás proposicións non de lei do Partido Socialista e do Bloque, por suposto que as compartimos. E retiramos a emenda de adición número 3, na que intentabamos propor que se reunira con urxencia o Consello Agrario. Isto xa se fixo creo que o pasado venres, entón retiramos iso. E do resto das emendas creo que xa temos máis que falado.

Espero que, polo ben dun sector, o Partido Popular tome conciencia e que dea apoio a produtores e produtoras, ás adegas, nun sector estratéxico para o noso país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Bos días, señor presidente.

Señorías, hoxe debatemos de forma acumulada dúas proposicións non de lei presentadas polo Partido Socialista e polo Bloque, relativas aos danos causados nos viñedos das denominacións de orixe do interior de Galicia polas xeadas das noites do 27 e do 28 de abril. Non hai nin sequera un mes, isto penso que é importante de cara ao debate.

Xa escoitamos no debate que a Xunta non apoia os viticultores, que non tomamos ningún tipo de medidas, que asistimos impasibles á ruína do sector vitivinícola, incluso onte se dixo na prensa que o sector do viño está totalmente desamparado pola Xunta, totalmente desamparado.

Miren, señorías, o meu grupo parlamentario e o goberno que apoiamos están traballando con rigor en favor de todos os viticultores e do resto de xente afectada polas xeadas. Dende o primeiro momento estivemos a impulsar diferentes liñas de actuación precisamente para tratar de paliar os efectos desas xeadas. (*Aplausos.*)

Miren, nada mellor que falar de feitos. Imos falar de feitos e de actuacións que se levan feito en menos dun mes. O primeiro que hai que facer cando acontece un fenómeno desta natureza é facer unha avaliación de danos, temos que saber os danos que se producen.

Di o señor Quiroga: «Seguimos sen ter datos oficiais». Mire —eu penso que vostede é de zoa vitivinícola—, as cepas, cando as leva a xeadas, rebrotan e poden traer viño. ¿Como imos facer esa avaliación e como imos dar datos de perdas exactas se aínda están rebrotando as cepas? Polo tanto, temos que facer esa avaliación, dende logo. E, como di moi ben o señor Rivas, aínda non é o momento de determinar con exactitude os danos, que os hai e ninguén os nega. Nós, o grupo parlamentario, este portavoz e a conselleira visitamos todas as zonas afectadas e hai danos, claro que os hai. Agora, temos que ver cales son eses danos.

En canto ao que falo da avaliación, na semana seguinte ás xeadas técnicos da Consellería, en colaboración cos consellos reguladores das denominacións de orixe afectadas, fixeron unha primeira avaliación. Os datos oficiais son —que os temos—: Monterrei, 90 % da superficie afectada —xa veremos cales son os danos definitivos—; Valdeorras, estamos a falar de entre un 60 % e un 70 % de territorio afectado polas xeadas; Ribeiro, 30 %; Ribeira Sacra, 20 %; aínda que hai zonas, por exemplo en Beade, no Ribeiro, na que a afectación é do 90 % do territorio. Estamos a falar de medias.

Estes datos non poden considerarse aínda a día de hoxe datos definitivos. Non van ser as perdas finais da uva na colleita, porque estas van depender — e isto é importante, señorías — do bo facer do agricultor, da evolución da planta e da climatoloxía.

Polo tanto, eu xa sei que hai nesta parte da bancada moitos netos de gandeiros e tal, pero tamén nesta parte da bancada hai moitos viticultores e xente que traballa no rural e que trata de sacar adiante os seus negocios no rural, ¡eh!

Falando da outra pata importante deste tema, entendeuse que era importante e vital asesorar os viticultores para que levaran a cabo os traballos de repoda. Miren, feitos, señorías: charlas informativas por persoal técnico nas diferentes denominacións de orixe afectadas; Evega, ao día seguinte das xeadas, colgou na súa páxina web unhas recomendacións técnicas para facer correctamente os traballos de repoda; Evega, o 7 de maio, convocou unha xornada de portas abertas para informar aos viticultores sobre os traballos de repoda —70 viticultores afectados estiveron alí vendo como se facía o traballo—.

Feita esta primeira valoración de danos, a Consellería... Por certo, a isto da dimisión eu teño que dicir aquí que a conselleira loita sempre por todos os viticultores, agricultores e gandeiros deste país, e está a facer un traballo excepcional. *(Aplausos.)*

Feitos, señorías: o primeiro que se fixo en relación coas axudas foi dicir que este é un tema que afecta a máis comunidades autónomas e que, polo tanto, se tiña que traballar en coordinación co Ministerio de Agricultura.

Miren, o 9 de maio, a conselleira trasladou o problema das xeadas en Madrid ao Consello Consultivo de Política Agrícola para Asuntos Comunitarios, e xa se falou nese momento no Ministerio de que se tiñan que tomar medidas para tratar de paliar e mitigar os danos producidos.

Por outra banda, nós, o noso grupo parlamentario, o 5 de maio presentou unha proposición non de lei —esperamos un pouco máis ca vostedes— con nove medidas de apoio aos viticultores, medidas moi potentes, señorías. Señor Quiroga, eu pediríalle que lea esa proposición non de lei. E espero que vote a favor, porque algunhas das cousas que vostede pediu aquí van tamén nesa proposición non de lei; entre outras cousas, os pagos á Seguridade Social.

Pola súa banda, a conselleira, como dicía, coordinouse co Ministerio e comezamos a traballar no posible paquete de medidas propias da Consellería e da Xunta de Galicia.

Miren, feitos outra vez: o Consello da Xunta, o 10 de maio, aprobou unha liña de apoio promovida polas consellerías de Economía, Emprego e Industria —a través do Igape— e do Medio Rural, que vai permitir a bonificación dos tipos de xuro e axudar na instrumentación das garantías requiridas polas entidades bancarias. Esta liña vai permitir tamén mobilizar 10 millóns de euros. ¿De que estamos a falar aquí? En primeiro lugar, que a toda aquela xente que teña préstamos para o financiamento de circulante ou refinanciamento de pasivo, que é unha cuestión importante, o tipo de interese vai ser do 0 %. Pero, ademais, se necesitan cartos agora de novo porque teñen un problema e lles temos que dar liquidez, as sociedades de garantía recíproca e o Igape vanos avalar fronte aos bancos para que se lles poida dar eses cartos. Estamos a falar de bonificación dos gastos financeiros, e da posibilidade de aval do cen por cento. Se esas non lles parecen boas medidas, eu dígolles que son medidas moi importantes, señorías. *(Aplausos.)*

Estase a traballar tamén nunha liña de reconversión e reestruturación de viñedos, cunha dotación de 1.400.000 euros. Señor Quiroga, xa lle aclaro eu tamén que este ano, nos criterios de puntuación desa liña, se vai primar a replantación naquelas explotacións que sufriran un fenómeno meteorolóxico adverso no último ano. Polo tanto, contéstolle que si, que vai especificamente destinada a este problema.

E, miren, dentro do traballo desenvolvido estas semanas pola Consellería, temos que destacar, dende logo, a preocupación amosada en relación co escaso número de explotacións que están aseguradas. É certo que temos un problema, é certo que o seguro a moitos dos nosos viticultores non lles resulta adecuado, e temos que analizar por que.

Feitos, outra vez: o 11 de maio, Belén do Campo, a directora xeral, mantivo xa unha reunión de traballo co director xeral da Entidad Estatal de Seguros Agrarios (Enesa), Agroseguro e técnicos da Consellería e das denominacións de orixe afectadas. Aí acordouse convocar a Comisión Territorial de Seguros Agrarios —que, por certo, levaba dous anos sen convocar e tamén os sindicatos a poden convocar, pero non se acordaron ata que chegou a xeadada—; axilizar a peritaxe nas zonas afectadas para que aqueles que teñan contrato de seguro poidan cobrar canto antes as indemnizacións —estase a facer tamén—; e ofrecer charlas informativas.

Máis: o 19 de maio convocouse xa o grupo de traballo da Comisión Territorial de Seguros Agrarios, na que está todo o sector, tamén as organizacións agrarias.

Máis: o 12 de maio publicouse no DOG a orde de convocatoria das axudas para o fomento da contratación de seguros agrarios no 2017, con 4,7 millóns de euros, un 11 % máis que na anterior orde.

Por certo, señor Rivas, recórdolle que o seu grupo propuxo no debate das emendas aos orzamentos deste ano unha rebaixa do importe destinado a subvencionar a prima dos seguros agrarios de 500.000 euros. ¿Parecíalle que era moito a cousa? (*Murmurios.*)

Vou rematando. Miren, non imos apoiar a PNL do PSOE porque, como ben falou o señor Quiroga de cidadáns de primeira e de segunda, mire, señor Quiroga, vostede fala de viticultores das denominacións de orixe. ¿Vostede sabe qué porcentaxe de viticultores —eses que di vostede pequenos— non están acollidos á denominación de orixe? ¿Que pasa? ¿Eses déixaos fóra? Digo eu...

Pero si que imos votar a favor, por suposto, a proposición non de lei do Bloque na súa redacción orixinal, porque os contactos co sector xa se levaron a cabo, xa a conselleira e os técnicos e representantes da Consellería visitaron as diferentes denominacións de orixe, e, polo tanto, imos seguir facéndoo. Respecto de valorar os danos sufridos polas explotacións, xa se fixo unha primeira avaliación, e imos seguir facendo esa avaliación, como vostede moi ben dixo. E en canto a abrir liñas de axuda para apoiar as explotacións afectadas, na senda que nós temos marcada de rebaixas fiscais e, se se pode, coa Seguridade Social, de axudas ao financiamento mediante subvencións dos tipos de interese e de axudas de replantación que prioricen as zonas afectadas polas xeadas, tamén imos seguir nesa senda.

Remato xa, e, sobre todo, señor Quiroga, remato xa apelando a todos os grupos parlamentarios para que traten este tema coa prudencia e a cautela necesarias sobre os danos ocasionados, porque unha visión excesivamente alarmista vai ter, sen ningunha dúbida, efectos moi negativos nos mercados dos nosos viños, moi negativos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Grupos autores das proposicións.

En primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Vamos ver, señor González, creo que deixamos claro que se estaban facendo cousas, e que hai cousas que se están facendo ben. E despois matizamos que son claramente insuficientes e moi parciais. Se non, revise vostede o vídeo da miña intervención e verao, clarisimamente o dixemos.

«Fóra dos consellos reguladores...» Efectivamente, na Ribeira Sacra case un 50 %. Pero por iso aceptamos a emenda de En Marea, para que non queden, claro. Un non é perfecto, ¡que lle imos facer!, pero reconece cando se poden implementar as cousas e por iso a aceptamos e parécenos moi ben.

Non confunda vostede o realismo co catastrofismo, xa estamos fartos desa matización.

Con respecto a falar de feitos, vólvolle dicir que xa dixemos que hai cousas que se fan ben, pero insuficientes e moi parciais.

¿As charlas? ¡Home!, esperemos que o tema das charlas non sexa como o da pataca, porque despois pasa o que pasa e os produtores quéixanse de que non houbo información adecuada.

Co tema dos créditos creo que queda ben claro que o dos créditos non vale para o 80 % dos viticultores deste país. Non se adaptan, non os van pedir, (*Aplausos.*) nin créditos nin seguros. É obvio, e vostede sábeo e coñéceo, ademais.

E agradecemos que teñan sensibilidade para o tema da nova liña que vai saír da reestruturación de viñedos para adaptala ás circunstancias dos viticultores danados por este andazo de xeadas.

Pero, miren, non teñen argumentos para evitar o das axudas directas. Isto non se para, como outras cousas. Vexo que na flexibilidade fiscal si se pode avanzar. Entenden que é importantísima. Estamos de acordo.

Co tema dos seguros tamén estamos de acordo; vexo que entenden a necesidade. Non se adapta, con ese requirimento do 10 % da explotación, ningún pago mínimo sobre o produto. E, entón, ben.

¡Ah!, as axudas directas. Miren, nós imos seguir reclamando esas axudas directas porque, entre outras cousas, non podemos permitir un país e un presidente que o encabece que distinga os seus cidadáns en función de se é ano electoral ou non. Señor González, déanlle á cabeza desde esa bancada o que queiran, aquí está o boletín, o DOG, onde saíron esas axudas. Non hai dereito a que se discrimine uns cidadáns con respecto a outros do mesmo país en función de se é ano electoral ou non é ano electoral. E tanto é así que pediremos amparo ao Valedor ou a quen faga falta para evitar esta discriminación de cidadáns galegos en función de se hai ano electoral ou non hai ano electoral. E, ademais, coa colaboración... Xa lle dixen na primeira intervención que non estamos a falar de cantidades, como falan os representantes do sector. O que queremos é que vostedes senten con eles, xa o fixeron no Consello Agrario, e que pacten unhas cantidades. Nós non estamos a falar de cantidades, pero si, por hixiene democrática deste país, por trato igualitario para os cidadáns deste país —porque non son menos os de Monterrei nin os de Valdeorras que os de Sober—, teñen que recibir esas axudas directas. Ese é un punto innegociable. Volvo reiterar que non estamos a falar de cantidades, iso resólvano cos produtores, non estamos nesa política de máximos. Pero esas axudas vostedes volvan repensar o que significan para a xente, para os viticultores.

E vostede, señor González, que é do sector...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor QUIROGA DÍAZ: ...pense como lle sentaría a vostede se ao do lado lle dan unha axuda directa e a vostede non. Non teñen argumentos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor QUIROGA DÍAZ: ...para contestar a iso.

Deben recapacitar —eu espero que recapaciten— e encontrarán...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: ...toda a colaboración pola nosa parte.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

A ver, seguros agrarios: «Para recibir indemnizacións hai que ter polo menos afectada o 10 % da propiedade». Nesta Galicia nosa, coa dispersión de fincas... As pólizas agrarias están pensadas realmente para grandes extensións de terreo, e para outros países —para Castela

posiblemente, ou para Andalucía—, para latifundios. Aquí non é unha realidade de momento, e esperemos que non o sexa.

As valoracións son menos da metade do prezo do mercado, e ás veces un terzo, se o prezo do mercado sobe. A Consellería fala de 10 millóns en axudas para viticultores e bodegueiros, sobre todo en refinanciamento de créditos —se é que os hai— a interese cero, claro. ¡Outra vez andamos ás voltas cos bancos! ¿E os pequeniños que formen ese tecido que fornece uva, ese tecido que fornece castañas ao mercado, ese tecido que fornece noces, ese tecido que fornece produtos...? ¿A eses que? ¿Que facemos con eles?, ¿ignorámoslos?

Claro, é que realmente todas estas axudas non contemplan nin o autoconsumo nin a explotación non profesional. Pero iso é unha realidade que temos neste país, e a nosa obrigación como parlamentarios —e a obrigación do Goberno— é legislar, nós e vostedes; e o Goberno, gobernar para todos e traer a realidade aquí. E a realidade é esta, non lles caiba a menor dúbida. Esta é a realidade, este é o país que vexo todos os días, porque veño desde el ata aquí... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, eu vexo, e vexo o mesmo país ca vostede, o que pasa é que hai diferentes ollos. Claro, hai ollos interesados e hai ollos non interesados. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro!

A páxina *web*. Estamos ás voltas co mesmo. Eu marco un número de teléfono e sáeme: se quere tal, *marque el uno*, se quere tal... ¡E colgo o teléfono! E a páxina *web* é igual. Mire, ata hai ano e pico eu non tiña cobertura de internet, ¡non a tiña!, e vivo nun rural próximo. Non a tiña, e utilizaba deses pinchiños e desas historias que me custaban un ollo da cara; e eu podo pagar, pero hai quen non.

En canto a fiarnos destas proposicións xenéricas, nós non nos fiamos, e os labregos tampouco, porque en Oímbra e en Monterrei están agardando aínda polas subvencións aos castiñeiros de hai catro anos, que aínda non as cobraron. Esta é a realidade e esta é a seriedade da Consellería, e a seriedade coa que sae a señora conselleira a dicir unha cantidade de cousas, moi seria e moi prepotente, pero que non son certas. Está falando doutro país.

Porque, claro, para vostedes é fácil apoiar isto: establecer contactos co sector... Claro, isto que foi feito de urxencia. Si, xa llelo recoñecín aquí. Pero a discusión central está nas axudas directas, porque coas axudas directas é a única maneira de que o sistema sexa equitativo e de que chegue a todos, aos grandes e aos pequeniños. ¡Pois fágano! ¡Se o miolo de todo isto está nas axudas directas! Vostedes néganse, e nós, como desconfiamos —saben aquilo de «a gato escaldado, auga fría»—, queremos que se comprometan a axudas directas, e despois falamos doutras cousas.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda de En Marea? ¿Acepta a emenda?

O señor RIVAS CRUZ: Si, si, acéptoa.

O señor PRESIDENTE: Grazas. (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Moi ben.

Grazas, señor Rivas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación política e social que se está a vivir en Venezuela, e nomeadamente a das persoas galegas emigrantes nese país

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei .

Emenda de substitución.

Proponse substituír o primeiro punto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«1. O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza para que solicite ao Goberno español a non contribuír á desestabilización do país, nin alentar as accións golpistas na República Bolivariana de Venezuela, respectando a súa soberanía, favorecendo a solución dialogada das diferenzas, a paz e o respecto á orde constitucional vixente e ás súas institucións democráticas, así como promovendo o respecto aos Dereitos Humanos».)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.
Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que traballe cos diferentes Gobernos cos que ten asinados convenios para o pago das pensións de persoas emigradas coa fin de solventar, na maior brevidade posible, todas as dificultades para o cumprimento dos mesmos».)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír os puntos dous e tres da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

«-Que se dirixa ao Goberno de España para que reforce os contactos diplomáticos co Goberno da República Bolivariana de Venezuela e promova as accións legais que sexan oportunas en aras de facer cumprir o Convenio bilateral de Seguridade Social entre España e Venezuela, asinado o 12 de maio

de 1988, establecendo os mecanismos precisos para que o Goberno de Venezuela garanta ao español o pago do importe íntegro das cantidades adebedadas e a continuidade das prestacións.

- Que se dirixa ao Goberno de España para que garanta aos pensionistas de Venezuela residentes en Galicia que cumpran os requisitos esixidos polas normas xerais españolas, o cobro da pensión que lle corresponda, por non ter efectividade os ingresos de Venezuela, de tal xeito que poidan percibir a prestación periódica que proceda en función da súa situación social segundo o previsto na nosa lexislación vixente, adiantándoa de xeito transitorio, sen carácter consolidable e con carácter reintegrable, ata que o Goberno de Venezuela volva regularizar o pago das súas pensións».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra o señor Díaz Villosada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día aos asistentes que hoxe nos acompañan desde o palco.

Non podo máis que dicir inicialmente que un pobo rico como Venezuela, cheo de xente amable e acolledora —e ben o saben os galegos—, vive actualmente condenado á fame, á carencia de medicinas e á carencia absoluta das mercadorías máis indispensables; onde a violencia e a falta de seguridade fai que as persoas vivan no medo.

Por iso os socialistas nas Cortes Xerais e nesta Cámara non podemos e non queremos permanecer impasibles perante a dramática situación que está a vivir Venezuela. Queremos para os venezolanos e para todos os galegos alí residentes o mesmo que queremos para nós, un Estado social e democrático de dereito. Galicia ten e debe ter un compromiso reforzado con Venezuela. Dos 200.000 españois residentes alí, 45.000 son galegos e galegas, mais os que puideron fuxiron xa da actual situación de Venezuela.

O *Informe Anual Venezuela 2016-2017*, de Amnistía Internacional, é especialmente preocupante. Segundo este informe, o Goberno ten declarado o estado de excepción, e foi prorrogado catro veces. A maioría das persoas sospeitosas de ser responsables de crimes de dereito internacional e violacións de dereitos humanos cometidos durante as protestas xa de 2014 aínda non compareceron ante a xustiza. Continúa a violencia e o amontoamento nos cárceres.

A maioría das sentenzas e das ordes sobre Venezuela ditadas pola Corte Interamericana de Dereitos Humanos aínda non se cumpriran ao rematar o ano 2016. Continúa o Informe de Amnistía sinalando que a escaseza de alimentos e medicamentos se intensificou de xeito alarmante, o que desatou as protestas que están sucedendo en todo o país. O Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos ten declarado en varias ocasións que varios relatores especiais tiveron dificultades para visitar o país porque o Goberno non lles concedía os permisos necesarios. E, en contra do disposto polas normas internacionais de dereitos humanos, xúlgase a civís perante tribunais militares. As forzas policiais negábanse e néganse a cumprir as ordes de posta en liberdade ditadas polos tribunais.

A retirada do país da xurisdición da Corte Interamericana de Dereitos Humanos, xa efectiva desde o 2013, continuou privando de acceso á xustiza, á verdade e á reparación as vítimas das violacións de dereitos humanos e as súas familias.

Segundo o Observatorio Venezolano de Conflitividade Social, durante o 2016 rexistráronse aproximadamente 600 manifestacións ao mes, pero a maioría destas manifestacións estaban relacionadas con demandas de dereitos económicos, sociais, culturais, e, en particular, co acceso a alimentos, á saúde e á vivenda. Seguiuse a encarcerar a persoas que se opuñan politicamente ao Goberno. Segundo o Foro Penal Venezolano, máis dun cento de persoas estaban retiradas por razóns políticas. O Comité de Dereitos Humanos da ONU expresou preocupación sobre os informes de abusos cometidos polo Exército contra incluso os pobos indíxenas establecidos na Guajira, no estado Zulia, e na fronteira con Colombia. Estas son algunhas das dramáticas conclusións do informe presentado por Amnistía Internacional.

Neste difícil contexto político, social e económico, desde comezos do 2016 o Goberno venezolano non está facendo fronte, por outra parte, aos pagos que deben percibir os pensionistas xubilados españois retornados de Venezuela, estimándose este colectivo en torno a 3.500 retornados galegos; pagos mensuais que debe aboar o Goberno de Venezuela en virtude, nin máis nin menos, que do correspondente convenio bilateral entre España e Venezuela asinado xa en materia de Seguridade Social en 1988.

Nos supostos de máis necesidade moitos dos nosos emigrantes retornados de Venezuela poden estar xa a sufrir situacións evidentemente graves, non podendo acceder, ademais, aos servizos de emerxencia social ou vendo retirados os complementos de mínimos á Seguridade Social.

O Grupo Parlamentario Socialista tamén presentara nesta Cámara, na Comisión 1ª, unha pregunta precisamente ao Goberno galego facendo fincapé nesta problemática derivada de non percibir, precisamente, as pensións desde hai xa practicamente ano e medio, o que está impedindo — aos que figuran como perceptores dunha pensión — que accedan a axudas sociais, ou que cando, por outra parte, teñen dereito a algunha pensión en España, se lles retire por parte da Seguridade Social española o complemento de mínimos; cuestión que, por outra parte, ademais, está sendo rebatida e anulada por diferentes sentenzas tanto en Galicia, por parte do Tribunal Superior de Xustiza, como tamén algunhas sentenzas xa por parte do Tribunal Superior de Xustiza en Asturias.

A situación dos galegos que residen en Venezuela está, loxicamente, a sufrir a situación descrita. Estamos así ante unha grave deterioración do Estado de dereito na República de Venezuela. E este proceso acadou unha situación crítica o mércores 29 de marzo cando o Tribunal Supremo de Xustiza venezolano asumía as competencias da Asemblea Nacional, limitando a inmunidade aos seus deputados e outorgándose poderes extraordinarios en materia penal, militar, económica, social, política e civil. Este intento de abolición da máis básica das regras dun estado democrático con respecto á lei foi rectificad grazas á presión internacional, que levou a moitos países e organismos a falar de ruptura da orde democrática en Venezuela. Dezanove países da OEA o día 3 de abril presentaron unha resolución denunciando esta obrigación da orde constitucional. A OEA, os cancilleres, vanse reunir o día 31 deste mes novamente para tomar posición e o día 1 de maio o presidente venezolano, Nicolás

Maduro, anunciou tamén de forma unilateral a convocatoria dese novo proceso nacional constituínte. Onte mesmo déuselle unha nova volta de tuerca a este novo proceso.

A pesar das reiteradas resolucións, ditames e declaracións provenientes da Unión Europea a través do presidente do Parlamento Europeo, dos organismos rexionais, como Mercosur ou a Organización de Estados Americanos, que citaba a través do seu secretario xeral Luis Almagro, ou das principais organizacións non gobernamentais encargadas de velar a nivel internacional polos dereitos humanos e do intento de mediación promovido por Unasur, coa participación dos tres ex-presidentes e do Vaticano, o Goberno venezolano mantén o seu rumbo, ignorando sistematicamente as chamadas a este diálogo. Segundo os datos oficiais destes días, van máis de 50 mortos nas rúas. Son outros os datos non oficiais de mortos durante estas semanas.

É necesario, polo tanto, adoptar todas as medidas precisas no ámbito das relacións exteriores por parte do Goberno de España, sen deixar de confiar, por suposto, nos plantexamentos de diálogo e de mediación en marcha, para avanzar decididamente na paz social e na estabilidade política e institucional en Venezuela, con pleno dereito á democracia e con pleno e absoluto respecto aos dereitos humanos. Os lazos entre Galicia e Venezuela, a situación dos galegos que residen naquela república e a dos emigrantes retornados exixen que por parte da nosa comunidade se tomen todas as iniciativas posibles.

Por esta razón, o Grupo Parlamentario Socialista presentou esta proposición non de lei, existindo e demandando tres actuacións:

En primeiro lugar, demandar do Goberno do Estado unha acción exterior firme, prioritaria e prudente co Goberno da República de Venezuela para que, apostando permanentemente polo diálogo, garanta as liberdades democráticas venezolanas, coa liberación dos presos políticos, asegure os necesarios procesos electorais transparentes e exixa o máximo respecto aos dereitos humanos.

En segundo lugar, demándase do Goberno central unha solución urxente con Venezuela co fin de garantir a protección da nosa emigración naquel país, que desbloquee, ademais, o non pagamento das pensións dos nosos emigrantes, en observancia dos convenios bilaterais subscritos, como dicía, entre dous países, e adoptar todas as medidas por parte do Goberno galego para atender as necesidades máis urxentes dos emigrantes máis afectados e sobre todo dos que están retornados nesta situación de non cobro das pensións.

Como dicía —e remato— o noso deputado no Congreso, señor Gutiérrez Limones, no debate, precisamente, sobre esta cuestión a semana pasada no Congreso, Venezuela ten que encontrar o seu camiño, e esta Cámara, e tamén a Cámara galega, ten a oportunidade de dicirlles que non están sós, que cando chegou a hora da verdade, cando de verdade nos necesitaban, os españois —e aquí os galegos— estivemos aí, axudando os venezolanos a que libremente poidan de novo ser donos do seu destino. As políticas de igualdade teñen como marco previo as liberdades públicas.

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

O Bloque Nacionalista Galego tampouco quere permanecer impasible diante da situación de Venezuela e por iso temos que empezar dicindo que nos últimos dezanove anos as maiorías sociais de Venezuela puxeron en marcha un proceso de emancipación social e nacional encamiñado a superar as enormes desigualdades existentes no país e a reformalo cara a unha sociedade máis xusta, libre e soberana. Este proceso está incardinado nun proceso máis amplo, desenrolado en América latina, de emancipación, de cambio baseado na igualdade de dereitos, xustiza social e soberanía nacional sen inxerencias.

Por esa razón, o capital, as oligarquías, o imperialismo, capitaneado por Estados Unidos, puxeron en marcha toda a súa maquinaria para botar abaixo, por exemplo, gobernos que traballaban nesa dirección; golpes institucionais que derribaron gobernos progresistas en Honduras, Paraguai ou Brasil. Estano tentando en Venezuela.

A democracia venezolana foi referendada nos últimos dezanove anos por 20 procesos electorais. O chamado «chavismo» gañou 18 desas consultas electorais; procesos que desde 1998 contaron con observadores internacionais que en todos os casos consideraron válidas, limpas e democráticas estas eleccións. Non se pode dicir o mesmo doutros países no mesmo continente; sen embargo, non vemos iniciativas nesa dirección. A pesar desta lexitimidade democrática, Venezuela segue soportando intentos intolerábeis de inxerencias externas e de manobras desestabilizadoras promovidas e organizadas por quen son incapaces de admitir o ditame das urnas e de respectar a soberanía do país.

Nestas manobras estiveron implicadas persoas e organizacións da oposición política venezolana, dirixentes opositores que fixeron e fan chamamentos explícitos á poboación para que saia á rúa a tombar o Goberno elixido democraticamente; opositores aos que se pretende presentar como vítimas dunha suposta represión política, cando foron detidos conforme o ordenamento xurídico de Venezuela por presunta participación en accións que tiñan como obxectivo derrocar o Goberno lexítimo. O continente americano, percorrido por conflitos sociais de norte a sur: manifestacións en Brasil contra a corrupción e folga xeral en abril; multitudinarias manifestacións en Porto Rico, declarado en bancarrota; masivas manifestacións en Chile contra o sistema privado de pensións; folgas en Arxentina contra o Goberno de Macri; en Colombia oleada de asasinatos, máis de 80 líderes sociais sindicais defensores dos dereitos humanos asasinados desde que foi asinado o acordo de paz no ano 2016; México é un dos estados máis desiguais do continente americano, milleiros de asasinatos e desaparicións, mulleres violadas e asasinadas, espoliación de recursos naturais, xenocidio contra pobos indíxenas, corrupción e convivencia de poder cos capos... E non pasa nada, non son obxecto de observación mediática.

Podemos falar de Palestina, do Sáhara..., pobos masacrados, invadidos, cos seus dereitos violados sistematicamente, presos políticos, xuízos, farsa, folgas de fame, e non hai foco mediático nin iniciativas para defender os dereitos destes pobos. *(Aplausos.)*

Podemos falar de Arabia Saudita, a amiga Arabia Saudita, ese estado amigo do Estado español, amigo da monarquía española, a onde no mes de xaneiro o monarca español foi facer unha visita, e non para falar dos dereitos humanos. Xa que se fala de informes, ¿que di o informe de Amnistía Internacional sobre Arabia Saudita? As mulleres non poden conducir, teñen que ir sempre acompañadas dun home. A última moda é executar por decapitación as mulleres na rúa. A hipocrisía dos organismos internacionais permite incluso que estea na comisión da ONU para velar polos dereitos da muller e non pasa nada. (*Aplausos.*)

E estas outras realidades dramáticas non son obxecto de preocupación nin ocupación por parte da democrática Unión Europea nin do Estado español nin dos poderes mediáticos. O que importa é a realidade construída, manipulada, terxiversada, para a gloria dos intereses económicos e políticos. Unha realidade construída que esquece que Venezuela é territorio libre de analfabetismo desde o 2005, declarada pola Unesco, que Venezuela ten un programa de adaptación de vivendas aos sectores máis necesitados que é exemplo de América latina, que organismos como a ONU, a FAO, a OMS ou a Unicef, entre outros, teñen recoñecido aínda hai menos dun ano que os esforzos de Venezuela para erradicar as desigualdades son os maiores de América latina.

En Venezuela hai moitos problemas, e non vai ser o BNG quen os negue, pero sería bo non actuar como *hooligans* do que ordenan determinados grupos mediáticos e grupos económicos interesados en volver campar polas súas anchas coma se seguiran na época colonial ou na época previa a un movemento bolivariano.

Sería bo que esqueceramos dunha vez ese complexo de superioridade «eurocéntrico» e deixáramos de dar leccións a outros. Venezuela é un estado presidencialista, e eu non vou defender ese modelo de Estado, como o é Francia, que acaba de elixir un presidente e que ten poderes exaxerados, pero esa é a decisión da que se dotaron os venezolanos, esa é a decisión da que se dotaron, cun presidente elixido polo pobo, que ten esas competencias, entre elas convocar a Asemblea Constituínte...;

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...efectivamente, entre elas convocar a Asemblea Constituínte. E o BNG non vai dar leccións a ninguén.

O que queremos dicir para rematar é que non somos confesionais con ninguén, pero tampouco imos actuar aos ditados de ninguén; defendemos o dereito dos pobos a escoller o seu camiño. É unha aspiración á que non debería renunciar calquera que se considere a si mesmo ou a si mesma democrata. E, ademais, preocúpanos a situación en Venezuela e a situación dos emigrantes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...tanto dos que están aquí como dos que seguen alí. Pero non imos admitir que se usen para facer un xuízo da situación de Venezuela.

Imos votar a favor de solucionar o problema dos emigrantes, mais non de facer aquí unha fiscalización da situación política en Venezuela.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado Cores.

Grupo parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señorías, eu teño que dicir que cando lin a iniciativa non sabía se era do Partido Socialista ou do Partido Popular... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Traen hoxe unha iniciativa irresponsable, inzada de xuízos de valor e sen datos obxectivos, cunha visión parcial, algo que nunca debe facer ningún deputado nin deputada. Irresponsable porque a situación en Venezuela é complicada, porque o pobo está sufrindo actos terroristas de grupos da dereita, acumulando asasinatos, saqueos e alteracións da orde pública. Esta semana estes terroristas incendiaron centros de saúde, queimaron edificios públicos, transportes públicos, víveres e medicamentos que van adicados ao pobo.

Ante esta situación, vostedes deciden asumir os argumentos de quen chama a amparar un golpe de Estado, os argumentos dos que amparan os terroristas, que non queren asumir a necesidade de diálogo, de paz e de solucións políticas aos conflitos políticos. Coas afirmacións vertidas, colócanse vostedes hoxe mesmo á dereita do señor Zapatero e incluso mesmo á dereita do chamado do Vaticano, do propio papa, que acompaña o diálogo da Unasur, e ten advertido nas últimas semanas que a dereita non está axudando porque se levantou da Mesa de Negociación, facéndolle un chamado —hai un par de semanas— a que adopten outra vez a actitude de diálogo e volten sentar na Mesa de Negociación. O que si sabemos é que todas aquí deberíamos apoiar a chamada á paz e o diálogo e non amparar o apoio á violencia da dereita.

Resulta, señorías, que é irresponsable chamar «presos políticos» a persoas que foron xulgadas e condenadas por delitos graves contra a orde constitucional dun país, incluída a promoción da violencia. ¿Que pasaría se isto sucedese aquí?

Señorías, as vítimas de terrorismo merecen xustiza en calquera país do mundo, sexa en Venezuela, en España ou en calquera lugar. (*Aplausos.*) Por iso, esta proposta resulta inaceptable.

Señorías, eu aspiro a que en calquera país, se un político delinque, sexa xulgado e, se é conveniente, sexa condenado, tamén aquí e tamén en Venezuela. En Venezuela, igual que en España, hai un goberno elixido democraticamente, independentemente da posición política que teñamos aquí e alí cadaquén.

Piden tamén que o Goberno garanta os procesos electorais. Hai que estudar, porque en Venezuela hai cinco poderes, non tres, como en España, sendo o poder electoral o responsable da convocatoria e do mantemento das eleccións naquel país; sendo si, sen embargo, unha competencia constitucional do Goberno a convocatoria da Asemblea Constituínte, como fixo nas últimas semanas para garantir un proceso pacífico no que o pobo poida expresarse.

Esta iniciativa, señorías do PSOE, é responsable tamén porque facilita o xogo do Partido Popular, que emprega día si e día tamén en Venezuela para esconder os seus casos de corrupción, para esconder que o presidente Rajoy é testigo nun caso de corrupción para agochar a falta de respecto á separación de poderes, obviando que mentres esta corrupción se producía se pauperizaba o noso pobo. Un cuarto da poboación infantil está en situación de pobreza. ¿Non deberíamos estar falando disto? Porque, se queren falar de Venezuela, se vostedes queren falar de Venezuela, mellor falemos do saqueo das nosas caixas, e da venda a Banesco das nosas caixas; (*Aplausos.*) un banco da oligarquía venezolana ao que o Goberno entregou o patrimonio público por 1.000 míseros millóns de euros, o patrimonio de todas as galegas e galegos. Agora preocúpalles; sen embargo, regalaron o noso patrimonio.

Non nos parece axeitado tampouco utilizar un problema real e evidente, que é o problema do impago das pensións, do retraso desas pensións, do pago desas pensións, para utilizalo politicamente ao seu beneficio. Claro que hai pensionistas con dificultades, e é complexo este problema, pero non só aquí, tamén noutros países, tamén en Noruega, como temos defendido noutras ocasións.

Por iso presentamos unha emenda para que se elimine ese punto inaceptable, inxerencista e anticonstitucional, que é o primeiro punto da proposta, e se substitúa o resto da iniciativa por unha solución para todos os convenios bilaterais que ten suscrito o Estado cos diferentes países.

Dende logo, señorías, o que non podemos é apoiar a quen está xustificando un golpe que está producindo inmensa dor na poboación venezolana. Hai que defender a democracia e a lexitimidade dos pobos a decidir o seu futuro en calquera país, señorías, e por iso, igual que a esquerda non cedeu ante a chantaxe no golpe de Chile, non imos ceder —a esquerda— nesta chantaxe. Vostedes fagan o que consideren. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Bos días e saúdos a todos os que hoxe nos acompañan dende o palco.

O que está a acontecer en Venezuela é dramático; é dramático para os venezolanos que viven alí e tamén para aqueles que se tiveron que ir ou que se quixeron ir, e iso sábemo moi ben eses preto de 4.000 pensionistas que viñeron de Venezuela e que levan ano e medio sen cobrar as súas pensións... (*Aplausos.*) Por iso, sinceramente, eu estou abraida escoitando algunhas das intervencións que hoxe escoitamos aquí. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señora Solla, os do Partido Popular si sabemos a que vimos hoxe aquí. Vimos aquí defender esas persoas que, a pesar de ter dereito... (*Murmurios.*) (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez... Non, non. Señor Sánchez, silencio.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...a cobrar esas pensións, non as poden cobrar, porque o Goberno do señor Maduro... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, silencio. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Chámoo á orde, señor Sánchez. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*
Non, non, señor Sánchez, non. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*
Xa está ben... Non, non, perdoe. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*
Perdoe, chamada á orde. Ten unha chamada á orde, señor Sánchez, non discuta comigo. Non discuta comigo. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Sánchez, segunda chamada á orde, e avísoo de que, se o volvo chamar á orde, o expulso. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Segunda chamada á orde, señor Sánchez. Se o volvo chamar, expúlsoo. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Sánchez, abandone o pleno. Abandone o pleno, señor Sánchez. Abandone o pleno, por favor. *(Murmurios.)* Creo que xa está ben. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non, abandone o pleno. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, perdoe, abandone o pleno. Abandone o pleno, por favor. Xa está. Está claro. Abandone o pleno, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Creo que foi suficiente o que falamos entre nós; polo tanto, abandone o pleno.

Continúe, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Presidente, por favor, pregaríalle que...

O señor PRESIDENTE: Si, non se preocupe polo tempo, sei compensar o tempo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Ben, pois arrímese ben ao micrófono, colóquese ben.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Decía que os do Grupo Popular si sabemos a que vimos hoxe aquí. Vimos aquí defender eses galegos ou eses venezolanos que residen en Galicia que teñen a súa pensión, que teñen dereito a cobrar a súa pensión e que o Goberno de Maduro non llela está pagando dende hai ano e medio; homes e mulleres que están nunha situación crítica en moitos dos casos, incluso a piques dun desafiuzamento. A iso vimos hoxe aquí.

Eu viña coa idea, coa intención e co convencemento de que hoxe aquí todos estaríamos de acordo, de acordo en algo esencial, de acordo en poder axudar unhas persoas que están en situación de necesidade, e pensaba, ademais, que xusto eses da esquerda, que sempre están a defender con lóxica —e que nós compartimos— aquelas situacións de emerxencia, estarían tamén hoxe a defender e a apoiar que se resolva a situación que están a vivir estas persoas,

porque están a vivir nunha situación de emerxencia. Pero o que aquí escoitamos por parte dalgúns foi que hai que facer política. Eles son os que están facendo política, señores do BNG e señores de En Marea. Vostedes son os que veñen aquí falar doutras cousas hoxe, a non falar do que nos está ocupando, a non falar de Venezuela.

Claro que nós sabemos que houbo pensionistas que tiveron problemas en Noruega coas súas cotizacións, e en Alemaña. Vostedes presentaron propostas para iso e nós, dende o Partido Popular, apoiámolas e saíron por unanimidade. Pero falabamos deses nese momento. Nestes momentos estamos a falar de Venezuela e, por tanto, paréceme totalmente increíble que vostedes vaian pola parte puramente ideolóxica.

¿Que problema teñen, señores de En Marea, para exixirlle a Maduro? ¿Por que lles poden exixir a todos os países do mundo e non lle poden exixir a Maduro? ¿Que lle deben a Maduro? (*Aplausos.*) Ao mellor, o que pasa é que teñen a consigna daquel, de Pablo Iglesias, cando dixo en Venezuela: *¡Qué envidia me dais los españoles que vivís en Venezuela!* ¿Vostedes de verdade pensan iso? ¿Vostedes poden afirmar iso? ¿Vostedes, que conviven cos galegos que están sen cobrar as súas pensións, vostedes, que conviven con galegos e que seguro que teñen moita familia en Venezuela —porque ¡que galego non ten familia en Venezuela e non sabe o que están a pasar!— poden asinar iso? Nós non. Nós vimos hoxe aquí falar dos galegos e dos venezolanos que están en Galicia que non cobran as súas pensións. Diso é do que vimos falar.

E por iso nós apoiamos a moción que presenta o PSOE, aínda que presentamos unha emenda a esa PNL porque cremos que se pode mellorar, que se pode ampliar e que se pode concretar. O que pedimos é que se solucionen dunha vez os problemas con Venezuela, que o Goberno español interveña para que poidan, efectivamente, cobrar esas pensións de feito efectivo, canto antes, e que, mentres iso non sexa posible, poidan ter acceso a outras indemnizacións e axudas para que poidan saír desa situación de emerxencia na que están vivindo, de acordo cos informes que aquí se presentaron sobre a situación en Venezuela. E tamén dicirlles que nós non necesitamos eses informes que nos avalan, pero que nós xa os vivimos día a día porque todos coñecemos a un venezolano da nosa familia ou do noso contorno que está a ter problemas.

Para solucionar eses problemas de forma nestes momentos dende a Xunta de Galicia puxéronse xa en marcha distintos mecanismos. A Secretaría Xeral de Emigración está en contacto coas distintas institucións en Venezuela para intentar tamén solucionar este problema, e dentro das súas competencias estanse mellorando as axudas e os orzamentos que hai para os retornados. E tamén dende Política Social se modificaron as axudas de integración social en canto aos seus requisitos para que se teñan en conta non só os ingresos aos que teñen dereito, senón aqueles ingresos que se cobran efectivamente.

Tamén se asinaron convenios coas asociacións, coa Federación de Venezolanos en Galicia, para abrir oficinas en Ourense e Vigo, que é a zona onde máis afectados hai, e para que esas persoas de alí non teñan aínda por riba que gastar diñeiro e tempo en desprazamentos para ter as súas informacións e para axudalos tamén a levar a cabo os distintos trámites para poder solventar estas situacións.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Sabemos que isto non é suficiente. Sabemos que temos que seguir traballando, e é por iso polo que queremos e lle pedimos ao PSOE que teña en conta tamén as nosas emendas, que o que veñen é —creo— mellorar un pouco, ampliar un pouco, esas peticións que se facían, pero que coinciden no fundamental e que coinciden nese interese.

Nós desde aquí ofrecemos —e creo que todos os grupos deberíamos facelo— a nosa solidariedade aos venezolanos de Venezuela e aos venezolanos que están en Galicia. Deberíamos seguir traballando por iso dende a Xunta de Galicia, dende o Partido Popular...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...que o vai seguir facendo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: E espero que esta iniciativa, señor Villoslada...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...poida contar tamén...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...con esas melloras das nosas propostas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

¿Señora Prado, señora Solla, o que relataron nesta Cámara diríanllo directamente á cara aos 45.000 emigrantes galegos en Venezuela? ¿Si? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¿Diríanllo directamente na cara aos 3.500 pensionistas que están sen percibir a pensión de Venezuela despois de ano e medio? ¡É increíble escoitar nun Estado democrático e de dereito como é este identificar oposición política e terrorismo! É increíble escoitar esa afirmación dun grupo —a priori— que cre e confía no sistema dun Estado democrático de dereito. (*Aplausos.*)

Creo que faltan argumentos absolutamente por parte dos dous grupos, de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, para xustificar o inxustificable en relación con esta proposición non de lei. Falar de que o Grupo Socialista trae isto para tapar a corrupción do Partido Popular, en fin... (*Murmurios.*) Pero chamen, por favor, a Amnistía Internacional e pregúntenlle

—supoño que non dubidarán da lexitimidade moral e internacional de Amnistía—, para que sexa quen nos estea ditando as posicións que temos que presentar nesta Cámara en defensa dun Estado social e democrático que debe ser Venezuela. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Cos dereitos... *(Murmurios.) (O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non. Señor Cal, silencio.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Cos dereitos humanos non se pode estar a medias tintas e non se poden crear relatos nesta posverdade á que nos teñen acostumbrados todos.

Está clarísimo, si, o informe de Amnistía Internacional é contundente. Por favor, léano con detemento. *(Fortes murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Cal, chámoo á orde.

¡Silencio, por favor!

Señor Cal, chámoo á orde. Unha vez.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Se hai que acudir a falar doutros países, o Partido Socialista estará sempre apoiando calquera iniciativa de calquera grupo desta Cámara que traia aquí unha violación dos dereitos humanos; calquera. *(Aplausos.)* Pero o que acontece é que gran parte da emigración galega en Venezuela ten esta problemática, por iso está nesta Cámara, non noutra Cámara.

Pola nosa parte, e en relación coas emendas, apoiaremos e aceptaremos as presentadas por parte do Partido Popular para engadir ás que establecía a nosa proposición non de lei, para conquistar que precisamente o Goberno de España anticipe nas circunstancias taxadas as pensións que non están cobrando os pensionistas á conta do que no seu momento o Goberno de Venezuela teña que ingresar en virtude do convenio.

É unha pena —e remato—, pero xa vimos a semana pasada como tanto por parte de Podemos ou de Esquerra foron absolutamente contrarios á declaración que tamén este Partido Socialista presentou sobre a situación de Venezuela.

E falo case a título persoal, pero como deputado socialista, onte votamos, en relación coa Comisión de Angrois, en absoluta conciencia, e hoxe traemos esta iniciativa en absoluta conciencia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a

cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento previsto no Programa de Estabilidade de España 2017-2020 para o rescate de diversas autoestradas

O señor PRESIDENTE: Formulouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

No punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir ab initio o seguinte texto:

<<1. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno do Estado e lle demande a adopción de todas as ...>>

Emenda de modificación.

O punto 2 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

<<2. Demandar do Goberno do Estado que na Comisión Mixta de Transferencias que está prevista na Proposición de lei orgánica enviada ao Congreso dos Deputados habilite os fondos necesarios para proceder á súa transferencia de xeito que poda levarse a cabo unha rebaixa substancial das peaxes pagadas polos usuarios>>.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Señoras e señores deputados do Partido Popular, voulles ler uns nomes, a ver se acertan de que son: Ferrovial, Itínere, Sacyr, Citigroup, Abertis, ACS, Bankia, Acciona, Globalvia, OHL. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non sei se lles soan os nomes? Poderían ser da caixa B do Partido Popular, da caixa B de Bárcenas, ¿non? *(Aplausos.)*

Efectivamente, moitas das empresas aquí citadas están nos papeis desa contabilidade extracontable, *(Murmurios.)* na contabilidade extracontable do señor Bárcenas, do Partido Popular. Efectivamente, OHL tamén está na Púnica e nos papeis de Bárcenas por, por exemplo, pagos de 2 millóns de euros a través de —non sei se lles soan tamén estes nomes— Villar Mir, López Madrid —sóanlles, ¿non?—; están nos papeis tamén do señor Francisco Granados —non sei lles soa—... *(Murmurios.)* Si, si, si, *la abeja Malla, la abeja Malla, señora Prado. (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Investimento programado 2017-2020.

O señor BARÁ TORRES: Estas empresas que acabo de citar, que poderían estar e están moitas delas nos papeis de Bárcenas, son as empresa que, se non lle poñemos remedio, van embol-

sar cando menos 3.500 millóns de euros do erario público, dos orzamentos do Estado, para pagar os pufos das autoestradas programadas e impulsadas por aqueles fantásticos gobernos de magnífica xestión do señor Aznar: a autoestrada Madrid-Toledo, Madrid-Guadalajara, Madrid-Arganda, Madrid-Ocaña, Madrid-Navalcarnero, Ocaña-La Roda, circunvalación de Alicante, Cartagena-Vera —non sei se lles soan tamén, non sei se van por alí habitualmente—, pero ímolas pagar todos e todas con diñeiro público; máis de 3.500 millóns de euros para rescatar este desastre, esta desfeita, este espolio.

E non é só o rescate pola mala xestión das concesións, senón tamén o pago das expropiacións, porque tamén aqueles gobernos do Partido Popular eran tan magníficos xestores que previron un custo de 387 millóns de euros para as expropiacións e resulta que van custar 2.190 millóns de euros. Isto chámase ser uns magníficos xestores.

Hai 1.199 millóns de euros aínda pendentes de pago; iso chámase facer ben as contas. Pero en realidade todo queda na casa, porque moitas das familias beneficiarias destas expropiacións son familias ben coñecidas de terratenentes, como a familia do señor Juan Abelló, a familia Jove ou a familia Franco, tamén a do latifundio de Meirás, que tamén vai ser beneficiada por estas expropiacións.

Non imos falar aquí doutra longa lista de pufos dos gobernos do Partido Popular, pero con estas cuestións xa ao Partido Popular, ao PP, en vez de Partido Popular, deberíamos chamalo «Partido dos Pufos»; PP: «Partido dos Pufos»; (*Aplausos.*) eu creo que este nome lle acae moi ben.

E isto é consecuencia desas infraestruturas da economía de casino promovida polos gobernos do Partido Popular do señor Aznar, deses grandes gobernantes. Non sei tamén se lles soan os nomes: Rato —ademais de Aznar—, Cascos, Acebes, Matas, Zaplana; non sei lle soan todos estes nomes, non sei —despois podemos falar un pouco máis deles—, de brillante historial, moitos deles de brillante historial delituoso.

Pois ben, neses gobernos que impulsaron estas autoestradas, de construción e xestión privada, con ese contubernio da banca e das construtoras, as mesmas empresas construtoras resulta que eran tamén as concesionarias desas magníficas infraestruturas, e, se había beneficios, eran para as construtoras concesionarias; e, se hai perdas, son para que as paguemos todos e todas, con fondos públicos. Esa é a máxima do capitalismo depredador que practican, por certo, o único capitalismo que existe, por moito que queiran disfrazalo: privatización dos beneficios e socialización das perdas; xa o vimos tamén no caso da banca.

Iso si, vostedes, que son moi innovadores no Goberno, promoven a economía circular, economía circular —como se sabe— das portas xiratorias. Entón, resulta que aqueles magníficos gobernantes do señor Aznar os que non están presos, os que non están procesados, os que non están imputados deses gobernos que lles podemos chamar, con propiedade, gobernos delinquentes, están en consellos de administracións de grandes empresas. O señor Aznar, para empezar, Endesa; o señor Zaplana, en Telefónica; Isabel Tocino, xa non sei en cantas empresas está colocada, unha delas é Ence, tamén Enagás; Acebes, en Iberdrola; Josep Piqué, Juan Carlos Aparicio, Ana Isabel de Palacio y del Valle Lersundi —nobreza obriga—... Nesta

lista, que é unha pequena lista, non están moitos dos ex-presidentes, ex-ministros e ministros, ex-altos cargos, vinte e seis só nas eléctricas.

Polo tanto, señores e señoras do Partido Popular, non veñan aquí defender o indefendible, non veñan aquí defender o argumentario que lles mandan teledirixido desde Génova, para dicir —que é o que van dicir— que hai unha obriga de cumprir unha sentenza xudicial pola quebra das concesionarias; xa sabemos ese argumento, non o veñan repetir aquí.

¿Que me din, que nos din da falta de planificación, da nefasta xestión do modelo institucional, económico e de infraestruturas que nos trouxo ata aquí? Porque esa é a cuestión, esa é a clave, esa é a causa deste desastre que temos que pagar agora, que o Estado ten que pagar ou que ten intención de pagar, como lle transmitiu a Unión Europea, por ese sistema que vostedes escolleron e decidiron de financiamento e construción de infraestruturas.

A isto nós, o BNG, chámalle corrupción a grande escala, unha estafa; iso si, unha estafa perfectamente legal, bendicida polo Consello de Ministros, bendicida polo *Boletín Oficial do Estado*, bendicida pola Unión Europea. E os responsables desta estafa, os responsable desta desfeita, que teñen nomes e apelidos, non teñen que pagar as súas responsabilidades, senón que moitos deles, moitas delas, foron premiados con postos en consellos de administración.

Pois ben, resulta que agora o Goberno do señor Rajoy acaba de comunicarlle a Bruxelas, tal como se recolle nese Programa de estabilidade de España 2017-2020, que vai pagar pufos por valor de 3.500 millóns de euros a custa do erario público a empresas concesionarias das autoestradas, ás empresas amigas; nos orzamentos dos anos 2017-2018 vanse pagar con fondos públicos eses 3.500 millóns de euros. Estamos, polo tanto, ante un novo agravio desa suma interminábel de agravios que tamén se concretou recentemente nos orzamentos do Estado para 2017.

E, mentres aquí temos que sufrir o espolio e a estafa da AP-9, o mal servizo, as retencións, os accidentes —onte mesmo houbo un en Rande—, o incremento das peaxes, os beneficios millonarios da concesionaria, que fai cada día 300.000 euros de caixa, mentres se nos nega a posibilidade de xestionar por nós mesmos que este país xestione a AP-9 e acabar con esas abusivas peaxes, mentres que se di que non é posíbel o rescate da AP-9, que está máis que xustificado, si que hai 3.500 millóns para o pufo desas nefastas autoestradas. E o señor ministro de Inxustiza, señor Catalá, que foi durante un tempo ministro de Fomento, aínda se atreve a dicir que vai ser un bo negocio, que vai ser un bo negocio pagarlle 3.000; claro que si, un bo negocio para as empresas amigas, para esas empresas si que é un bo negocio. (*Aplausos.*) Non teñen vergoña.

Polo tanto, se teñen un mínimo de vergoña, de verdade, se teñen un mínimo de vergoña e de decencia, plántense ante este atropelo, ante este agravio, actúen con autonomía, poñan por diante o interese común, o interese de Galicia antes que o interese do Partido Popular e do señor Rajoy, apoien esta proposta do BNG, non sexan cómplices desta nova aldraxe, non permitan que mexen por enriba de Galiza e non digan que chove.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Intervención agora dos grupos.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputados.

O Grupo Parlamentario Socialista presenta dúas alegacións a esta proposición non de lei presentada polo Grupo do BNG, que cremos que van ser aceptadas ou polo menos en parte polo grupo proponente.

Como todos os deputados e deputadas sabedes, no pleno do 7 de marzo deste ano aprobamos por unanimidade, unha vez máis, unha proposición de lei orgánica para presentar ante o Congreso dos Deputados sobre a transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma galega, feito que, unha vez máis, parece que vai ser vetado no Congreso dos Deputados polo Partido Popular, sen ter en conta que para a poboación galega a AP-9 é unha vía vertebral que conecta toda a franxa atlántica e cinco das sete grandes cidades galegas, sendo por tanto unha das vías de conexión máis importantes que temos, tanto dende o punto de vista social como dende o punto de vista económico, sendo máis importante, aínda se cabe, se temos en conta que as posibilidades de comunicación fóra desta autoestrada coas mesmas poboacións son dificultosas, tanto pola calidade das infraestruturas como polo tempo que nos levaría a súa comunicación.

Pero, aínda así, aínda a pesar da grande importancia que ten para Galicia, a AP-9 segue a depender do Goberno central, cunhas peaxes demasiado elevadas no contexto español, que limitan o acceso ás persoas e lastran o desenvolvemento dos sectores económicos galegos.

En base a isto, no Parlamento galego —e insisto, por unanimidade de todos os grupos— actuamos para que, en base ás competencias que lle outorgan as leis á nosa Comunidade Autónoma, que veñen indicadas tanto no Estatuto de autonomía de Galicia coma na Constitución Española e na demais normativa sectorial, se acade esta titularidade e transferencia das competencias sobre o réxime xurídico desta autoestrada e se acade o traspaso efectivo das funcións e servizos sobre a dita infraestrutura.

E, ademais, pídese tamén que se constituía unha comisión mixta de transferencias entre o Estado e a Xunta de Galicia para que se fixen as condicións do traspaso dos servizos, así como o correspondente real decreto. Non obstante, esta petición non se ve reflectida no borrador de orzamentos xerais do Estado, mentres que o rescate das radiais madrileñas si aparece no denominado Programa de estabilidade de España 2017-2020, cun importe de 3.500 millóns de euros.

Volvemos debater aquí outra vez unha forma de gobernar que ten o Partido Popular: gasto dos cartos públicos en cousas fundamentais como autoestradas radiais ruinosas, aeroportos para

as persoas, circuítos de Fórmula 1 para os toxos ou auditorios baleiros, gastos megalómanos para o baño de aplausos nas súas inauguracións, para que as empresas privadas fagan negocio e nalgún caso tamén os políticos que as encargaban, sen facer estudos rigorosos para establecer a viabilidade ou non das ditas infraestruturas, na época de «España va bien», «todo vale» «gasto a esgalla», «roubo do público sen pudor» —e así nos foi despois a todos, ¡vaia se nos foi ben! —, axudando dunha maneira determinante a que o noso país afondara aínda máis nunha brutal crise na que os máis desfavorecidos foron dobremente castigados pola súa situación económica e porque gran parte dos recursos que se deberían destinar a estas persoas máis vulnerables para que puideran pasar a crise dunha maneira mellor foron enriquecer os petos duns poucos e facer infraestruturas para ninguén e para nada.

¿Son vostedes conscientes da cantidade de cartos públicos que se teñen investido nestes gastos innecesarios? De verdade, ¿non lles cae a cara de vergoña que compañeiros e compañeiras do seu partido poidan seguir dando leccións de ética e de bo comportamento? Eu realmente sinto vergoña allea. Sexan contundentes, repróbenos, repúdienos. Estannos facendo un dano irreversible a toda a clase política e sobre todo a toda a sociedade no seu conxunto. Se non se senten cómplices, pidan a súa expulsión publicamente e colaboren para que a Xustiza, o máis pronto posible, actúe con contundencia e paguen política e socialmente polo que fixeron.

O Grupo Parlamentario —xa o dixen antes— presenta dúas emendas: unha primeira na que se pide que se inste o Goberno do Estado e unha segunda de modificación na que pedimos que, se no Programa de estabilidade de España 2017-2020...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...non están incluídos estes fondos, se outorgue unha marxe de confianza para que sexa no seo da comisión mixta de transferencias que está prevista na proposición de lei enviada ao Congreso dos Deputados onde se habiliten os fondos necesarios para proceder á súa transferencia...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...de xeito que poida levarse a cabo unha rebaixa substancial das peaxes pagadas polos usuarios.

Remato xa, señor presidente.

Esperamos que o noso presidente de Galicia recupere a interlocución co presidente do Goberno e que a través desta comisión mixta se habiliten os fondos necesarios para Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

Hoxe veño de substituto. E quería empezar dicindo que a proposta do BNG me gusta moito, e quero dicir que a defensa dela que fixo Luís Bará fai que me guste moito máis realmente. Por tanto, nós imos apoiar esa iniciativa, aplaudíndoa claramente.

Eu creo que o tema das radiais se vai estudar nas escolas de negocios mundiais, de como se perpetra unha estafa contra o Estado, e como interveñen todos os axentes: o *lobby* construtor, que decide construír unhas autovías para obter beneficios; o *lobby* bancario, que decide financiar esa construción de autopistas en base a uns estudos de viabilidade.

E para todos aqueles que defenden a libre competencia, o mercado, que non se pode caer no risco moral, que empresas que non son viables teñen que pechar, etc., aparece o papel do Estado. Empresas privadas, financiadas con bancos privados, deciden facer uns investimentos que resultan ruinosos. Iso, na economía de libre mercado das escolas de negocios, pois debería acabar coa quebra das empresas, e punto.

Pero non, as empresas foron quen de que o Estado asumira que, se obtiñan beneficios, eran para elas, pero, se quebraban, o Estado, ou sexa, nós, a cidadanía, lles pagabamos os cartos.

¿Saben de quen son esas autopistas agora? Empezaron sendo de empresas construtoras, que venderon os títulos a bancos, e os bancos españois vendéronos a fondos de investimento norteamericanos, de tal xeito que non se sabe nin sequera quen é o propietario; saberase no momento no que paguemos, ¿non?

É evidente que aquí se fai explícita esa teoría da socialización das perdas: cando hai beneficios, para as empresas; cando hai perdas, que pague a cidadanía.

A única cousa positiva que ten esta estafa é que abre un debate. O Partido Popular dixo que vai nacionalizar as autopistas. Bueno, aceptemos ese debate. Aceptemos ese debate: vai nacionalizar as autopistas. E nese sentido nós o que dicimos é: ¿por que se poden investir 3.500 millóns de euros en tapar un burato para que os cartos os leve un fondo de investimento norteamericano e por que non se poden investir 1.800 millóns de euros en nacionalizar un negocio redondo como é a AP-9?

Eu vou recordar aquí algunhas cifras. Audasa, na AP-9, reparte en dividendos netos 1 de cada 3 euros que factura, ten uns beneficios antes de impostos de 1 de cada 2 euros e ten —para aquel/aquela que teña conceptos de economía— un *cash flow* de 3 de cada 4 euros que factura. Non hai nada máis rendible que ese monopolio que estafa o conxunto da cidadanía galega.

Segundo as contas anuais de Audasa, ata que remate a concesión vai facturar —atención— 10.000 millóns de euros. Se ti gañas 1 de cada 2, 5.000 millóns de euros de beneficios antes de impostos.

Nós pensamos que este é o momento de abrir ese debate. ¿Hai que transferir a competencia? Si. Pero hai que ir máis alá. E ese máis alá é a necesidade de estudar cal é o procedemento e

o custo para que a autopista do Atlántico, a AP-9, sexa nacionalizada, sexa pública, sexa propiedade dos galegos.

E nós non o emendamos, pero animariamos o BNG a que entráramos nesa demanda de que o Goberno galego faga un estudo serio e rigoroso para determinar o procedemento e o prezo para que esa vía central na comunicación na mobilidade galega sexa de propiedade pública. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Bos días, señor presidente.

Señorías.

Señor voceiro do BNG, permítame que lle diga, co máximo respecto, que neste tema da autoestrada AP-9 non fai máis que demagogia e confundir os cidadáns con enganos e medias verdades.

Parece que non teñen claro cal é o obxectivo común dos galegos e desta Cámara, que non é outro que conseguir o traspaso da AP-9 a Galicia o máis axiña posible, pero, con estas demagogias, con medias verdades e con enganos, non se axuda nada, nada de nada. Porque dicir que o caso da AP-9 é igual que o de Cataluña ou do País Vasco é enganar, como ben lle expliquei o outro día. E, por certo, nos tres casos, con peaxes aínda máis caras.

O que temos que facer na defensa deste traspaso é falar con datos reais, que non sexan cuestionados pola mesma xente que os ten. E, do mesmo xeito, equipar o rescate das concesións das radiais de Madrid co caso da AP-9 é volver enganar a xente.

Como ben sabe vostede, o chamado rescate das radiais, que non é outra cousa que un reinvestimento desa concesión, é unha situación sobrevida por unha quebra dunha concesión pública, e existe un contrato que hai que cumprir e unha lei que obriga o Estado a facerse cargo das concesións quebradas, para non perder un servizo público; se non, habería que pechalas. A Administración, por lei, ten unha responsabilidade patrimonial á que ten que facer fronte.

O que me estraña é que vostedes, señores do BNG —e señoras, perdón—, non coñezan esta responsabilidade, porque cando gobernaron deixaron firmadas responsabilidades patrimoniais de concesións por máis de 200 millóns de euros aos galegos, que calquera goberno que veña despois terá que facer fronte se pasa algo parecido ao de Madrid.

Por certo, gustárame recordarlle unha cousa: fixo unha lista de empresas. ¡Que casualidade! As mesmas empresas coas que vostedes deixaron esas concesións tamén. ¿Que pasa? O único que se lle olvidou foi poñer na lista de nomes o señor Anxo Quintana e o señor Fernando Blanco. Iso é o que completaría a lista. *(Aplausos.)*

Señor do BNG, pregúntame que digo eu do modelo. Pois contéstese vostede mesmo, porque é o mesmísimo modelo que fixo o BNG cando gobernaba en Galicia, o mesmísimo en todo, e o mesmísimo que fai o PSOE en Madrid cando goberna. Polo tanto, con que incorpore a Anxo Quintana pode vostede soamente respostarse á pregunta que me facía.

Vostede sabe perfectamente que non é unha opción, senón que é unha obriga, e sabe perfectamente que o ministro xa dixo que é posible que se cree ou unha empresa pública que manteña as peaxes ou se volvan licitar. En calquera dos casos, non se van poñer eses cartos, teñen que estar en orzamentos, porque hai xa sentenzas xudiciais que obrigan a facerse cargo desas concesións en quebra, pero sabe perfectamente que teñen que aparecer e teñen que facerse cargo mentres non se chega a un acordo, a un convenio ou a unha solución desa obriga legal. Buscará o Goberno a solución menos gravosa.

Pero permítanme tamén, despois de escoitar a voceira do PSOE, que, claro, escoitar a señora Rumbo falar de que se nos tiña que caer a cara de vergoña, cando isto xa veremos a cantidade que hai que poñer, pero o que si sabemos seguro que hai que poñer é, na magnífica xestión dos gobernos de Zapatero, cos señores Montilla e Sebastián, no Castor 1.300 millóns de euros, si ou si, e hai que poñer na AP-7, coa excelentísima ministra dona Magdalena Álvarez Arza, que firmou un compromiso que garantía uns ingresos á concesionaria, en contra da opinión da Intervención Xeral do Estado, por sentenza xudicial, 1.500 millóns de euros.

¿E di vostede que ten que caernos a cara de vergoña? Iso si, e logo escoitar conxuntamente a PSOE e BNG falar de pufos. ¿Sabe quen é o partido dos pufos? O Bipartito (*Murmurios*.) Vou recordarlles, xa que vexo que teñen pouca memoria, que son os do pufo, son os do gran burato, o gran burato, 2.200 millóns de euros que os orzamentos do Bipartito obrigaron logo os gobernos de Feijóo a pagar por todos os galegos; 2.200 millóns de euros, que, como sempre, deixaron de pufo os gobernos bipartitos e agora teñen que pagar os gobernos e a xestión do Partido Popular. Esta é sempre a historia dos pufos, os pufos son do Bipartito e logo ten que chegar o Partido Popular a pagar eses pufos anteriores, o gran burato de 2.200 millóns de euros, 2.200. (*Aplausos*.) E estes 2.200 millóns de euros non os pagan todos nin os vai pagar outra concesionaria nunha nova licitación; estes 2.200 pagámolos os galegos todos os anos, os galegos. (*Murmurios*.) Xa sei que non lles gusta, non se preocupen.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: O que quero concretar é que non apoiaremos esta proposición. (*Murmurios*.)

Pero, escoitando os argumentos do BNG, o outro día aínda me daba algo de cousa que non puideran ir defender o traspaso da AP-9 a Madrid, pero hoxe, despois de escoitar estes argumentos, case que me alegro de que o BNG non estea nesa comisión parlamentaria que ten que defendelo (*Murmurios*.), porque, con estes argumentos, cheos de mentiras, de falsas verdades, cando hai que dicilos diante da xente que ten os datos, o único que facemos é tirar en contra.

Iremos a Madrid pelexar o traspaso —remato, presidente— da AP-9, pero con datos reais, con propostas cribles e sen enganar os galegos.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Se non estaba claro, agora quedounos máis claro por que nos vetaron nesa delegación para defender a AP-9 en Madrid (*Aplausos.*), porque os molestan as verdades que dicimos, porque os molestan as verdades que dicimos e non queren que se escoiten esas verdades no Parlamento do Estado, claro. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor BARÁ TORRES: E agora o señor Fernández Prado atribúese a representación dos galegos e galegas; os do BNG non somos galegos e galegas.

Mire, os orzamentos do Estado do ano 2017 son realmente un axuste de contas con Galiza, son un axuste de contas, porque vostedes en Madrid toman Galiza como terra conquistada e entón fan o que lles dá a gana. E agora estamos aínda pendentes da negociación con Canarias. Todos os incrementos de orzamentos que houbo por exemplo no gasto militar, o pago da débeda, a redución dos investimentos en Galiza de 440 millóns de euros, e tamén ese peto de 3.500 millóns para pagar o rescate das autoestradas madrileñas, un auténtico escándalo.

E chove sobre mollado, chove sobre mollado, se é chuvia, se isto é chuvia e non outro líquido non inodoro e non incoloro, porque máis parece esoutro líquido máis que chuvia esta cuestión.

Pois ben, e ademais, se non fose isto suficiente, se non fose suficiente este recortazo, se non fose suficiente este agravio dos 3.500 millóns que hai para pagar ese rescate, resulta que nos últimos catro anos deixaron sen investir máis de 2.000 millóns de euros dos orzamentos do Estado en investimentos en Galiza, e non foi, como di o señor Feijóo, porque houbera un goberno en funcións no ano 2016, porque ese diñeiro non se gastou tampouco no 2014, no 2013, no 2015, en ningún deses anos. (*Aplausos.*) Non é porque houbese un bloqueo do Goberno en funcións, foi unha cuestión repetida, e agora alegrámonos de que baixasen 440 millóns.

E a isto hai que sumarlle o agravio do financiamento autonómico, o agravio do financiamento para os concellos, pero, bueno, vostedes están contentos co papelón que están facendo a respecto da AP-9. O señor Feijóo dicía aquilo de «Galicia primeiro»; pois non, non é Galiza primeiro; primeiro son as autoestradas radiais madrileñas, que son as que se van pagar cos orzamentos do Estado.

Polo tanto, pedímoslles que non permitan esta humillación, que rompan con esta actitude de submisión e de vasalaxe e, polo tanto, que defendan de verdade os intereses de Galiza.

Mire, vostede na súa intervención non nos consideraba entre a poboación dos galegos e galegas, puña en cuestión que fomos galegos e galegas como vostedes. Efectivamente, entre vostedes e nós hai diferenzas, hai moitas diferenzas a nivel ideolóxico; unha delas é que nós

non temos ningún militante en Soto del Real. *(Aplausos.)* E vostedes, se seguen así, acabarán facendo os congresos en Soto del Real. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Con respecto ás emendas do PSOE, aceptamos a primeira, e a segunda tamén a aceptamos como engádega, que sería o punto terceiro do acordo.

O señor PRESIDENTE: Vale, a segunda como engádega.

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

¿Si, señor Puy? ¿Para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Puy, por favor.

O señor PUY FRAGA: Pido a palabra de acordo co que establece o artigo 76.1 para os casos nos que no curso dun debate se fan xuízos de valor ou se pronuncian frases ou palabras inexactas.

O señor PRESIDENTE: ¿E cal é a inexactitude?

O señor PUY FRAGA: Pois a que acaba de facer o señor deputado do Bloque Nacionalista Galego. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdón, hai que saber cal é a inexactitude e eu valorarei se iso é así ou non.

O señor PUY FRAGA: Dixo, referíndose ao Grupo Popular, que vetou a presenza do Bloque Nacionalista Galego na delegación do Parlamento de Galicia que defenderá a transferencia da AP-9 en Madrid. Non existe tal veto, *(Murmurios.)* o meu grupo mesmo podería ter designado por número de votos dous representantes dos tres que como máximo marca a Constitución que poden acudir a ese debate. E lonxe, desde logo, da intención do Partido Popular de vetar ningún grupo. Os dous postos restantes que quedaron na Cámara foron atribuídos por votos e hai dous grupos que teñen máis votos que o Bloque. Polo tanto, non houbo veto, senón que houbo un simple reconto dos votos dos deputados que ten cada grupo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Correcto.

Grazas.

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

¿Si, señora Pontón? ¿Para que quere a palabra? Precise para que é. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿E cal é a inexactitude?

Si, si, déanlle voz ao escano.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu, en primeiro lugar, señor presidente, non sei se agora nos debates ten o dereito o Grupo Parlamentario Popular a pechalos, que é o que acaba de facer o señor Puy.

O señor PRESIDENTE: Non, non, formule cal é a inexactitude, iso valóroo eu. ¿Cal é a inexactitude que hai neste caso?

A señora PONTÓN MONDELO: Ao Grupo Parlamentario do BNG, desde logo, o que cada día nos queda máis claro é que aquí hai un uso absolutamente arbitrario...

O señor PRESIDENTE: Non, non, iso non é. Non ten a palabra, señora Pontón. *(Murmurios.)* Señora Pontón, non ten a palabra.

Eu entendín o que se quixo dicir e exactamente é así. Aquí votouse. Houbo unha votación no Parlamento, que foi quen elixiu o representante. Non ten, polo tanto, a palabra. *(Murmurios.)* *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, non ten a palabra. Señora Pontón, non, non ten a palabra, porque xa sei cal é... Está corrixida. Grazas. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, deille a palabra pero non para o que vostede a pedía. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non, non está... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Síntoo. Grazas, señora Pontón. Non ten a palabra. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non ten a palabra. Non. Grazas. ¡Xa está! ¡Xa está! ¡Non ten a palabra, señora Pontón! *(Murmurios.)* *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non. Nada. Bueno, ¡o que queira! *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

¡Señora Pontón! ¿Terminou isto? Se non, téñoa que chamar á orde, señora Pontón. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, pois terei que chamala á orde. Non, non é un asunto que eu queira, pero se isto é así, terei que facelo. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* A min correspóndeme controlar o debate. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, terminou o debate. Terminou. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Imos votar. *(Murmurios.)*

¡Silencio!

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos as votacións. Quedou pendente unha votación dunha moción de onte, en concreto, a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao.

Había pendente unha transacción; non sei se hai transacción.

(A señora Rodríguez Arias pide a palabra.)

¿Si, señora Rodríguez Arias? ¿Para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Para recordar que o Grupo Popular solicitou a votación por separado dos puntos 2, 15 e 18 do apartado a) e do punto 5 do apartado b).

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Señora Vázquez Verao, ¿acepta vostede a votación por puntos?

A señora VÁZQUEZ VERAO: Non. Agradecendo a valoración deses puntos, chegamos a unha transacción coas emendas...

O señor PRESIDENTE: ¿Pero non acepta a votación por puntos?

A señora VÁZQUEZ VERAO: Non.

O señor PRESIDENTE: ¿E a transacción á que chegaron?

A señora VÁZQUEZ VERAO: A transacción é no punto 9 do bloque a); quedaría deste xeito a redacción: «Recuperar progresivamente a xestión directa dos comedores escolares con implicación das administracións autonómica e local, garantindo a gratuidade do servizo e as prazas suficientes para todo o alumnado».

E con respecto á emenda presentada polo Grupo Socialista no bloque b), ao apartado 2, aceptada.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos, polo tanto, esta transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e D. Luís Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación cos datos referidos á pobreza infantil.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as proposicións non de lei.*

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular da señora Amigo Díaz.

Estaba pendente unha transacción. ¿Non hai transacción? ¿Vótase como está?

Votamos a proposición non de lei tal como está.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e catro deputados/as, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da mellora e clarificación da regulación da publicidade sanitaria, no relativo a centros, establecementos, bens e servizos, para evitar anuncios enganosos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez.*

Foron rexeitadas as emendas. Polo tanto, votamos a proposición non de lei tal como está redactada.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e oito deputados/as máis, sobre o mantemento e promoción pola Xunta de Galicia das axudas na Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago, como mínimo, ata o ano 2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de don Francisco Casal.

Xa manifestou quen defendeu a proposición non de lei que acepta as emendas do BNG e do PSOE.

Votamos, polo tanto, coas emendas incorporadas.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prácticas comerciais que están a levar a cabo as compañías distribuidoras de electricidade para contratar ou trasladar os seus clientes ao mercado libre de enerxía eléctrica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de don Antón Sánchez García.

Xa manifestou quen defendeu esta proposición non de lei que acepta a emenda do PSOE e non acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, ¿si? ¿Para que quere a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Quere solicitar a votación por puntos.

¿Quen se pronuncia?

Señor Villares. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdón. Ten que pronunciarse alguén. Non estando o señor Sánchez, pronúnciase o señor Villares.

¿Acepta a votación por puntos?

O señor VILLARES NAVEIRA: Non aceptamos a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Non aceptan a votación por puntos.

Votámola tal como está redactada.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre o traslado pola Xunta de Galicia ao Congreso dos Deputados da solicitude de constitución dunha comisión parlamentaria de investigación sobre as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o 24 de xullo de 2013, así como sobre as condicións da seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora — aínda que foron debatidas de xeito conxunto, votámolas por separado — as proposicións, en concreto, a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de don José Manuel Pérez Seco.*

Foi aceptada a emenda de En Marea e a súa autoemenda tamén, loxicamente, é aceptada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto e as perdas económicas ocasionadas polas xeadas acaecidas a finais do mes de abril de 2017 ao sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe nas provincias de Lugo e Ourense.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don José Luis Rivas Cruz.*

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O señor Rivas Cruz pide a palabra.)

¿Si? ¿Para que quere a palabra, señor Cruz? (O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: *Si, léaa, por favor.*

O señor RIVAS CRUZ: *Quedaría en catro puntos:*

O 1º sería: «Avaliación seria e prolongada, polo menos dun mes, para contemplar a posible recuperación total ou parcial dalgúns cultivos». O punto 2 sería: «Abrir liñas de axudas directas por superficie ou quilos de froitos afectados». O número 3 sería: «Contemplar nesas axudas todos os produtores afectados». E o 4º sería: «Establecer unha negociación coas compañías de seguros agrarios para que se adapten á realidade deste país».

O señor PRESIDENTE: Votamos esa transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola xeada no viñedo na noite do 26 ao 27 de abril de 2017 nas provincias de Lugo e Ourense, principalmente nas zonas de denominacións de orixe do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada.

Acéptase como engádega a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(A señora Prado del Río pide a palabra.)

¿Si, señora Prado? ¿Para que quere a palabra? (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

Pide a votación por puntos. ¿Acepta vostede a votación por puntos? ¿Si? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Perdón? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Vostede é o que pode aceptar a votación por puntos. E está incorporada como engádega a emenda do Partido Popular. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, aceptouna, aceptouna como engádega, non hai transacción. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Diso non me informaron a min. Eu teño aquí: aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Popular como engádega. Foi o que dixó vostede dende a tribuna. (O señor Díaz Villoslada pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, déanlle voz ao escano, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, nós incorporamos as emendas do Partido Popular, de forma que a PNL quedará en catro puntos —achegaremos agora á Presidencia o texto—. E si aceptamos tamén a votación aos catro puntos nos termos que coñece o Grupo Popular.

O señor PRESIDENTE: É o que estamos dicindo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Pero a transacción é esa! Aceptan a emenda do Grupo Parlamentario... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah! Pero a min non me fixeron chegar esta transacción. ¡Claro, se non mo din! *(Murmurios.)* É difícil, ¡eh! As cousas xa son complexas de por si, pero, se aínda encima non temos información, é moito máis difícil. Bueno, perdoen esta licenza.

¿Leo a transacción? Terei que ler a transacción, ¡claro! *(Murmurios.)*:

«1. Demandar do Goberno do Estado unha acción exterior firme, prioritaria e prudente co Goberno da República de Venezuela que, apostando polo diálogo, garanta as liberdades democráticas venezolanas coa liberación dos presos políticos, asegure os necesarios procesos electorais transparentes e exixa o máximo respecto aos dereitos humanos.

2. Demandar do Goberno central unha solución urxente con Venezuela co fin de garantir a protección da nosa emigración naquel país, reforzando os contactos diplomáticos co Goberno venezolano e promovendo as accións legais que sexan oportunas en aras do efectivo cumprimento do Convenio bilateral de Seguridade Social entre España e Venezuela asinado o 12 de maio de 1988, establecendo os mecanismos precisos para que o Goberno de Venezuela garanta ao español o pago do importe íntegro das cantidades debidas e a continuidade das prestacións.

3. Que se dirixa ao Goberno de España para que garanta aos pensionistas de Venezuela residentes en Galicia e no resto do Estado, que cumpran os requisitos exixidos polas normas xerais españolas, o cobro da pensión que lles corresponda por non ter efectividade os ingresos de Venezuela, de tal xeito que poidan percibir a prestación periódica que proceda en función da súa situación social, segundo o previsto na nosa lexislación vixente, adiantándoa de xeito transitorio sen carácter consolidable e con carácter reintegrable ata que o Goberno de Venezuela volva regularizar o pago das súas pensións.

4. Adoptar todas as medidas necesarias para atender as necesidades máis urxentes dos emigrantes galegos máis afectados pola súa situación en Venezuela e polo non pagamento das súas pensións por parte do seu Goberno.»

Esta é a transacción que imos votar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esta é a transacción, señora Prado. Vostede pide por puntos e vostede acéptalle os puntos, entón, ¿que puntos son en concreto? *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* O primeiro separado e os outros todos xuntos.

Votamos en primeiro lugar o punto número 1. Votamos.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación política e social que se está a vivir en Venezuela, e nomeadamente a das persoas galegas emigrantes nese país.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; votos en contra, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 1 deste texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora os puntos 2, 3 e 4 desta proposición non de lei.*

Votación dos puntos 2, 3 e 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación política e social que se está a vivir en Venezuela, e nomeadamente a das persoas galegas emigrantes nese país.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 60; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os puntos 2, 3 e 4 deste texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: *Votamos por último... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Perdón? Presentes na sala serían 72, afirmativos serían logo 60 e o restante serían 12 abstencións, evidentemente; facendo así un cálculo, así... (Risos.) Ten que ser así, xa se borrou. Creo que o fixen ben, eran 59, máis 1 son 60, de momento. (Risos.)*

Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, defendida polo señor Bará.

Acepta a primeira parte da emenda e acepta a segunda parte da emenda do Grupo Parlamentario Socialista como engádega.

Votamos, polo tanto, estas aceptacións. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento previsto no Programa de estabilidade de España 2017-2020 para o rescate de diversas autoestradas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: *Terminaron as votacións, abran as portas, por favor.*

E continuamos co punto quinto da orde do día, que é o de interpelacións.

Interpelación de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as instrucións ditadas para a realización, no curso 2016-2017, das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, grazas, señor presidente.

Señorías, señor conselleiro de Educación, moi bo día.

Vimos aquí interpelar sobre algo que é un pufo —este, señor Prado, si que é un pufo—; é un pufo que ademais ten un único responsable, que é o Partido Popular; é un pufo que ten un único responsable, que é un ministro de Educación do Goberno do Estado, que se empeñou en facer unha Lei de educación que era totalmente innecesaria e que produciu unha cantidade de improvisación educativa que non ten precedentes na historia educativa deste país; e, ademais, este pufo, señor Prado, si que afecta todos os galegos e as galegas, afecta todos os alumnos galegos e galegas que este curso se van examinar dentro duns días das probas de avaliación do bacharelato para acceso á universidade.

Ademais, é unha interpelación que vén motivada non por unha iniciativa política de ningún dos grupos da oposición, que, por certo, temos presentado calquera dos tres numerosas iniciativas ao longo de todo este curso desde que se constituíu o Parlamento correspondente a esta décima lexislatura, como sabe vostede perfectamente. Pero é que o pintoresco desta interpelación é que vén motivada por unha investigación de oficio que decidiu abrir a institución do Valedor do Pobo. Polo tanto, creo que cualitativamente a podemos considerar distinta, porque xa se sabe que os grupos da oposición temos unha teima particular en buscar problemas onde non existen, pero resulta, ao mellor, que esa forma de actuar non é compartida por unha institución que sabemos que é neutral e que defende os dereitos de toda a cidadanía ante as actuacións, neste caso, da Xunta de Galicia.

O pasado día 5 de abril a valedora do pobo abriu unha investigación de oficio como consecuencia da publicación que vostedes fixeron da Resolución do 21 de febreiro de 2017 conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, na que se regularon as probas de acceso á antiga selectividade —para entendernos—, que agora se chama «avaliación do bacharelato para o acceso á universidade». E sobre esta resolución, que tardaron vostedes máis dun mes en publicar desde que se asinou por parte dos dous responsables antes citados —posto que a resolución é do 21 de febreiro e saíu publicada no *Diario Oficial de Galicia* do día 27 de marzo—, pivotan todas esas dúbidas que tentarei trasladar de forma moi resumida.

Que conste que xa é suficientemente grave que unha Consellería de Educación responsable, como se supón que é a Consellería de Educación, tarde un mes en publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha resolución sobre a que se leva demandado durante todo este curso suficiente claridade e suficiente antelación. Supoño que sabe vostede que no día de hoxe aínda hai pro-

fesores e profesoras nos institutos desta comunidade autónoma que non son quen de explicar con claridade como se vai obter a cualificación entre o 10 e o 14, é dicir, esas dúas asignaturas que serven para subir a cualificación de acceso á universidade, ademais da que se obtén na parte xeral, porque non o publicaron con suficiente antelación, porque non o explicaron bastante. E créanme que lamento como profesional deste gremio que se dea esta situación, que esta situación non é atribuíble á incapacidade do profesorado para entender os textos normativos senón á improvisación. E esa improvisación ten un único responsable, e ese responsable —e este é o Parlamento de Galicia, esta non é unha comisión técnica de educación—, ese responsable político é o Partido Popular, é o Partido Popular de España e é o Partido Popular de Galicia.

Nesa resolución seméntanse dúbidas sobre tres aspectos basicamente. E insisto: non se trata dunha cuestión meramente técnica, pero si que ten unha transcendencia importante. Unha delas é a exención da materia de Lingua Galega para aqueles alumnos que non cursaron o primeiro curso de bacharelato nesta comunidade autónoma porque fixeron ou ben unha estadía no estranxeiro para facer o primeiro curso ou estiveron noutra comunidade autónoma deste Estado. Xa sei cal vai ser a resposta; evidentemente, desde un punto de vista técnico é así. É dicir, eses alumnos non teñen dereito á exención da materia de Lingua Galega en segundo de bacharelato, iso seino, e, polo tanto, como a proba se refire ao segundo curso teñen que examinarse necesariamente desda materia.

Pero ese non é o contexto de seguridade xurídica co que eses alumnos saíron facer o primeiro curso de bacharelato o curso pasado. Claro está que naquel momento vostedes tiñan unha suficiente maioría parlamentaria no Estado, e, polo tanto, no Congreso dos Deputados, para aguantar desda Lei orgánica de educación; agora non a teñen e vense obrigados a, en primeiro lugar, desactivar a necesariedade de superar a avaliación do bacharelato para obter o título. Iso xa sabemos que non existe de momento; confiemos en que siga sendo así. Pero tamén se viron na obriga de montar simultánea ou alternativamente un sistema para que estes alumnos de segundo de bacharelato poidan acceder á universidade.

Por se isto fora pouco, esta inseguridade xurídica que se lles crea, ese cambio de escenario, resulta que a Ciuga publicou na súa páxina web —que parece ser que agora é o modelo oficial polo que a cidadanía debemos entender que xa estamos informados da normativa que se vai publicar, non os diarios oficiais, senón a páxina web— dúas ponderacións distintas —parece ser—, aínda que tamén sei que a Consellería de Educación non ten competencias directas sobre a organización universitaria, tamén o sei —xa ve que non lle vou botar a culpa, eu mesmo o estou desculpando—, pero tamén habería que dicirlles ás universidades de Galicia que este tema era suficientemente transcendente para que foran un pouco máis coidadosos —estamos falando das máximas institucións académicas da nosa comunidade autónoma— co que publican, porque xerou, evidentemente, protestas, e eles déronse conta de que as cousas non estaban demasiado ben feitas.

E adicionalmente temos o problema —e así o recoñece a valedora do pobo— da inseguridade xurídica e das posibles impugnacións do proceso que xera o feito de que haxa alumnos que van acceder á universidade sen ter superada nin a antiga selectividade nin a nova proba de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade. E diso tamén sei que non é respon-

sable a Consellería de Educación, posto que se dita con base no que estableceu o propio Ministerio de Educación. Pero ese Ministerio de Educación, señor conselleiro, tamén ten un responsable político, que é o seu ministro e ademais voceiro do Goberno do Estado. E esa improvisación, ese non darse conta de que esta situación se ía producir, di pouco desapermanente máxima que teñen vostedes cada vez que interveñen de que son gobernos responsables, gobernos que planifican a actuación con suficiente antelación, gobernos que analizan cales son todos os posibles escenarios que se poden presentar. Polo tanto, repito: compatibilidade entre a realidade e a súa teoría pouco.

Polo tanto, o que lle veño pedir aquí non é unha explicación técnica; este non é un foro técnico, é o Parlamento de Galicia. Quero dicir que o que quero é unha resposta política e saber que valoración se fai desde a súa consellería do feito de que a valedora do pobo teña aberta esa investigación de oficio, e se van adoptar algunha medida, que xa sei que, evidentemente, non, porque a selectividade, a ABAU —perdón— vai ser dentro de dúas semanas, os días 7, 8 e 9 de xuño, pero supoño que terán algunha previsión sobre os posibles recursos e impugnacións que se poidan xerar como consecuencia deste novo modelo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Ben, bos días, señor presidente, señorías.

Señor deputado, vostede fálame de cuestións políticas e de cuestións técnicas. Esta resposta que vou facer eu, que obviamente ten un carácter político, susténtase claramente nunha reflexión e nunha análise técnica de todo o proceso que vostede aquí plantexou. Porque vostede lanza dúbidas técnicas, e con base nesas dúbidas técnicas constrúe un discurso político, pero, obviamente, estamos a falar de que esas dúbidas técnicas que lle dan para o seu discurso político teñen unha resposta técnica e xurídica que lle intentarei explicar da mellor maneira posible.

E referente ao que me interpela respecto de que opinamos de que se nos abrise unha investigación de oficio. Mire, nós temos o máximo respecto pola institución do Valedor do Pobo, que si que entendemos este grupo, e este Goberno así o entende, que é absolutamente neutral no seu desenvolvemento ou no desenvolvemento das súas actividades. Outra cousa é que acerte sempre; iso é diferente. Tamén me gustaría dicir que hai grupos nesta Cámara que non fan esta reflexión e que fan un ataque constante a esta institución. Non vostede, non vostede, obviamente, nin o seu grupo, pero si algúns grupos que cando as augas lles van polo seu camiño miran para a institución do Valedor do Pobo e pónena en valor, e cando non lles van polo seu camiño pónena —como se soe dicir— a caldo, de xeito literal, e perdóenme a expresión. Pero tamén dicirlle que neste caso concreto tivo unha información inmediatea que aclarou as dúbidas que se plantexaban e que quedou todo moi claro.

E tamén dicir outra cuestión política, señor Álvarez, que vostede tamén me merece un gran respecto como profesional do sistema educativo, sen lugar a dúbidas, e tamén como deputado, por suposto, pero creo que nesta interpelación e nesta iniciativa non estivo —por dicilo dun xeito suave politicamente— afortunado. Porque vemos que hai moito tacticismo e escasa responsabilidade, porque esta interpelación e este debate non son novos neste Parlamento; hai moi pouco tempo na C4, na Comisión 4ª, o director xeral de Educación respondeulle a vostede todo o que tiña que dicir. Posteriormente, vostede, politicamente, fixo unha rolda de presa onde en certa medida dicía cuestións —e están gravadas no arquivo do Parlamento— diferentes ás que dixo practicamente nas preguntas neste caso ao director xeral. Creo que aquí o que pretende é xerar certo ruído, certa alarma e dicir, collendo as súas palabras, vostede dixo nesa comisión que as cuestións que plantexaba estaban xa encauzadas e que a resposta do director xeral fora sido perfectamente nesta liña.

Pero, ben, eu respectando o Parlamento, vou responder ás interpelacións e ás preguntas que vostede plantexa. E direi que a situación actual da ABAU, da antiga selectividade, hoxe avaliación para o acceso á universidade, pois a situación actual é froito dun proceso de diálogo que houbo a finais do ano 2016 entre o Goberno e todas forzas políticas de todas as comunidades autónomas. E o que estamos facendo é desenvolvendo o acordado naquel momento entre o Goberno, as comunidades autónomas e, por extensión, os diferentes partidos políticos dentro dun marco político diferente, como é a procura dun pacto de Estado social e político pola educación.

Eu nego a maior, negamos absolutamente a maior. Vostede afirma que hai inseguridade xurídica e que non houbo as suficientes indicacións para fixar esa seguridade xurídica. Ben, pois eu voulle dar os datos. Sen dúbida, déronse as suficientes indicacións para a proba a través da resolución publicada pola Consellería, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso que está a piques de rematar, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade. Esta resolución —iso oralmente é o importante— que vostede cita vén recoller nun único texto os elementos aplicables no proceso de acceso á universidade para este curso. É un texto importante que, dalgún xeito, o que fai é dar certezas e orienta o sistema educativo. Outras comunidades autónomas, por certo, non fixeron ningún tipo de resolución neste ámbito.

E tamén dicirlle que dende o primeiro momento, dende o minuto cero, tanto a Xunta como a Ciuga, neste caso as universidades galegas, traballaron para que a proba da nova avaliación fose practicamente idéntica á antiga selectividade. E hai que dicir que se logrou este obxectivo e que as actuais probas son moi semellantes, practicamente idénticas ás anteriores probas de selectividade.

E centrándonos nas tres preguntas que vostede formula e que foron aclaradas neste caso á valedora do pobo, respecto da exención da proba da Lingua Galega de segundo de bac, no mes de xullo do ano pasado xa estaban establecidas as normas que ían rexer a avaliación final. Naquelas normas dicíase que as asignaturas troncais formaban parte do que era a proba, en concreto, todas as troncais, dúas materias de oficio e unha materia específica. A Lingua Galega é troncal, co cal, por lóxica, se hai unha resolución que así o di, pois vai entrar.

Posteriormente, houbo cambios nesta norma, pero non afectaron en ningún caso a composición das asignaturas a avaliar dentro do proceso da ABAU. No Decreto 310/2016, do 29 de xullo, xa se incluída neste decreto do 2016 a avaliación final sobre a materia de Lingua Galega e Literatura 2 para todo o alumnado galego, sacando uns supostos moi taxados. É dicir, que todo alumno de segundo de bacharelato comezou o curso escolar cunha norma clarísima respecto da necesidade de facer a proba en galego porque é unha asignatura troncal, algo que non é nada menor e que, obviamente, é unha asignatura que se se cursa ao longo do curso académico tamén ao final se avalía dentro da ABAU, co cal non hai dalgún xeito ningunha cuestión extraordinaria.

E respecto das exencións que se plantexan. Aquí si que hai un cambio respecto do anterior sistema, onde aqueles alumnos que cursaban primeiro de bac fóra estaban exentos, pero porque era un sistema diferente, porque a avaliación que se facía era de todas as troncais, tanto de primeiro como de segundo; agora faise das troncais de segundo, co cal aí non hai ningunha inseguridade porque xa no seu momento houbo un decreto que regulou todo isto. É dicir, que na exención do galego dende xuño do ano 2016 non mudou absolutamente nada.

Respecto do alumno repetidor, a aplicación ou as circunstancias actuais atópanse na lectura dunha orde, unha orde que é a Orde 1941/2016, publicada no BOE do 23 de decembro do 2016. Aquí plantéxanse dúas posibilidades para os alumnos que teñen suspensa a antiga selectividade e teñen aprobado o segundo de bac: e é que poden optar, primeiro, por non presentarse á proba e utilizar como nota media de corte para acceder á universidade a nota que tiñan, ou presentarse á ABAU e subir nota; pensando sempre no alumnado, no beneficio do alumnado. Non sei, señoría, por que vostede plantexa que isto pode xerar algún tipo de incerteza ou de inseguridade cando está contemplado nunha Orde do 23 de decembro do ano 2016 e é unha cuestión favorable ao alumnado.

E respecto da ponderación nas materiais avaliáveis, o que vostede di do 10 ao 14. Nisto vostede di aquí que é unha responsabilidade das universidades a través da Ciuga. Eu entendo que é consciente de que esta cuestión é unha cuestión da universidade, do sistema universitario. Obviamente, aquí o que se plantexa é que asignaturas poden ser tidas en consideración para incrementar a nota en caso de que un alumno o queira facer.

Neste caso, publicáronse o 22 de marzo do ano 2017, publicouse na páxina web da Ciuga, as ponderacións das materias. É certo que houbo un pequeno revuelto e tres-catro días despois houbo unha reunión impulsada pola Consellería para que, dalgún xeito, houbera un axuste nesta cuestión. E en todo momento houbo unha fantástica colaboración entre a universidade e a Xunta de Galicia para xerar certezas neste ámbito e reducir a improvisación en todo caso. Creo que a resposta técnica, señor Álvarez, está amparada con publicacións de ordes, con decretos publicados nos boletíns oficiais; creo que lle dan cumprida resposta técnica, técnico-xurídica, ao que vostede di.

E respecto da cuestión política, repítole o que lle dixen ao principio: vostede está dando rango de verdade a unha investigación de oficio que emprendeu a valedora do pobo con total e máximo respecto dentro das súas facultades, o cal non quere dicir que as conclusións que fai a valedora do pobo sexan as correctas, porque como acabo de demostrar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...hai soporte xurídico, en todo caso soporte xurídico que dá a necesaria seguridade xurídica ao alumnado en todo este proceso.

E, por suposto —insisto—, este grupo, este partido político e este goberno teñen o máximo respecto á institución do Valedor do Pobo. E gustaríanos que vostedes igual ca nós puxeran iso en valor, e cando é atacada, ás veces con palabras ben grosas por formacións políticas presentes nesta Cámara, vostedes tamén saian a defendela.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez González.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a verdade é que me deixa vostede nunha situación na que me vexo obrigado a defender a posición do grupo parlamentario con respecto á valedora do pobo e a iniciativa non vai diso. Entón, se ten vostede... Non, non, a iniciativa non vai de cuestionar a valedora do pobo, iso é evidente. Outra cousa é que o Valedor do Pobo, como institución, inicie unha actuación de oficio, que se lle dean as debidas explicacións e peche esa investigación, considere que as explicacións que se lle dan por parte da Administración son suficientes e xa está. Pero ata aí chegamos a un acordo. Agora que me diga vostede que a miña interpelación cuestiona a valedora do pobo, francamente, é forzar moito a argumentación. Non me atrevo a facer ningún símil coa filosofía porque teño detrás ao señor Fernández Gil fiscalizándome, non vaia despois nalgunha outra interpelación dicir: dixo vostede tal cousa.

Mire, eu agradézollo moitísimo, de verdade, pois non sabía que fora vostede fan das miñas roldas de prensa e que analice a coherencia entre o que se di na comisión e o que se di nunha rolda de prensa, pero é que eu dixen exactamente o mesmo. Encargue ao seu gabinete de prensa que compare se dixen algunha cousa na rolda de prensa distinta da da comisión.

Nós imos presentar aquí as iniciativas que consideremos pertinentes, igual que din vostedes, igual que di o Bloque Nacionalista Galego, igual que di En Marea, porque para iso somos parlamentarios, para iso isto é o Parlamento de Galicia. E, polo tanto, nós tampouco imos permitir que ningún grupo cuestione a idoneidade nin política nin doutro tipo das iniciativas que traemos a este Parlamento, como fixo vostede nada máis que iniciou a súa intervención, dicindo que non estivera moi fino, nunha especie de Max Mix que tanto se leva agora de política e técnica. É que a cuestión é que a nosa interpelación, a nosa pregunta na comisión copia literalmente o que di a investigación de oficio da valedora do pobo. E xa llo dixen. Claro, eu entendo que o problema é complexo, é complexo porque supón que un partido político está empregando a investigación de oficio dunha institución da envergadura, da solvencia do Valedor do Pobo para preguntar nun Parlamento. Pero non desvíe vostede a

atención, non estamos cuestionando a figura da valedora do pobo. Se cre que eu non fun moi fino politicamente, ben, vouno deixar no vidroso ámbito das valoracións políticas de cadaquén. Aí si que é verdade que non hai verdades nin certezas.

Mire, eu pedinlle unha valoración da incerteza política que xera, porque son vostedes responsables políticos; o partido que o sustenta a vostede como conselleiro de Educación é responsable no Estado e é responsable nesta Comunidade Autónoma da situación na que nos atopamos. Eu pedinlle unha explicación que sei que non me vai dar, pero vólvollo repetir por se acaso non lle deu tempo a apuntalo: ¿considera que é serio tardar máis dun mes en publicar unha resolución no *Diario Oficial de Galicia* dun acordo desta transcendencia? ¿Iso é darlle prioridade a un problema? Un mes. ¡Home!, se non existiran precedentes de que no *Diario Oficial de Galicia*, se é mester, se publica dun día para outro un acordo, diría: non, é que é imposible. Pero como non hai que ir moito ás hemerotecas para constatar esa realidade, repítolle: ¿considera vostede responsable que se tardase máis dun mes en publicar esa resolución?

Xa lle dixen antes, e vostede asentiu, porque sabemos os dous que é así: a coordinación entre universidades é unha cuestión que forma parte da autonomía universitaria, pero vostede dixo que... Díxoo dunha forma o suficientemente sutil, como para que non nos enteráramos moito de que a Consellería tivo que poñer un pouco de orde nese *revuelto* que montaron nas universidades —e cito literalmente o que vostede dixo— coa ponderación das notas da parte opcional da proba de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade.

E mire: si que hai un problema coa inseguridade do proceso. Hai un problema porque podemos ter un problema coa nota dos alumnos que non van facer a avaliación do bacharelato, que opten por ir coa súa nota de bacharelato ao acceso á universidade e a súa posición relativa naquelas titulacións que teñen un problema de acceso e, polo tanto, unha nota de corte. Si que podemos ter un problema, e sábeno vostedes perfectamente. Eu non vou xerar aquí ningunha situación de alarma, pero a inseguridade e creo que a valedora do pobo, precisamente a valedora que temos agora, algo de seguridade e inseguridade xurídica saberá cando formula unha afirmación dese tipo. Aí, claro que podemos ter un problema, que ogallá non se dea, porque tampouco se trata de que ningún alumno ou alumna desta comunidade autónoma saia prexudicado por culpa da súa falta de impulso e da súa contumacia na defensa dunha norma que, ao final, temos que andar parcheando ano a ano, curso a curso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...para conseguir estabilizada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, eu non acusei nin o PSOE nin o seu grupo de atacar a institución do Valedor do Pobo (*O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.*), vostede tampouco entendo que estará atacando este grupo respecto da posición da valedora do pobo. Eu só lle digo que vostede é consciente de que está utilizando unha información —outros grupos fano, somos conscientes de que outros grupos o fan, cunha falta de respecto a unha institución como é a do Valedor do Pobo— que sae desta institución para plantexar unha lectura política que se sustenta en cuestións técnicas que foron explicadas.

Eu doulle a información respecto das ordes, os decretos, con datas de publicación, cos tempos anticipados, cos tempos suficientes, absolutamente suficientes —estou falando do ano pasado, de antes do verán do ano pasado—, onde se fixan as cuestións polas que vostede me interpela, e vostede vén dicirme que nós estamos cuestionando a investigación. En ningún momento nós cuestionamos a investigación. O que lle digo é que dos temas que se plantexan, vostede díxoo porque eu vin o vídeo —se vostede fai unha interpelación que reproduce unha pregunta que fai nunha C4, entenderá que me preocupo do que vostede dixo nesa C4— (*O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.*), e vostede di literalmente: as cuestións que plantexaba serían xa superadas polo paso do tempo e tamén polas explicacións dadas. Non explicacións, senón recordar os momentos concretos en que as ordes, segundo vostede, xeran a inseguridade xurídica, pois foron publicadas.

Co cal, obviamente poden presentar o que queiran, ¡faltaría máis!, como este grupo tamén plantexa o que queira. Pero o que si non é menos certo é que deberían ser máis prudentes cando todo o que vostede interpela está avalado por publicacións nos boletíns oficiais correspondentes estatais nalgún caso, nos cales se fixan as datas e se fixan as cuestións que vostede está dicindo.

Porque, claro, vostede fala dunha resolución, pero esta resolución —e vostede estou seguro de que o sabe, estrañaríame, estou seguro de que o sabe— podería non terse feito. De feito, comunicades autónomas do PSOE non a fixeron. ¿Por que se fixo esta resolución? Fíxose para agrupar nun único documento normativas ou principios que estaban dispersos en diferentes ordes ou en diferentes decretos. Algunhas comunidades autónomas do PSOE nin o fixeron. Logo, isto faise para facilitarlles aos profesionais a interpretación e a xestión desta importantísima avaliación.

Vostede susténtase nun argumento moi débil, porque a non exención do Galego vén de xuño de 2016. Tamén do ano 2016 vén cando falamos que os repetidores, en beneficio deles, teñen dúas opcións: ou candidatarse a un grao en función da nota media que ten en bac ou facer a proba se quere subir nota para poder acceder a unha carreira que non lle dea a súa nota media como nota de corte, para beneficiar o alumno claramente.

No caso anterior, unha troncal que se estuda en segundo pois examina na avaliación porque está así dende o ano 2016.

E respecto da Ciuga, ¡home!, vostede sabe que a Ciuga é un órgano universitario e que este grupo fixo un traballo moi bo, un gran traballo. E eu reivindico aquí o traballo que fixo a Ciuga, vostede cuestionouno; (*O señor Álvarez Martínez: Non.*) vostede está cuestionando o traballo da Ciuga e eu reivindico aquí o traballo da Ciuga, porque foi capaz, nun momento de cambio normativo, de adaptar todo o proceso da antiga selectividade, actual ABAU, á nova situación. E nós non o cuestionamos en ningún momento, simplemente cando houbo unhas dúbidas o que fixemos foi: imos ver o que pasa aquí, en tres-catro días aclarouse todo na páxina web. Co cal eu valoro tremendamente en positivo o traballo da Ciuga, que fixo un traballo non só de adaptación senón tamén de información a centros educativos importantísimo, sempre xerando calma e sempre lanzando mensaxes de calma á comunidade educativa. (*Aplausos.*) Creo que cuestionar neste caso o traballo da Ciuga é politicamente unha desproporción, un afán de intentar darlles unha patada a este goberno e a este partido utilizando institucións que non merecen ningún tipo de ataque político.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte interpelación.

Interpelación de D. Antón Sánchez García e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a elaboración do novo Mapa de transportes de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Ánxeles Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Bo día a todas e a todos.

Bo día, señora conselleira.

Esta interpelación ten que ver co transporte público de Galicia e é unha asignatura moi pendente. Se facemos memoria, no ano 2009 aprobouse a Lei 5/2009, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia, e o seu goberno puxo a andar esta lei pero sen ter en conta que anteriormente xa existía un regulamento da Unión Europea, o 13/2007, que entrara en vigor anteriormente a esta resolución. Polo tanto, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia interpuxo un recurso. Ese recurso foi levado ao Tribunal Superior de Xustiza, e o Tribunal Superior de Xustiza ditaminou que non era procedente a lei que vostedes puxeran en vigor.

A primeira pregunta que suscita esta cuestión é: ¿que fixeron en oito anos?, ¿que fixeron en oito anos cun país que necesita un transporte público moi sólido e sobre todo integrado nun plan, non parcheado?

Vostedes parece que fixeron as leis pensando en traxes á medida para certas empresas coas que teñen certos intereses. Parece que só actuaron cando houbo unha sentenza firme do Tribunal Superior. A pesar de todo isto, logo de que o Tribunal Supremo anulase a ampliación

dos prazos de vixencia daquelas concesións previstas na lei, vostedes deberán programar os traballos sen prexuízo da aposta polo mantemento, actualización e modernización dos servizos. E, por outra banda, logo de pronunciamento do Tribunal Supremo en relación coa ampliación de prazos e das concesións, que establecera a Lei 5/2009, no terceiro artigo fixéranse as regras para garantir a continuidade da prestación dos servizos de transporte durante o tempo preciso para o desenvolvemento dos traballos de planificación e o novo deseño dos servizos, facilitando o mantemento das actuacións relevantes e da modernización do sector previstos naquela lei.

No 2016, vostedes fixeron unha nova lei, que podemos considerar improvisada e bastante trapalleira. Esa lei, ¿por que é improvisada e trapalleira? Porque tiveron mesmo que facer unha modificación na Lei de acompañamento do 2017. E iso obrígaos, nun prazo de vinte e un meses desde a entrada en vigor da dita Lei 10/2016, a garantir os novos contratos de transporte, e dentro dese período transitorio que establece o Regulamento 1370/2007. Se non era suficiente, polo tanto, con esta lei do 2016, cinco meses despois na Lei de acompañamento toman este conxunto de medidas.

Ben, o que está claro e é importante é que hai que satisfacer as demandas, hai que solucionar a mobilidade, e pódese facer dun xeito innovador. Nós cremos que se houbese ordenación do territorio, se houbese áreas metropolitanas, se houbese comarcas, se houbese estruturas supramunicipais todo sería moito máis fácil. Pero o que observamos é que en oito anos non fan practicamente nada, que fan as leis traxe á medida para as empresas, que só actúan cando hai sentenzas firmes, que fan leis precipitadas, que teñen que modificalas cinco meses despois e que non hai tampouco para o rural un proxecto de país con obxectivos claros e sólidos.

Cremos que actúan con criterios fundamentalmente economicistas e que non vai valer para conseguir un retorno, un retorno que sobre todo para as provincias de Ourense e Lugo é moi importante polo abandono, e sabemos o problema de poboación.

A Dirección Xeral de Mobilidade non ten recursos suficientes para planificar unha política precipitadamente, xa que nos tres últimos anos e medio houbo catro directores xerais. Todo isto cremos que está acompañado dunha grande opacidade en todo o proceso. Non sabemos nada. Iso si, sabemos —porque hoxe saíu na prensa— que o 30 de maio hai unha exposición pública e que se vai facer o novo mapa cos roteiros dos buses, que servirá para substituír nunha primeira fase seiscentas liñas que desaparecerán en agosto; agosto é a espada. Entre outras medidas para optimizar o servizo, vai impulsar a integración das rutas escolares e do transporte regular.

Ben, paso a dicir que, á parte de considerar que o transporte público é un dereito de toda a poboación e que non deben prevalecer os criterios economicistas sobre os criterios sociais e de dereito da poboación, cremos que este é un pequeno círculo vicioso de abandono que potencia máis o envellecemento do abandono do rural. Desde o noso punto de vista, o deseño de promoción e transporte público debe ser tamén un elemento que axude a mudar a dinámica, aínda que a curto prazo poida non parecer rendible. O interior do país demándao e non podemos prexudicar as provincias do interior cunha rebaixa nos servizos públicos.

Por todo isto, presentamos a seguinte interpelación:

En primeiro lugar, ¿cal é a valoración do proceso de participación social supostamente realizado para a elaboración do novo Mapa de transportes? Porque sabemos que faláron coas empresas, sabemos que faláron con algún grupo de taxistas, pero non faláron... Sabemos que fixeron unha enquisa, iso si, que custou 1 millón de euros, unha enquisa dirixida a varios concellos cunha resposta do trinta e pico por cento.

Segunda, ¿que criterios primarán na aprobación do Plan de transporte público de Galicia?

Terceira, ¿está este plan encardinado nun proxecto para o rural galego con obxectivos e criterios claros?

¿Cantas liñas poden ser suprimidas?

¿Tomouse o de Castela e León como modelo?

¿Cal foi a metodoloxía de elaboración e implementación da enquisa efectuada? Sabemos que moitos alcaldes recibiron esta enquisa, unha enquisa estándar, que deron respostas bastante estandarizadas e que non resollen a necesidade real do noso país.

Polo tanto, unha última pregunta a raíz desta nova que apareceu hoxe, se o 30 de maio se vai facer a exposición pública e tal como se recolle nos medios hai dez días nada máis, ¿párecelle que este é tempo abondo para resolver o problema?

Engadiría unha pregunta máis: ¿contempla a preocupación das pequenas empresas que temen ser engulidas polas grandes empresas ou empresas amigas que todas coñecemos e que traballan constantemente coa Xunta como Monbus?

Ou ¿como é que se vai realizar todo este deseño tan importante para vertebrar o país?

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas.

Señora Cuña, agradézolle de verdade que pregunte por este tema e que traia a esta Cámara o novo Mapa de transportes de viaxeiros por estrada en Galicia; un asunto importante, que nos está a ocupar moitísimo do tempo da Consellería e que nos seguirá ocupando nesta lexislatura boa parte do traballo.

O que queremos e polo que estamos a traballar é por dar solucións aos veciños e ás veciñas en materia de transporte. Levamos moitísimos meses traballando de forma moi intensa,

moita xente durante moito tempo para ofrecer solucións, para reordenar e modernizar todo o sistema de transporte público de viaxeiros por estrada en Galicia, para incrementar a calidade, non só para permanecer esas liñas senón incrementar a calidade, incrementar a cobertura territorial en toda Galicia, con especial atención ao rural. Queremos un transporte competitivo, queremos un transporte público útil, eficiente e sustentable. Enténdame ben coa palabra «sustentable», sustentable tamén por suposto medioambientalmente.

Creo que valoro como oportunidade a interpelación que me formulan hoxe para trasladar os detalles do que é a planificación estratéxica da Consellería, non para este mes de agosto senón para toda a lexislatura, un cronograma de actuacións que imos levar a cabo de forma moi clara. Dende logo, é un reto moi importante; é un reto porque queremos reordenar de forma completa todo o Mapa de transportes por estrada de viaxeiros en Galicia. E, dende logo, é un desafío que temos por diante para —insisto— aumentar o servizo público e incrementar a cobertura territorial en materia de servizo público, é dicir, por autobús interurbano.

Para poñer en contexto, en contexto que vostede foi ao ano 2009, eu creo que hai que facer un repaso e ir un pouco máis atrás; ir, por exemplo, ao ano 2007. É no ano 2007 cando se coñece o Regulamento 1370/2007 comunitario; polo tanto, é no ano 2007 cando se sabe e se coñece que é un regulamento comunitario que prohibe xa as prórrogas e as concesións. Polo tanto, no ano 2007, gobernando o Bipartito, xa se sabía que as concesións ían caducar, e non se fixo nada, nada de nada durante o Bipartito a partir do ano 2007, que xa se coñecía o regulamento comunitario que afectaba as prórrogas da concesión. Non adoptou ningunha medida para dar estabilidade ás cinco mil persoas que traballan neste sector de transportes por estrada de viaxeiros en Galicia.

E no ano 2009, porque ese regulamento comunitario que xa se coñecía no ano 2007 entrou en vigor no ano 2009, en tempo récord, o conselleiro anterior tivo que facer en seis meses o que non fixo o Bipartito en varios anos. Resposta inmediata, razoable e acordada co sector. E así esta é a realidade porque estaba en xogo o Plan de transporte metropolitano nas áreas, estaba en xogo o transporte público por estrada de viaxeiros por estrada e tamén estaba en xogo a estabilidade laboral das cinco mil familias que traballan no sector de transporte en Galicia. *(Aplausos.)*

O Bipartito, polo tanto, non fixo nada durante eses anos; foi o actual Goberno planificando, resolvendo e ofrecendo solucións, traballando e facendo o que non fixeron outros.

Culminado este esforzo, foi a Lei 5/2009, que comentaba vostede, de medidas urxentes, e posteriormente —como saben— pois o Tribunal Supremo, en marzo de 2016, sitúanos novamente no escenario de caducidade das concesións. E novamente tramitamos unha nova norma para blindar o transporte público por estrada aos nosos veciños e aos galegos e as galegas, para dar estabilidade tamén a estas cinco mil familias. ¿Parécelle unha trapallada unha lei que blinde o transporte público de viaxeiros por estrada en Galicia? Dende logo, a min non me padece unha trapallada blindar o transporte público por estrada en Galicia e blindar e dar estabilidade ás cinco mil familias que viven e traballan no sector do transporte. *(Aplausos.)* Unha lei que prevé a reordenación global de todo o Mapa de transportes en Galicia, que nos obrigamos por lei a facer un novo Plan de transportes para modernizar o trans-

porte, para que sexa máis útil, para garantir unha prestación ininterrompida do servizo público, dar continuidade aos contratos existentes, e a posterior licitación dos novos servizos.

Hai empresas que exerceron o seu dereito a poder renunciar a determinadas liñas de transporte. As empresas estaban obrigadas a estar doce meses máis continuando con este servizo ata agosto do 2017. E —como é sabido— determinadas empresas do sector renunciaron, practicamente o 50 % nas provincias de Lugo e Ourense. E a pesar de que esta lei impoñía xa dous prazos para ter un novo Plan de transporte de viaxeiros por estrada en Galicia, pois aceleramos ese proceso co novo mapa de servizos, para garantir a continuidade do transporte público en moitas zonas de Galicia. Porque esa é a nosa liña vermella: garantir o transporte público e seguir contando con servizos de transporte.

E por iso planificamos os traballos necesarios en dúas fases. Unha primeira fase, que aceleramos como consecuencia das renuncias de determinadas empresas do sector do transporte; esa primeira fase é agosto do 2017. E o que queremos é asegurar e incluso mellorar o transporte público nesas zonas onde houbo renuncias das empresas. E a segunda fase que será no ano 2019. En función dos resultados acadados durante o proceso participativo e durante esta primeira fase pois implantaremos —como digo— nesa segunda fase en 2019 todo o novo mapa de toda Galicia.

Dende logo, o que vemos neste novo Plan de transportes público en Galicia é unha oportunidade, unha oportunidade para reordenar, modernizar e adaptar o transporte ás necesidades reais dos veciños de Galicia. Para nós é unha necesidade de país. E o que pasou é como consecuencia das renuncias foi acelerar esa primeira fase de agosto deste ano. Polo tanto, unha oportunidade que queremos aproveitar e que queremos levar a cabo, por iso unha reestruturación completa e intensa do Mapa de transportes de estrada e adaptado ás necesidades dos galegos. Polo tanto, unha planificación clara, unha folla de ruta clara, un cronograma claro, no que cremos e no que estamos traballando cun novo Mapa de transportes.

Estes servizos estarán operativos en agosto do 2017. Temos investimento destinado para esta reformulación completa para realizar estudos, estudos desta primeira fase. Dividimos Galicia en seis zonas territoriais para realizar estes estudos e executamos estes traballos durante todos estes meses en varias etapas. En 2016 licitamos e adxudicamos seis estudos para ordenar todo este transporte público nesas zonas; desenvolvemos unha normativa completa para levar a cabo de forma inmediata esta primeira fase e reordenar esta primeira fase do novo Mapa de transporte público; regulamos a integración do transporte escolar e regular —unha nova fórmula que cremos que é acaída—, tamén o procedemento de adxudicación, tamén a posibilidade das UTE; e traballamos nesas seis zonas, temos a diagnose actual.

Por suposto que mantivemos reunións con concellos, con sindicatos, coas ANPA, coa Fe-gamp. (*Aplausos.*) Participación pública completa, catorce xornadas informativas cos concellos. E tamén enquisas, enquisas nas que rotundamente digo que non se investiu 1 millón de euros; infórmese ben. Non investimos 1 millóns de euros nesas enquisas que din vostedes. Consultamos 279 concellos, contestaron unicamente á enquisa 169 concellos; non era un exame, era unha enquisa para que propuxeran as consideracións que consideraran. Tamén enquisas aos usuarios. Xa referenciamos todas as ofertas de transporte escolar para valorar

esas sinerxías que vemos positivas para dar maior cobertura territorial do transporte. E por iso despois de todo este traballo sentamos as bases do que queremos definir neses novos mapas de transporte público para este ano.

O novo Mapa de liñas de transporte —o que lles podo adiantar— é o que xa lles adiantei e lles informei á Fegamp, aos concellos, a todos os concellos nas comisións de transporte metropolitano que tiven oportunidade, tamén ás ANPA, tamén a todas as federacións de transporte, e é que serán contratos zonais; non serán liñas individuais senón contratos zonais para aproveitar sinerxías e tamén para unha xestión máis racionalizada do transporte.

Tamén apostaremos pola integración parcial do transporte escolar e o transporte xeral de viaxeiros en determinadas zonas, porque o vemos como unha oportunidade. E, dende logo, será priorizando as necesidades do alumando.

Someterase a información pública o próximo día 30 e iniciaremos, dende logo, os novos contratos con maior cobertura para este mes de agosto.

Para dar algún dato: multiplicaremos case por catro a poboación beneficiada, por exemplo, entre Lugo e a Terra Chá, para dar maior servizo de transporte.

Polo tanto —eu remato xa—, planificación clara, folla de ruta clara, cronograma claro, para adecuar o transporte público ás necesidades reais dos galegos, traballo intenso, xestión para un transporte máis atractivo, máis útil, máis eficiente tamén dende o punto de vista medioambiental e, dende logo, levar o autobús alí onde sexa preciso á hora que sexa precisa, non queremos autobuses sen viaxeiros e viaxeiros sen autobuses...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Un gran desafío que temos por diante e, dende logo, estamos centrando os nosos esforzos.

Pola miña parte, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a rolda de réplica a señora Ánxeles Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Falabamos antes dos círculos viciosos. Decía un autor: colle un círculo, aloumiño e terás un círculo vicioso. Nós o que queremos é o círculo virtuoso. ¿A que me refiro? Pois a que ten pouca humildade a señora conselleira cando di que o Bipartito —xa é un círculo vicioso, xa de verdade, xa está ben de voltar sempre ao Bipartito. Tiveron oito anos para... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que pasa?, ¿quere dicirme algo? Por favor, ¿quere dicirme algo? Entón, non pode dialogar e pido respecto, ¿vale? ¡Pido respecto! (*Aplausos.*) Estou substituíndo un compañeiro ao que lle chamaron a atención tres veces con distinta vara de medir con esa bancada con respecto á nosa. (*Aplausos.*) Entón, ¡pido respecto! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, é un chiste, o chiste é que sempre están co Bipartito a voltas.

É certo que vostedes elaboraron unha lei no 2009, ¿vale? O Bipartito estivera antes. A lei europea é do 2007. Efectivamente, estamos de acordo. A lei europea o que lles dixo é que están incumprindo a normativa europea. Polo tanto, ese incumprimento, que foi bastante sistemático, é algo que vostedes teñen que asumir. Non falen dos outros, falen do que fixeron vostedes. Primeira cuestión.

Nós estamos absolutamente de acordo na necesidade de reorganizar, de modernizar, pero vostedes suspenderon a asignatura da ordenación territorial e da transparencia. Esta é a nosa análise.

A vostede pareceralle un reto, moi ben, afronten o reto. Un reto que vén con demora, un reto que tiñan que ir escalonando debidamente durante estes oito anos, e así agora non traballarían con precipitación.

Fala de oportunidade. Ben, falemos tamén de feblezas ou de fortalezas. ¿Cal foi a febleza? Non ter contemplado un plan integral para o noso país. Estas seis zonas, está ben. Pero agora resulta que dez días de prazo para que as empresas poidan analizar e optar, ¿parécelle prazo suficiente? A nós parécenos que non.

Entón, ¿que se queira incrementar a calidade? Estupendo. Veremos se hai feitos e non só palabras.

E é unha trapallada que establezan unha lei no 2016 e aos catro meses, que é cando xa estamos todas aquí, teñan que ir modificala desta maneira. A nós parécenos unha trapallada.

E despois di que xa faláron con todos os axentes implicados. Eu creo que non faláron con todos os axentes implicados. E nós non temos que resolvelo aquí, pero un tema bastante profundo e bastante importante é considerar que o transporte escolar debe ser tamén un transporte de usuarios en xeral. Se temos en conta que hai zonas que necesitan transporte porque non o teñen, moi ben, déase solución a esas zonas. Pero mediten ben sobre se o transporte escolar é unha solución. Medíteno ben porque o transporte escolar para moita xente da comunidade educativa ten que ser unha continuidade dos centros escolares, onde tamén os nenos e as nenas deben aprender actitudes, sobre todo os das primeiras idades. E pódeme vostede dicir que é unha oportunidade de convivencia, eu non llo nego pero digo que profunden un pouquiño neste tema, que é un tema delicado, cando menos.

Con respecto á planificación estratéxica, se houbose unha xestión racionalizada, ben temporalizada, ese cronograma feito en tempo e en forma, agora non terían que vivir este agobio e esta precipitación. E, dende logo, garantir o servizo da nosa xente, sobre todo da xente do rural é unha aposta necesaria.

Con respecto á modernización, tamén hai que ter en conta que vostedes non se acolleron a liñas europeas que eran de innovación, e que si se acolleron outras comunidades con excelentes resultados, nas que se plantexaba a transferencia de experiencias con Alemaña, con Francia e mesmo con Teruel, que ten tanta ou máis dispersión coma nós. Aquí non se acolleron a eses plans europeos e sería unha oportunidade —falando de oportunidades— ex-

celente para modernizar e para levar o transporte a niveis realmente sostibles e niveis tamén de mantemento ecolóxico.

Hai moitas fórmulas e non falou o suficiente —cremos— do servizo á demanda, que cremos que é importante tamén ver como o poden plantexar.

E, naturalmente, tamén pensamos nas familias de transportistas, pero pensamos sobre todo nos milleiros de persoas de toda a nosa poboación, pensamos en todos.

E, polo tanto, tomen solucións. Ánimo co reto e oxalá vexamos un plan como o desexamos —creo— todas as que estamos aquí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Rolda de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señora Cuña, non hai nin improvisación nin precipitación, como traslada vostede. Creo que eu deixei claro que hai unha folla de ruta moi clara, unha primeira fase que é agosto deste ano, unha segunda fase que é o ano 2019. E, dende logo, temos unha política integral na Xunta de Galicia para potenciar o noso rural galego.

Eu falaba dun proceso participativo, e por suposto que houbo un proceso participativo. Eu insisto: reunímonos con moitísimos axentes, con todos os axentes e asociacións de transportes, cos sindicatos, coas ANPA, cos concellos, coa Fegamp. Diálogo e colaboración cos concellos, por suposto que si; por iso no pasado mes de outubro, cando licitamos os novos estudos, emitímoslles unha carta a todos os concellos para poñelos en coñecemento. Mesas de traballo en ámbito territorial, tivemos diferentes mesas de traballo nas que convocamos os concellos, catorce reunións específicas para comentar esta nova folla de ruta que temos, esta nova planificación estratéxica.

Aproveitamos cada ocasión para falar deste novo proceso, e as comisións de transporte metropolitano foron un foro axeitado para trasladar todo este proceso. E as enquisas que comentaba antes, coido que todas as administracións debemos colaborar e implicarnos neste novo proceso que temos por diante. Así o entendeu o presidente da Fegamp, por certo, que incluso alagou o esforzo da Xunta de Galicia neste reto que temos por diante.

E por iso creo que tamén sería bo que vostedes lles trasladaran tamén esta importancia aos concellos onde gobernan e que se impliquen, porque, dende logo, mellorar o transporte dos galegos é cousa de todos. E, polo tanto, os concellos tamén teñen dentro das súas competencias as liñas de interese municipal que se percorren dentro do propio territorio municipal. Esas non son competencia da Xunta de Galicia. E os habitantes do rural tamén precisan desas liñas de interese municipal dentro do propio concello.

E nós, dende logo, no Goberno galego pensamos no rural, temos un proxecto de país que pensa e mira para o rural galego cunha política transversal, e esa redefinición do Mapa de transportes entra dentro desa política transversal. Queremos incrementar a calidade e dar a máxima cobertura en materia de transporte, que o transporte chegue a todos, coa introdución de novos sistemas co transporte á demanda, co sistema de reserva previa de liñas preestablecidas, e achegar, dende logo, máis servizos a máis xente, sobre todo no rural, e aproveitando as sinerxías que comentaba na miña primeira intervención da integración do transporte escolar.

A semana pasada tiveron reunión coas ANPA. Comparten esta filosofía que temos no Goberno galego dunha oportunidade para mellorar a mobilidade do noso rural da integración do transporte escolar. Tamén compartida foi esta filosofía co propio presidente da Fegamp. Dende logo, unha oportunidade para mellorar a mobilidade, o intercambio xeracional e o intercambio veciñal.

Eu póñolle un exemplo. Como saben, creime en Ponteceso, e en Ponteceso o colexio público Eduardo Pondal —onde tamén estudei— e o centro de saúde están o un ao lado do outro. E eu creo que é bo que un avó poida acompañar o seu neto á parada, subir ao autobús e que o neno vaia á escola e o avó á súa cita do centro médico. En Cabana de Bergantiños —tamén ao lado de Ponteceso— o colexio tamén está ao lado do concello e tamén ao lado do centro de saúde. Creo que é lóxico, razoable e bo que un pai acompañe o seu fillo, collan un autobús e o neno vaia á escola e o pai vaia facer unha xestión ao concello. *(Aplausos.)* Polo tanto, centos e centos de lugares que temos como exemplo. Polo tanto, cremos que é unha boa medida e unha boa oportunidade para mellorar a mobilidade dos nosos veciños, especialmente do rural, que esta será unha medida para o rural.

E con ese obxectivo demos hoxe un novo paso. No Consello da Xunta de hoxe aprobamos e autorizamos esa integración, onde consideramos preciso esa integración do transporte escolar e o transporte xeral. Prazas garantidas para os estudantes, iso estará blindado e seguirá estando blindado, pero ofreceremos máis paradas e máis cobertura á xente do rural e para mellorar a súa mobilidade.

Acompañantes en todas as liñas, dende logo. Polo tanto, incrementaremos o número de acompañantes nas liñas de autobús. Incrementaremos practicamente un 10 % o número de acompañantes.

E esta experiencia piloto desta primeira fase en agosto deste ano serviranos para mellorar a segunda fase que teremos en 2019.

E eu quería comentarlle un asunto. ¿Sabe que é isto? Isto todos sabemos que é unha folla en branco, pero é a proposta en materia de transportes dos gobernos de En Marea e de Podemos. E se non pregúntello ao concelleiro Daniel Grandío, da Coruña, porque esa foi a proposta que me fixo na última comisión de seguimento para falar de transporte, unha folla en branco. *(Aplausos.)* E nós non temos follas en branco, temos un cronograma claro, unha planificación clara: modernizar e reordenar o transporte; por suposto, ampliar as súas necesidades, máis oportunidades. A nosa proposta non é unha folla en branco, nós temos propostas, novas fórmulas, ideas, contratos e anteproxectos de explotación que xa daremos

á información pública. Polo tanto, un reto que temos por diante para máis oportunidades pero non unha folla en branco.

Pola miña parte, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis e quince, catro e cuarto.

Suspéndese a sesión ás dúas e doce minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde, reanudamos a sesión.

Antes de entrar na orde do día, quixéralles recordar a todos os deputados e deputadas, se me atenden un segundo, algo que comentamos o outro día, e é que non está permitido gravar no hemiciclo. Prégolles a todos, por favor, a observancia do Regulamento. Está contemplado no Regulamento —en concreto, no artigo 66.3— que non está permitido gravar no hemiciclo.

Non vou dicir agora quen gravou e quen non gravou, pero está reflectido nas redes. Polo tanto, pídolles, por favor —deste lado e deste lado—, que cumpramos o Regulamento, que para iso o temos. Non está permitido gravar nin facer fotos no hemiciclo. Creo que está bastante claro o que di o Regulamento. Eu estou avisándoos, é a segunda vez que aviso, pero é polo ben de todos. O Regulamento é para que o cumpramos.

Entramos nas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os novos programas postos en marcha ou previstos polo Goberno galego en materia de vivenda

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora conselleira, boas tardes.

Señora conselleira, en primeiro lugar, eu quixera empezar por felicitar os traballadores do Instituto Galego da Vivenda e Solo, traballadores e traballadoras que ao longo destes anos fixeron un labor encomiable. E creo que hai que felicitalos dende aquí, dende o Parlamento; a eles, por suposto, ao seu equipo da Consellería, ¡como non!, e tamén o seu labor.

E dígoo porque se viviu ao longo destes anos unha etapa complicada, fomentada fundamentalmente pola situación da crise económica, pero especialmente no acceso á vivenda daquelas familias máis desfavorecidas, máis necesitadas, incluíndo os desafuzamentos. E vostedes, desde a Consellería —por suposto, xunto cos traballadores e traballadoras—, foron capaces

de dar solución e resposta á gran maioría de todas esas situacións que nese momento se produciron. E por iso creo que merecen unha felicitación, polo menos desde o deputado que lles fala, que é coñecedor do traballo e da traxectoria desas persoas.

E digo que foron capaces de buscar solucións aos problemas que tiñan moitos veciños e veciñas da nosa comunidade a pesar —e hai que dicilo— dalgúns alcaldes, especialmente aqueles que o son das cidades onde máis problemas teñen de vivenda e máis problemas hai e houbo de desafiuzamentos ao longo destes anos. Estou a falar especialmente da Coruña e de Vigo —ou de Vigo e da Coruña—, onde en lugar de apoiar, axudar e colaborar coa Consellería —como deben facer as administracións—, en lugar de sumar esforzos, o que fixeron foi poñer atrancos para crear problemas. É, claro, unha maneira de facer política, que é a do victimismo; e, polo tanto, canto peor, mellor, que iso é o que parece que pregoan determinados partidos políticos. A pesar diso, si se deu solución desde a Consellería.

Por outro lado, quixeramos saber —e nese sentido vai dirixida a pregunta— cales son os novos programas que están en marcha e os novos programas que se pretende poñer no futuro en materia, fundamentalmente, de rehabilitación por parte da Consellería. Porque entendemos que a rehabilitación é un dos factores fundamentais para o acceso á vivenda. Somos conscientes da sensibilidade nesta materia da Consellería e da conselleira, pero quixeramos saber exactamente cales son eses programas que está a poñer en marcha.

A rehabilitación aporta un valor engadido, en relación coa construción de nova vivenda, en varios sentidos, en varios factores, por así dicilo: un menor consumo de recursos naturais, un mellor aproveitamento do parque de vivendas existente, a recuperación do patrimonio e do construído...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...—remato, señor presidente—, e un factor dinamizador da actividade económica e do emprego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, a Xunta de Galicia o certo é que ten un amplo catálogo de medidas para axudar en materia de vivenda, porque un dos obxectivos é favorecer o acceso á vivenda a aquelas persoas que máis o necesitan, tamén mellorar as condicións de habitabilidade —porque iso implica mellorar a calidade de vida—, sen perder de vista tamén o impacto positivo que ten a rehabilitación no emprego e na economía.

A iso responden os programas que temos en marcha desde hai moito tempo, e temos moitos exemplos: as áreas de rehabilitación integral, nas que está incluída a ARI do Camiño de Santiago —no 2017, 12 millóns de euros—; as axudas á infravivenda no rural; as axudas á rehabilitación no rural e conxuntos históricos; o bono-alugueiro social, esta axuda para as persoas máis desfavorecidas, na que levamos adxudicados 330 bono-alugueiros sociais; o programa de vivendas baleiras, que supón pasar dun conxunto de vivendas desocupadas a unha bolsa de vivendas sociais —son 44 concellos de diferentes cores políticas os que están adheridos a día de hoxe, e xa temos familias, moitas familias, que se están a beneficiar—.

E sumaremos neste ano 2017 novos programas en materia de rehabilitación para axudar as familias. Porque estamos convencidos de que a rehabilitación é unha canle efectiva para mellorar as condicións de vida e tamén un mecanismo de cohesión social para axudar as familias máis desfavorecidas.

Refírome a novos programas neste ano 2017, como as axudas de eficiencia enerxética, que xa licitamos, para que os concellos con vivendas da súa propiedade poidan rehabilitar as súas vivendas, con 500.000 euros para este ano. Hai programas tamén de axudas directas por parte da Xunta de Galicia para as vivendas de promoción pública —1,2 millóns de euros xa licitados este ano, e licitaremos proximamente 1 millón de euros—; préstamos sen xuros para particulares —500.000 euros— e tamén o fondo de cooperación cos concellos que poñeremos en marcha proximamente, con 10 millóns de euros, para axudar e para conceder préstamos sen xuros aos concellos de menos de 50.000 que executen actuacións de rehabilitación. Tamén a rehabilitación de vivendas dos mestres, con 400.000 euros este ano; o Programa Rexurbe, para destinar 3,5 millóns de euros en rehabilitación de cascos históricos importantes galegos —Betanzos, Ourense, Mondoñedo, Lugo—.

E tamén hai novos programas dos que estou convencida de que terán unha moi boa acollida pola súa incidencia social. Estou a falar do Programa Rehaluga, unha iniciativa social pioneira en Galicia e no Estado, que permitirá complementar o Programa de vivendas baleiras. Estamos a falar dunha axuda a fondo perdido para os propietarios que queiran rehabilitar as súas vivendas e poñelas á disposición das familias con necesidades en alugueiro social —300.000 euros que poñeremos á disposición proximamente—, un programa para impulsar e reforzar o Programa de vivendas baleiras para chegar cada vez máis a máis familias, que é o noso obxectivo.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica do señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señora conselleira.

Remataba vostede falando do Programa Rehaluga, é dicir, un programa que vén completar o Programa de vivendas baleiras, un programa de vivendas baleiras ao que, por certo, non se sumaron determinados concellos. Uns deles, como dicía antes, son o de Vigo e o da Co-

ruña. E tamén aí podemos incluír o de Lugo, que, a pesar de estar aprobada no pleno por unanimidade a incorporación, a día de hoxe aínda non está incorporado o noso concello.

E hai que dicir que me gustaría, se puidera ser, na súa segunda intervención, que incidira neste tema do Programa Rehaluga, porque os veciños e veciñas deses concellos que non se sumaron ao Programa de vivendas baleiras non van poder —teño entendido— acceder ás subvencións e ás axudas para poder arranxar esas vivendas, en materia de habitabilidade, e despois poñelas en alugueiro.

E é curioso, e hai que dicilo, que nesta materia unha vez máis nos sorprende claramente o Concello da Coruña e En Marea-Podemos. Teño aquí o programa de vivenda da Coruña, o Plan de vivenda do Concello da Coruña. E teño que dicir, porque é sorprendente, que en todas as súas follas non hai nin unha soa cifra económica, ¡nin unha! É unha mala copia —pero moi mala, ademais, hai que dicilo— do Plan de vivendas baleiras da Xunta. Eu en Lugo levo uns anos xa de concelleiro, como vostedes saben, e sempre para xustificar que non se colabora dise que non hai competencias en materia de vivenda. E é curioso, aquí hai unha retahíla de normativa para xustificar ese plan de vivenda, no que parece ser que o Concello da Coruña, polo menos, ten competencias todas as que queira. O que non pon é diñeiro, ¡nin un euro! Iso si, colaborar coa Xunta... É que non podemos defender a nosa autonomía municipal... ¡Home!, eu creo que as administracións deben colaborar, e desde aquí debemos facer todos, de verdade, todos os grupos políticos, un canto a esa colaboración, independentemente da cor política.

Grazas, señora conselleira. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, pois nos próximos días activaremos o Programa Rehaluga —300.000 euros destinados, 200.000 para vivendas de particulares, 100.000 para vivendas propiedade dos concellos ou doutras persoas xurídicas—. E os beneficiarios destas axudas pois serán os propietarios das vivendas que estean situadas nos concellos adheridos ao Programa de vivendas baleiras. Polo tanto, poderán beneficiarse esas vivendas situadas nun concello que teña asinado ese programa de adhesión e de vivenda baleiras, e que teña rexistradas persoas demandantes de vivenda pública.

As actuacións subvencionables serán as de conservación e mantemento, e as de rehabilitación tamén, para garantir a habitabilidade da vivenda, como —por poñer exemplos sinxelos— arranxos de baños, arranxo de ventás, arranxo de portas, pintura e tamén, nas vivendas unifamiliares, fachadas e cubertas. O importe da axuda será do cen por cento do gasto realizado, cun máximo de 4.000 euros para vivendas nos edificios colectivos e 5.500 para arranxos en vivendas unifamiliares. E, polo tanto, o propietario, a cambio desta axuda recibida para rehabilitar a súa vivenda, poñerá de forma voluntaria, neste Programa de vi-

vendas baleiras, a súa vivenda durante un período de tres anos cun alugueiro taxado e reducido, polo tanto, cun alugueiro social.

Os verdadeiros beneficiados deste programa son as familias que teñen problemas para acceder á súa vivenda, familias en dificultades para acceder a un fogar. Estas vivendas rehabilitarémolas e, polo tanto, estarán en boas condicións de habitabilidade para estas familias. E, ademais, algo moi importante: é compatible co bono-alugueiro social que impulsamos e puxemos en marcha dende a Xunta de Galicia.

Polo tanto, o Rehaluga é un novo motivo máis para que os concellos galegos se adhiran ao Programa de vivendas baleiras porque lles permite aos veciños poderse beneficiar destas axudas a fondo perdido e que se doten os concellos de solucións para problemas reais en materia de vivenda. Polo tanto, aproveito esta oportunidade que me brinda vostede para facer un novo chamamento a eses concellos que rexeitan o Programa de vivendas baleiras, por exemplo A Coruña e Vigo, que é especialmente preocupante porque é onde hai máis problemas en materia de vivenda. Eu convídoos a que se adhiran ao Programa de vivendas baleiras para que se poidan acoller a este Programa Rehaluga, porque a vivenda é unha tarefa de todos. Creo que é unha boa oportunidade de dotarnos todos de máis recursos, de sumar esforzos. E é motivo suficiente, dende logo, seguir traballando mentres unha soa familia estea en risco de perder a súa vivenda.

Polo tanto, eu agardo o mesmo compromiso e a mesma responsabilidade por parte, especialmente, do Concello da Coruña e do de Vigo para que se adhiran a este programa en materia de vivenda.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a estratexia da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as súas centrais hidroeléctricas nos ríos Xallas e Grande

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Boa tarde.

Hoxe publicouse no *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* o anuncio de escisión por parte de Ferroatlántica, aquí o ten, hoxe, mércores 24 de maio. Como membro do Goberno galego, preguntámoslle que valoración política fai da estratexia da empresa. Como membro do Goberno, preguntámoslle se cre que esa estratexia obedece máis ben a un proceso de optimización da capacidade produtiva ou obedece a unha estratexia xurídica para realmente saltar a lei. Porque o que vemos é que Ferroatlántica, pouco e pouco, vai dando os seus pasiños, os pasiños necesarios para acadar a segregación e posterior venda das centrais, ante un goberno que non podemos esquecer que o 20 de setembro xa anunciou en plena campaña electoral que Ferroatlántica investiría en Sabón.

Nese anuncio, ademais, destacou o papel destacable —dicía— do Goberno no proceso de diálogo con Ferroatlántica. Eu preguntolle: nese proceso de diálogo tan destacable, ¿que pasou?, ¿omitiu dicir Ferroatlántica que precisaba vender as centrais ou talvez non o omitiu pero quen o omitiu foi o Goberno porque esa idea non a compraba ninguén en plena campaña electoral? Pregúntollo e, por favor, respóndame.

Tamén lle digo que hoxe o presidente nos contou que todos os galegos e galegas da Costa da Morte podíamos confiar na súa palabra. ¿En que palabra? ¿Na palabra que deu o 20 de setembro cando anunciou que Ferroatlántica ampliaría a súa actividade ou na palabra de hoxe, 23 de maio, cando dixó que só ten constancia da intención de Ferroatlántica dende hai catro días? Conteste, por favor, porque é contradición tras contradición constantemente, faltando á verdade constantemente, nun proceso que xa vai para un tempo longo.

Por outro lado, ademais, pediron, como saben, eses informes técnicos e xurídicos para chegar ao día de hoxe preparadiños para, precisamente, facilitar o camiño ao empresario Villar Mir.

Está claro, hai algo, é unha verdade, unha única realidade: puxéronse, por riba dos intereses dunha comarca enteira, de todos os galegos e galegas da Costa da Morte, das súas familias, os intereses dun empresario; un empresario que é un exemplo de depredación de fondos e de recursos públicos, porque para Ferroatlántica foi preciso expropiar os terreos dos veciños e veciñas da Costa da Morte. Ata nos cerraron a fervenza e só a abren en datas e horas determinadas; todo de acordo cos intereses de Ferroatlántica.

Por iso hoxe lle preguntamos, con base neste anuncio que fixo —ademais, hoxe precisamente— Ferroatlántica: ¿cal é a estratexia deste goberno ante o proceso que estamos a vivir con Ferroatlántica? Pero cóntenos a estratexia de verdade, a verdadeira, a que faláron nese proceso destacado de diálogo do 20 de setembro, non a estratexia que nos veñen contando durante todos estes meses e que a día de hoxe sabemos —e cóstanos— que non é verdade.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Toja, eu lamento profundamente esta falta de rigor do Partido Socialista de Galicia, e láméntoo profundamente porque vostedes levan traendo isto a este Pleno e a esta Cámara sucesivamente, pleno tras pleno, pregunta tras pregunta, e, lamentablemente, dálles igual o que lles diga o Goberno, ¡dálles absolutamente igual! Queren vir aquí crear dúbidas onde non hai ningún tipo de dúbida, porque tanto vostede esta tarde como o portavoz de En Marea esta mañá simplemente trouxeron aquí o *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil...*, (*Murmurios.*) pero só para ler o titular, que é o que soen facer habitualmente, ler titulares e facer fotos. E, sinceramente, iso non o merecen os traballadores de Ferroatlántica e non o merecen os tra-

balladores da Costa da Morte. Porque se vostede le este documento verá que, efectivamente, este papel non significa nada. E na súa linguaxe, «*nada es nada*». Porque sabe perfectamente que esta escisión que están publicando está condicionada, está supeditada a que se lle conceda a segregación das centrais hidroeléctricas. E, polo tanto, este documento está condicionado por unha decisión do Goberno, que é unha decisión administrativa e que se fará conforme a lei; conforme a lei, señoría.

Polo tanto, este goberno non ten ningún tipo de estratexia política, non ten ningún tipo de valoración política sobre o que está a facer a empresa, porque este goberno cara á empresa o único que ten é que poñer a lei por diante. E este goberno o que ten, de cara aos traballadores, é que cumprir a lei e salvagardar o interese público. É o que vimos facendo dende o ano 1992, o que estamos a facer nestes momentos e o que faremos de cara ao futuro.

Sei que vostedes, ou polo menos unha parte do Partido Socialista de Galicia, non lle queran dar validez a este plantexamento absolutamente rigoroso por parte do Goberno. Eu laméntoo, pero nós seguiremos; seguiremos traballando e seguiremos co diálogo cos traballadores, seguiremos co diálogo cos alcaldes e seguiremos cunha condición absolutamente clara de cara a esta situación, que é cumprir a lei e, polo tanto, axustarnos a dereito; en segundo lugar, salvagardaremos ese interese público, que ten, loxicamente, que velar polo emprego e pola actividade na Costa da Morte. Iso é o que fará este goberno.

Eu o que lamento é que vostedes veñan a esta Cámara simplemente a xerar dúbidas e a non ler todos os papeis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Todos temos cousas que lamentar. Eu o que lamento é a súa falta de humanidade e lamento tamén que, por riba dos intereses dos galegos e das galegas, (*Aplausos.*) se poñan os intereses dun empresario. Vostede lamente o que queira. Nós lamentamos que se estea xogando con familias que están preocupadas, vivindo este proceso con angustia e con incerteza, sen saber que vai ser do seu futuro profesional, porque miren, ao final, son un montón de persoas que están pendentas desa legalidade da que vostede fala.

Fálanos de interese público, de interese xeral, moi ben. Nese interese público, nese interese xeral, ¿que pinta a Costa da Morte —historicamente xa vemos que moi pouco— nese interese público e nese interese xeral?, ¿o mesmo que cando decidiron facer, en lugar da prolongación da autovía, un corredor, expoñendo as nosas vidas?, ¿o mesmo que cando mandan os enfermos de hemodiálise á Coruña ou a Santiago? ¿Ese é o interese público? Cada vez que prima o interese público, o interese xeral, na Costa da Morte botámonos a temblar, ¡botámonos a temblar! Non nos convence. (*Aplausos.*)

Ademais, agora estamos soportando, digamos, ameazas. Estannos dicindo que a ver a legalidade, porque, en calquera caso, o vai facer a empresa igual porque o podería conseguir no xulgado. Tamén lle digo o mesmo: ¿con base en que?, ¿con base nun plan de viabilidade que ten vencemento o 30 de maio? Ese plan de viabilidade tan importante e tan vital para toda a comarca, para Sabón, para Galicia enteira, ten caducidade o 30 de maio. Están expoñendo a chantaxe dun empresario. Iso é unha chantaxe. Un goberno ten que velar polos intereses dos galegos e das galegas e non polos intereses dos empresarios, e iso é o que estamos vendo ao longo de todo este tempo.

De todas formas, cando vostede me está contestando agora mesmo, ¿que me está contestando, con base no anuncio que fixeron o 20 de setembro, de acordo —vólvolle preguntar— con aquel proceso de diálogo destacable, ou me está contestando con base na solicitude que se presentou hai catro días?

Síntoo, pero non podo confiar —nin eu nin os galegos nin as galegas da Costa da Morte— neste goberno, que di unhas veces unha cousa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: ...e outras veces outra.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Mire, señora Toja, eu entendo perfectamente que o Partido Socialista parece que está nunha dinámica de abrazar o populismo..., (*Murmurios.*) (*Risos.*) pero, lamentablemente, a esta Cámara creo que hai que vir con posicionamentos de rigor.

Porque vostede me fala de intereses. Continuamente queren crear a dúbida e falar aquí de intereses. Mire, eu o que non sei é cales son os intereses da oposición, e persoalmente non sei cales son os intereses que pode ter o Partido Socialista de Galicia con esta estratexia. Pero eu o que si entendo é que hai unha falta realmente... Eu entendo que En Marea e o Bloque non teñan criterio, enténdoo perfectamente..., (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) (*Risos.*) porque cando se fala de emprego... Eu, cando falamos da situación de Ferroatlántica, entendo perfectamente que tanto o Bloque como En Marea non teñan criterio. (*Murmurios.*) Sorpréndeme enormemente que o Partido Socialista de Galicia non teña criterio, iso si que me sorprende. Sorpréndeme enormemente, porque vostedes, cando queren falar de emprego, saben falar de emprego, cando queren falar de economía, saben falar de economía, pero chegamos a Ferroatlántica e parece que non teñen ese criterio.

En calquera caso, nós seguiremos co mesmo plantexamento que dende o primeiro momento. Nós, efectivamente, seguiremos dialogando cos traballadores, claro que si; seguiremos dia-

logando cos alcaldes, claro que si, porque o viñemos facendo, porque o seguiremos facendo e porque o faremos no futuro. E calquera decisión, unha vez que a Asesoría Xurídica traslade, efectivamente, o contido dese informe, claro que a compartiremos tanto cos alcaldes como cos traballadores, ¿como non?, que son os principais interesados, xunto con este goberno, non só en cumprir a lei, senón en que se cumpra, loxicamente, ese interese público. E, polo tanto, seguiremos nesa dirección.

Eu o que si lle faría é un chamamento á oposición para que se una, porque, loxicamente, nós faremos todo aquilo que permita que, efectivamente, respondamos á legalidade e que respondamos tamén a ese interese público.

Polo tanto, nós non nos imos deixar presionar por ninguén. Por moito que fagan declaracións ou calquera tipo de actuacións, nós seguiremos con ese único criterio de cumprir a lei, seguiremos en contacto cos traballadores e cos alcaldes e, loxicamente, seguiremos tamén traballando e velando pola legalidade e velando polo interese xeral.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o asentamento de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde, señora conselleira.

A estas alturas non é ningún misterio o trato de favor dos gobernos do Partido Popular ao complexo contaminante Ence-Elnosa. Neste tema, como no da AP-9, como no dos orzamentos do Estado co último recortazo, o Partido Popular de Madrid ordena e o Partido Popular galego obedece. E quérolle lembrar neste sentido as tentativas xa desde a época dos gobernos do señor Fraga de impoñer a permanencia desas industrias contaminantes na ría de Pontevedra, con, primeiro, a aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e despois o intento tamén de vincular eses terreos ao porto de Marín, mesmo o intento de derrubamento do Goberno municipal, con asalto ao pleno incluído, con ese sindicato amarelo, pseudosindicato amarelo, (*Aplausos.*) que é o seu brazo sindical.

E despois veu o señor Feijóo no 2009 e agasallounos con esa célebre frase —¿non sei se vos tede se acorda?—: «Non cabe a posibilidade de manter Ence na ría. Non imos dicir unha cousa e facer a contraria». (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Isto chámase manter a palabra, si señor, a palabra do señor Feijóo.

Ben, despois aprobaron as Directrices de ordenación do territorio, o Plan de ordenación do litoral, o Partido Popular de Pontevedra mesmo chegou a propoñer unha ubicación alternativa para o traslado da fábrica...; pero, claro, chegou o Partido Popular de Madrid, chegaron as empresas do IBEX, chegou o consello de administración das portas xiratorias e dixeron quen mandaba aquí. E, claro, aprobaron a modificación da Lei de costas e a ampliación da concesión a Ence por sesenta anos e agasallaron as empresas con 600.000 metros cadrados

de terreo de dominio público marítimo-terrestre. Desde logo, o Concello de Pontevedra xa anunciou e está levando a cabo unha auténtica batalla xudicial, unha batalla política, para impedir este atropelo, e imos recorrer a todas as instancias para impedi-lo.

Ao mesmo tempo, vostedes tramitaron a autorización ambiental integrada, déronlle prórrogas sucesivas, a pesar dos incumprimentos e irregularidades ambientais da empresa, con vertidos permanentes, e agora estamos á espera de que nos digan que pasa coa construción do novo emisario e tamén coa nova depuradora dos Praceres, porque vostede anunciou os anteproxectos para o primeiro trimestre do ano 2017 e, de momento, non sabemos nada. Tampouco sabemos da decisión de Costas a respecto deses terreos.

E o mesmo no caso de Elnosa. Levan o mesmo camiño de trato de favor que no caso de Ence, incluíndo a ampliación da autorización ambiental ata decembro de 2017. Vostede tamén, e o señor Rueda e o señor Conde, tiveron reunións secretas coa empresa para cociñar a súa permanencia máis alá de 2018. E quérolle...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará, grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...preguntar nese sentido: ¿como van levar a cabo esa decisión?

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa está entendida a pregunta.

O señor BARÁ TORRES: ¿Van cambiar a lei?

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa está, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ¿Van aprobar un proxecto empresarial?

O señor PRESIDENTE: Xa terminou o seu tempo.

Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ¿Que teñen acordado ao respecto? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

É cando menos chamativo que en pleno século XXI aquí, neste Parlamento, aínda esteamos a explicar por que temos que cumprir coa lexislación vixente..., *(Murmurios.)* tanto na pregunta anterior como agora e mesmo tamén cando vostede falaba de actuacións que se corresponden con trato de favor.

Mire, aquí dende o Goberno da Xunta de Galicia tanto o conselleiro que me precedeu como esta conselleira que lle está a falar non temos absolutamente ningún trato de favor, e o que fai —porque a Xunta de Galicia non é unha ONG— é cumprir coa lexislación vixente, algo que, por certo, nos atinxe a todos os cidadáns españois e, por suposto tamén, a todos os galegos.

E, por suposto, cando un presidente —neste caso o presidente da Xunta de Galicia, daquela candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, no ano 2009— dá a súa palabra en relación co tema do traslado de Ence, está a dala coa lexislación vixente naquel momento. E, efectivamente, vostede coñece moi ben —e, se non o coñece, deberíao coñecer— que a lexislación mudou, e substancialmente, en concreto a Lei de costas, no ano 2013. E, por suposto, unha vez que haxa unha lei, fágaa o Goberno socialista, fágaa o Bipartito, fágaa o Goberno do Partido Popular, calquera de nós estamos obrigados a cumprila. Iso é o que facemos, e máis se, coma vostede, me está a falar de dúas leis que, en concreto, son feitas polo Goberno da Xunta de Galicia, como son as Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral.

Pero vostede, que tamén é un ilustre deputado, debería de coñecer que en calquera lei posterior a unha lei anterior prevalece a posterior sobre a anterior, e mesmo unha lei estatal prevalece sobre unha lei autonómica. E, polo tanto, se iso é así, sabe vostede que a permanencia en Lourizán se rexe neste momento pola Lei de costas, e, se é así, a Xunta non ten moito que facer, máis alá de limitarse a cumprir e a respectar todo o que é a súa competencia e, por suposto, o cumprimento das leis. Eu creo que non é necesario lembrar que a ampliación da concesión de Ence da que vostede está a falar é unha competencia exclusiva do Ministerio e que, efectivamente, se trata dun procedemento administrativo que a día de hoxe está pechado, tendo en conta que esta adxudicación e que esta prórroga as deu —como digo— o Ministerio de Medio Ambiente. A ampliación da concesión fai que os obxectivos deste Plan de ordenación do litoral queden postergados ao novo prazo que está fixado pola concesión. E unha vez tomada a decisión por parte do Estado de ampliar a concesión, dende a Xunta de Galicia esforzámonos, falando coa empresa —porque para nós as empresas non son demos, parece que para algunha formación política si o son, pero para nós non—, para que efectivamente, xa que teñen que quedar aquí, na nosa comunidade, poidamos dalgunha maneira exixirlle a esta empresa que cumpra con Galicia e que lle devolva a Galicia todo o que lle debe...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...conseguindo así un pacto ambiental de 200 millóns de euros para a nosa comunidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, non sei se a vostede se lle apareceu a Virxe. (*Risos.*) Non sei se se lle apareceu a Virxe. Non, dígoo porque vostedes e os seus gobernos mesmo lle conceden medallas á Virxe María, entón, non sei se a vostede se lle apareceu.

Eu voulle dar unha idea —a ver se tamén toma nota o señor Moreira—, porque xa que agora o Partido Popular lanzou esa orixinal idea de potenciar o turismo relixioso e as aparicións marianas, eu creo que os terreos de Elnosa e os terreos de Ence serían uns terreos axeitados para facer alí unha basílica mariana (*Aplausos.*) e ademais darían para unha grande explanada para todos eses miles de autobuses que di o Partido Popular de Pontevedra que van chegar para visitar a cidade. Eu creo que teríamos un uso moito máis produtivo e que podería crear máis postos de traballo que unha industria contaminante como a que temos alí. Eu doulle a idea, non sei se lle parece ben. En todo caso, penso que sería unha oportunidade...

Non están os tempos para brincadeiras. Vostedes o que acaban de facer, o que fixeron nestes anos, é algo moi grave, que é facer leis á medida para beneficiar intereses privados en contra do interese público (*Aplausos.*) e para beneficiar, ademais, a empresas contaminantes, a empresas condenadas por delitos ecolóxicos. O pasado xa o coñecemos.

Quérolle preguntar tamén —porque vostedes tiveron reunións nos pasados meses coa empresa propietaria de Elnosa— e quero que nos diga como pretenden facer para perpetrar o mesmo atentado con Elnosa que fixeron con Ence. Como van conseguir, como queren conseguir, que a empresa Elnosa permaneza tamén sesenta anos máis despois da caducidade da súa concesión. Como van amañar iso, se van tamén aplicar a nova lei, se van ampliar a concesión, se van aprobar a nova autorización ambiental integrada. Como van facer para favorecer tamén eses intereses privados por parte de Elnosa.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

¡Ai, señor Bará! A verdade é que a Virxe a min se me aparece todos os días cada vez que veño ao Parlamento, porque é a que me dá paciencia suficiente para escoitar o que estou escoitando. (*Aplausos.*) ¡Todos os días! Así que igual tiñamos que montar aquí a basílica.

Pero volvendo ao tema, que é o importante realmente, máis alá das nosas crenzas relixiosas —eu respecto, por certo, as que teña vostede, se é que as ten—, o que fai a Xunta de Galicia, evidentemente, é cumprir a legalidade, como lle dicía na anterior intervención. O que fixemos foi, dende sempre, cumprir esa legalidade. Por certo, recórdolle que a súa formación política, que formaba parte dun bipartito, tamén a cumpría. Non sei por que vostede se esquece total e absolutamente de que no ano 2008 foi vostede, a súa formación política —vostede non, que non estaba no Goberno—, a que lle deu a autorización ambiental integrada á factoría de Lourizán. E faino agora seguindo os controis medioambientais dalgunha maneira que sexan inflexibles.

Falaba tamén vostede na súa intervención e ademais fai aseveracións cunha rotundidade que a min me chama curiosamente a atención, porque di vostede que a empresa incumpre reiterada-

mente e que ten irregularidades reiteradas. ¡Home!, supoño que terá vostede capacidade de demostralo. Dende logo, dende a Xunta de Galicia, con todas as inspeccións que lle estamos a facer dende a perspectiva das competencias medioambientais, que neste caso teñen que ver cos vertidos autorizados na súa autorización ambiental e, por suposto, co cumprimento das emisións dende a perspectiva medioambiental, en ningún dos indicadores que se están a avaliar —que se fan semestralmente, e mensualmente algún deles— está a incumprir en ningún caso a empresa a lexislación vixente en materia de medio ambiente. Por suposto, se fose doutro xeito, seríamos os primeiros que o denunciaríamos e que tamén o sancionariamos, pero non é así.

A empresa está a cumprir absolutamente con todos os parámetros medioambientais. E como dicía vostede moi ben, antes de finalizar o ano 2018 terá que someterse a unha nova avaliación desas condicións ambientais, onde, evidentemente, volverán avaliarse todas as condicións de vertedura e mesmo de emisións e tamén se garantirán todos os controis periódicos das emisións, que —como lle digo e lle repito— son inferiores a día de hoxe aos que ten fixados na súa autorización ambiental.

E volvo dicir, señorías, señor Bará, hai un pacto ambiental a día de hoxe —que é única e exclusivamente froito da presión da Xunta de Galicia á empresa— polo que lle corresponden 200 millóns de euros á nosa comunidade autónoma, especialmente a Pontevedra e á súa comunidade, para distintas accións de carácter medioambiental, de carácter industrial e, por suposto, de carácter social.

A día de hoxe está agora mesmo unha comisión preto de rematar unha avaliación de tres millóns de euros que a empresa —grazas a esa presión e grazas a ese pacto ambiental— vai distribuír entre entidades e asociacións de todo tipo, de carácter social e cultural.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Grazas, terminou o seu tempo.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Espero non atopar ningunha hipocrísia... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do prazo e da información facilitada aos centros para a realización e preparación no curso escolar 2016-2017 das probas das reválidas en educación primaria previstas na LOMCE

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Luca Chao, do Grupo Parlamentario de En Marea.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Hoxe tócanos falar de novo da LOMCE. Non podería ser doutro xeito, pois os dous días que levamos neste pleno estanse celebrando en Galicia as reválidas, esas probas que xa non ían

levar a cabo e que foron cambiando de nome. Agora seica non son reválidas, reválidas aparece supertachado, son avaliacións. Ben, pódese cambiar o nome. Terminoloxía á marxe, permita que sexa eu a que hoxe o illustre, señor conselleiro, coa sabiduría popular que a vostede tanto lle gusta. Aínda que a mona se vista de seda, xa sabe.

É certo que estas reválidas non son as que vostedes querían. É verdade, non son as que vostedes querían. Víronse obrigados a ilas rebaixando de contido. Pero non foi que vostedes quixeran avaliacións; non, iso é mentira. Vostedes querían reválidas, querían ránkings e querían diferenciar o alumnado. Querían dicirlles ás nenas e aos nenos de Galicia que os menos habilidosos era mellor que saíran do sistema educativo.

Se hoxe e onte as probas que se están realizando en Galicia non son esas, non foi porque vostedes cambiaran de opinión, foi porque a xente, toda a comunidade educativa, saíu ás rúas unha e outra vez para dicirlles que o seu modelo de reválidas non lles valía. Foi porque as familias boicotearon as súas probas unha e outra vez, como acaba de pasar estes días.

Se algo tivo de éxito a súa penosa lei educativa, foi poñer de acordo a toda a comunidade educativa no seu rexeitamento unánime —un gran éxito, sen dúbida— por centralizadora. Todas recordamos as verbas do ex-ministro que teñen descansando en París. Por homoxeneizadora, pretendendo impor un currículo único, cego ás diferenzas entres as persoas, como fan nas súas probas, que non contemplan diferenza ningunha para o alumnado con necesidades educativas especiais, ao que vostedes obrigan a facer as mesmas probas. Por segregadora e elitista, porque pretendían limitar as opcións de estudos superiores a todas as persoas que non foran quen de ir superando esa auténtica carreira de obstáculos na que pretenden converter o ensino das nenas e os nenos de Galicia. E privatizadora. Negocios, sempre negocios, para vostedes e os seus amigos a custa do que é de toda a cidadanía.

Deste xeito, e dende o minuto cero, a LOMCE, lonxe de traer certeza ao sistema educativo, sementou o caos, a inqueda e as incertezas entre mestras e mestres, entre alumnas e alumnos e as familias. Caos e ausencia de información que os centros sufriron dende o principio da lei, como consecuencia da ausencia de planificación por parte desta consellería e da improvisación constante dos gobernos do Partido Popular no que atinxe ao ensino público.

Evidencias sobran, sendo as resolucións polas que se ditan as instrucións para o desenvolvemento das avaliacións finais, hai apenas un par de semanas, o último exemplo máis evidente. Deste xeito, vostedes deron instrucións apenas dúas semanas antes de que se realizaran as probas; dúas semanas antes. E soamente dixeron iso, que anotaran as datas, pero non había ningunha información máis. ¡Menudo control dos prazos, señor conselleiro! Como antigo docente, xa sabe vostede como acaban os alumnos que deixan todo para o último día.

¿Que fixeron todo o resto do ano vostedes, á parte de esperar ordes do seus socios de Madrid? Non o sabemos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

A señora CHAO LÓPEZ: Por iso pedimos que sexa honesto e nos diga se considera adecuada e suficiente a información que... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas.

Bueno, señora Chao, no anterior pleno vostede dicía que era moi importante avaliar as políticas públicas. Hoxe parece que xa non lle importa avaliar as políticas públicas. Creo que a avaliación que vostede denota e despreza neste discurso realmente lle fai moi pouco favor ao sistema educativo. Voulle dicir unha cousa, que agradezo a súa sinceridade. E tamén lle vou dicir que, cando a limosna é moita, ata o santo desconfía. E hai que empezar a desconfiar de vostedes porque non din máis que mentiras. *(Aplausos.)* E mire, vostede aquí, señoría, sacou unha especie de emenda a totalidade, sacou un discurso de serie, como o elevelunas eléctrico dun coche, e creo que realmente falta constantemente á verdade.

Vostede fala aquí de que non hai rigor técnico. ¡Oia!, estas probas fanas os mestres e os profesores. Vostede fala de que isto serve para repetir curso, que serve para segregar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede di que isto serve para facer ránkings. ¿Vostede veu algún ránking, señora Chao? *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede di —o que é moi grave— que non se atende á diversidade do alumno. Díxoo literalmente.

Mire voulle ensinar un documento. Estas son as probas de avaliación feitas para os alumnos de terceiro en Braille, para os nenos con discapacidade visual. Non, non o coñece, os contidos son os mesmos, porque se falamos dun ensino integrador, un neno con discapacidade visual ten os mesmos dereitos e os mesmos deberes que un alumno con adaptación. Vostede cando fala debería saber...

O señor PRESIDENTE: Señora Chao, silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Mire, aquí está un documento que é a proba patente de que hai unha adaptación curricular a todos aqueles nenos con necesidades educativas especiais. *(Aplausos.)* E vostede alegremente vén aquí co seu discurso de serie a lanzar o que xa sabemos. E claro, vostede ao final di que hai que ser honestos. ¡Oia!, unha cuestión importante para ser honesto é non mentirlles aos cidadáns. Moi importante.

E se vostede me fala do que está dicindo aquí: ránkings, segregadores, estigmatizan os alumnos, diversidade, e a evidencia, despois de dous anos, déixaa onde a deixa, realmente creo que tiñan que ser un pouco máis prudentes, absolutamente prudentes, nesta cuestión. Porque por encima, e dende o punto de vista político...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...todo o que hai aquí... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo, señor conselleiro.

Grazas.

Réplica, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: De verdade, señor conselleiro, cada día que pasa vostede sorpréndeme máis. Xa non é que nos falte ao respecto, é que nin se molesta en tratar de disimular e tratar de contestar ao que se lle pregunta. ¡Nin disimula! Non tratou de contestar absolutamente a nada. A pregunta era, ¿considera suficiente a información? ¿Vostede dixo algo disto? Non, absolutamente nada. É que non ten nada que dicir.

¿Sabe unha cousa? Despois da súa intervención, o que non me queda claro é se a vostede lle gustan estas reválidas ou lle gustaban as previas. Isto é importante. Se lle gustaban as previas, estará moi descontento coas reválidas tal e como se fixeron agora. E se lle gustan as de agora, debería terlle dito ao seu ministro que non estaba de acordo coas reválidas previas, cousa que non fixo. Vostede asumiu e aceptou todo canto lle dicían.

Revisando este documento que xenerosamente titulan *Guía sobre as avaliacións de educación primaria*, un panfleto que calquera pode ver; ou sexa, dez páxinas, nove páxinas —nas que unha xa pon Xunta de Galicia porque non teñen máis que contar—, que enviaron aos centros de ensino para dicirlles como se fan as probas, vostedes o que tratan é de dicir: non, tranquilos, isto non son reválidas, son avaliacións.

Resulta que as reválidas están mal, as reválidas están feas, os ránkings están feos, ¡pero eran vostedes os que as querían! Agora dedican os seus esforzos a dicir: non, non, desas reválidas xa non imos facer absolutamente nada. Igual cando tiñan que ter dito que non querían nada desas reválidas era cando estaban enriba da mesa, non cando non lles quedou outro remedio que mudalas porque a súa lei estaba condenada ao fracaso.

¿Por que estamos en contra destas reválidas? Oxalá vostede nos diga por que está a favor, porque non nos quedou claro.

A comunidade científica ten probado sobradamente que as reválidas non melloran absolutamente en nada os resultados escolares, todo o contrario. Os estudos feitos evidencian un montón de efectos secundarios negativos, entre os que podemos destacar, en primeiro lugar, a deslexitimación da función docente. En segundo lugar, a degradación dos contidos, toda vez que o curso docente se aplica única e exclusivamente á superación das probas, co cal os profesores só explican aquilo que vai entrar nos exames. En terceiro lugar, o custo económico. Oxalá nos informe de canto nos custan estas estúpidas reválidas. En cuarto lugar, o que están facendo é negocio para as grandes empresas privadas que financian os tests; non no caso de Galicia, senón en todas as probas que se realizan deste estilo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao. Terminou o seu tempo. Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): A verdade é que se me fai moi difícil manter a sensatez na resposta. (Risos.) (Aplausos.)

Negocios, ¡negocios de empresas privadas!, señoría, de multinacionais. ¿Vostede sabe quen corrixe os exames? ¿Vostede sabe como se fan os exames? Pois mire. (A señora Chao pronuncia palabras que non se perciben.)

Bueno, fanse uns canutillos coma estes, que os fai a Administración, e repártenos nas aulas. E corríxenos os profesores. Non hai ningunha multinacional ¡eh! Eu creo que o seu discurso de serie quedalle un pouco lonxe. (Murmurios.)

Mire, vostede plantexa unha emenda á totalidade que non se sostén. En todos os países do mundo fanse avaliacións sen ningún tipo de problema. Nalgunhas comunidades autónomas fanse avaliacións, con gobernos moi próximos a vostedes, sen ningún tipo de problema.

Aquí se chegou a dicir neste Parlamento que os nenos choraban. Ao día seguinte os medios de comunicación dicían: *Esto es muy fácil*. Está nos medios de comunicación.

Aquí se chegou a dicir calquera cantidade de cuestións. Realmente eu entendo que plantexen un discurso político e que intenten posicionarse en contra dun plantexamento político, pero teñen que ser rigorosos nas súas afirmacións.

E claro, vostede segue falando do tema da diversidade, dos temas académicos, de avaliación. Aquí non se pregunta nada que o alumno teña que preparar *ex professo*. Non se preguntan contidos, son competencias; algo moi diferente. Non é o que se sabe, senón o que se sabe facer co que se sabe, que é unha cousa moi diferente.

E claro, aquí a gran mentira —que por certo calou, non digo que non— é chamarlle a isto reválidas. Iso xa é unha gran mentira porque non é unha reválida. A partir de aí, mire, eu entendo que vostede plantexe o que entenda que é positivo politicamente para vostedes, non para o sistema educativo. ¿Por que non se preguntan nunca para que serven as avaliacións de diagnóstico? Serven simple e llanamente para ter información do sistema educativo, complementaria ás avaliacións ordinarias, e poder implementar medidas correctoras para mellorar o sistema en calidade e en equidade. E fómolo conseguindo.

Voulle falar dunhas cuestións das que a vostede non lle gusta falar. Voulle falar dunha serie de cuestións porque vostede debuxa un panorama absolutamente negro na educación.

Pois mire, nos últimos anos fomos capaces de mellorar resultados; os informes Pisa certíficano. ¿Nos últimos anos fomos capaces de reducir o fracaso escolar? Si, fomos capaces en porcentaxes moi elevadas. ¿Fomos capaces de modernizar o ensino? Si, máis tecnoloxía,

novas metodoloxías de ensino, máis idiomas. ¿Fomos capaces de mellorar o sistema? Nos últimos premios nacionais de ESO, de quince, cinco son galegos. ¡Cinco son galegos! Temos o mellor ratio profesores/alumnos do Estado; unha das mellores taxas de interinidade do Estado; temos o sistema educativo máis inclusivo de España, máis do 90 % dos alumnos con necesidades educativas especiais... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo. Grazas.

Señor conselleiro, xa rematou o seu tempo. Grazas.

(A señora Chao Pérez pide a palabra.)

Si, señora Chao, ¿para que quere a palabra? É que non a escoito. Por favor, déanlle voz ao escano.

A señora CHAO PÉREZ: En función do artigo 76.1, cando se cometen xuízos de valor e inexactitudes sobre a persoa ou conduta dun deputado, tería dereito á palabra. Este señor...

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento. Vaime desculpar. ¿Puido ser no momento en que eu estaba falando por teléfono e non a escoitei?

A señora CHAO PÉREZ: Non, é que reiteradamente...

O señor PRESIDENTE: Puido ser. ¿Cal é exactamente a inexactitude que se pronunciou? ¿Cal é?

A señora CHAO PÉREZ: Reiteradamente dicir que mentía e que faltaba á verdade.

A señora CHAO PÉREZ: ¿Perdón?

A señora CHAO PÉREZ: Dicir reiteradamente que mentía e que faltaba á verdade.

O señor PRESIDENTE: Bueno, iso forma parte... Aquí escoiteino case todos os días... *(Protestas.)*

A señora CHAO PÉREZ: Non, non. E ademais poñer na miña boca cousas que non dixen. Manía que, por certo, o conselleiro ten frecuentemente. Di cousas que eu non dixen.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao. *(Murmurios.)*

Eu non escoitei iso, láméntoo. Descúlpeme. Xa está, terminou isto.

Lamento non estar eu atento nese momento. En todo caso, supoño que o conselleiro tampouco terá inconveniente. Creo que non está no ánimo do conselleiro faltarlle a vostede ao respecto porque o coñezo. Téño claro, dende a miña posición.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o desdoblamento e traslado da Atención Prima-

ria do Centro de Saúde da Milagrosa ás instalacións do antigo Hospital Xeral, no barrio da Residencia, de Lugo

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Luis Villares Naveira, do Grupo Parlamentario de En Marea.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente. Boas tardes.

En primeiro lugar, saudar ás veciñas e aos veciños do barrio da Residencia, de Lugo, que nos acompañan, hoxe preocupados polo futuro do seu barrio, o barrio da Residencia. E é que, señor conselleiro, en 2011 finalizou o traslado da actividade do Hospital Xeral de Lugo ao HULA, quedando, polo tanto, o barrio da Residencia baleiro en relación a cal era o seu espazo principal de interrelación.

Daquela chegou o tempo das promesas. A Xunta prometeu en 2011, para o barrio no que se sitúa o Xeral, a instalación dun centro de saúde, que suporía desdobrar o centro da Milagrosa, que atende actualmente a 29.000 persoas e que está saturado, como vostede coñece, posto que o foi a visitar no mes de decembro e sabe cal é o seu estado e a imposibilidade de atender adecuadamente as necesidades sanitarias dese barrio de Lugo. En segundo lugar, un PAC, un punto de atención continuada. E, en terceiro lugar, trasladar ao antigo Hospital Xeral o laboratorio de referencia da sanidade pública.

Despois das promesas, claro, veu o silencio pasadas as eleccións. Pasaron os meses, pasaron os anos, sen ningún tipo de compromiso orzamentario para darlle uso, nin sanitario nin sociosanitario, ás instalacións dun antigo hospital que cun mínimo investimento poderían adaptarse.

Foi cando chegou logo o tempo das protestas veciñais, o tempo das mobilizacións. Que chovese, fixese frío ou fixese sol, mes tras mes, semana tras semana, xuntáronse diante do antigo Hospital Xeral para reclamar un uso sanitario e sociosanitario para o barrio.

Co paso do tempo, as instalacións empezaron a deteriorarse. O barrio acusou unha caída da actividade comercial. Antes había vida arredor da Residencia: había floristerías, había cafeterías, había ortopedias, había farmacias... Todas esa actividade foi esmorecendo, ata o punto de ir pechando, e as instalacións foron deteriorándose. Entón chegou o tempo das ocorrencias, e cada tres meses saía unha da chisteira da bancada ou das propostas populares. En primeiro lugar, un centro de investigación tecnolóxica. Logo a localización dunha comisaria. Pero todo isto brindes ao sol, sen ningún tipo de apoio, nin orzamentario nin de proxectos técnicos.

Adicando un edificio coma este, do antigo xeral, a usos sociosanitarios dinamizaríase a economía do barrio da Residencia e poderíase configurar con moita facilidade, porque o solo xa está preparado para iso e a propia configuración do barrio arredor da antiga Residencia está preparado para iso, un verdadeiro barrio do benestar, dando servizo a toda a cidade de Lugo, non soamente ao barrio da Residencia.

O traslado ás instalacións do antigo Hospital Xeral do Centro de Saúde da Milagrosa, no seu desdoblamento, desas 29.000 persoas que agora se atenden, evitaría os graves colapsos

deste centro neste momento. E a apertura dun PAC suporía descolapsar tamén o centro PAC de Fingoi e as urxencias do HULA, estando ademais nunha localización excelente da cidade, pola boa entrada e saída, pola súa accesibilidade, como tiña anteriormente o Hospital Xeral.

Ademais, a existencia da infraestrutura do antigo hospital permitiría un importante aforro na creación de novos servizos sanitarios, ao aproveitárense as instalacións e dotacións que estean en boas condicións.

A recuperación do antigo Xeral para usos sociosanitarios contribuiría a tecer comunidade, permitindo a conciliación...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...da vida persoal e laboral, a saúde, o ensino.

A pregunta é clara, a pregunta é clara: ¿cando vai a Xunta cumprir as súas promesas, que eran tres: desdobrar a atención primaria do Centro da Milagrosa, abrir un PAC e instalar o centro de referencia sanitaria? ¿Cando? ¿Prazos? ¿Orzamentos? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes, señor presidente.

Señor Villares, deputados, veciños do barrio da Residencia de Lugo, a verdade é que ten razón o señor Villares, estiveron alí. Os primeiros centros de saúde que visitei foron dous de Lugo, porque creo que en Lugo se fixo unha gran transformación por parte da Xunta de Galicia en materia sanitaria. Tiven a oportunidade tamén de estar cos veciños, de escoitalos, e incluso tamén formamos un grupo de traballo con concelleiros do Concello de Lugo para poder traballar.

Pero teño que dicir, en primeiro lugar, que eu creo que a nivel sanitario en Lugo se fixo unha transformación total. Creo que no futuro poderán contar coa experiencia sanitaria do que pasou en Lugo, tratando de empezar unha obra dun gran hospital na época do presidente Fraga e rematala xa co presidente Feijóo, que a puxo en marcha, creando non só novas instalacións, que permitiron novos servizos.

O ano pasado abrimos servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear, que están dando un magnífico resultado, facendo que moitos veciños de Lugo non teñan que ir á cidade da Coruña para ser tratados.

Tamén dicir que o mesmo Servizo de Hemodinámica ten uns resultados magníficos, cunha mortalidade como o resto de Galicia, moi baixa, máis baixa que a media española. E creo que a transformación foi rotunda. Ben é certo que non só polas instalacións, senón tamén porque hai un equipo de profesionais magnífico na cidade de Lugo. Desgraciadamente, estivemos no primeiro aniversario do falecemento dun deles, que foi o doutor Veiga, que é unha ins-

titución a nivel nacional en Xeriatría. Pero como o doutor Veiga, moitos outros fixeron que a transformación de Lugo fora total e absoluta.

E agora, vendo estes centros de saúde que —como digo— estiven visitando, o Sagrado Corazón creo que foi o primeiro centro de saúde que visitei a nivel de comunidade, e tamén o que está na Milagrosa, dinme conta, evidentemente, de que facía falta. Pedimos axuda tamén, como facemos nos concellos de Galicia, aos concellos para tratar de ver se había nunha situación próxima un terreo para poder facer un centro de saúde.

Ata o día de hoxe non foi posible, pero é certo que dentro das ideas dese grupo de traballo veuse a posibilidade de poder desdobrar sen deixar o barrio da Milagrosa sen centro de saúde, porque hai unha poboación de idade que tamén necesita ter esa situación próxima aos seus fogares. Veuse a posibilidade de utilizar as instalacións dun magnífico espazo no barrio da Residencia que vai dar valor non só sanitario, senón que tamén para o nivel de vida do barrio vai manter unha actividade importante.

Estamos claramente traballando niso, e nos próximos días imos presentar un proxecto completo, que é o que estamos a facer. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno, conselleiro. Grazas.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Está ben que nas próximas datas vaian presentar un proxecto, porque o que é ata agora, dende o 2011 ata o 2017 van seis anos e non levamos nada concretado. Polo tanto, agradecemos que nos veña facer o anuncio de que vai facer un anuncio dunha concreción, *(Aplausos.)* porque ata agora nin co grupo de traballo nin coa veciñanza que está aí arriba vostedes dixeron nada de nada do que ían facer.

Pareceu durante dous terzos da súa intervención que estaba vostede completamente satisfeito con como estaba o Centro de Saúde da Milagrosa. Parece que visitara un centro diferente ao da Milagrosa, porque as instalacións do centro son claramente obsoletas; non están adaptadas todas as instalacións á xente para que poida ter un bo acceso; o lugar onde se fan as análises de sangue colápsase todas as mañás; non hai lugar bo para facer as espirometrías; non hai bo mantemento e limpeza; non se cobren as prazas que quedan de médicos e de médicas, co cal hai unha sobreesaturación do servizo. Non estamos falando de cerrar o centro da Milagrosa, o centro da Milagrosa hai que reformalo e hai que melloralo.

Vén aquí falarnos de que lle pregunta ao concello onde hai uns terreos para construír outro centro. ¡No barrio da Residencia! Están aí e son seus. ¿Que está esperando para poder darlle para adiante a un proxecto para a construción dun centro sociosanitario para o desdoblamento da atención da Milagrosa?

Non se trata de que alí xa non se atenda á xente. Trátase de que se desdobre para atender a todo este barrio e atender a toda a cidade. Trátase de facer un PAC para desconxestionar o de Fingoi e as urxencias do HULA. Trátase de facer a maiores o laboratorio de referencia. E

trátase, porque as instalacións son o suficientemente amplas, de facer unhas instalacións sociosanitarias que permitan transformar o barrio no barrio do benestar, no barrio no que se poidan conciliar actividades como a de gardería, como centros de curta estancia, como centros de día. É dicir, un lugar onde poidan convivir interxeneracionalmente as persoas e ademais onde se poida manter o uso sanitario, o cal non soamente redundaría nunha mellora da calidade de vida de toda a cidadanía, senón singularmente da do barrio, e da recuperación económica dun barrio que foi moi afectado polo peche da Residencia en 2011. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Turno de peche, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Mire, señor Villares, claramente vostede é un oportunista. *(Risos.) (Aplausos.)* Vostede sabe que estamos traballando... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non, señor Villares... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non me confunda... *(Murmurios.)* Mire, vostede é un oportunista. Vostede sabe que estamos traballando, os proxectos non se fan... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* tomando un café ou unha caña, senón que se fan traballando técnicos, elaborando estatísticas e sabendo e planificando moi ben o que se quere facer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por iso faise un cambio *(Murmurios.)*; por iso o hospital de Lugo, o HULA, que é un dos hospitais mellores de España, tardou o que tardou porque ten que ir planificado, saber exactamente o que queremos facer. *(Murmurios.)* E témolo estudado. *(Murmurios.)* Vostede enterouse do que estamos a facer e dixo: vou dicir que eu son o que fixen a modificación. E o novo barrio da Residencia, cun centro como vai haber aí en moi pouco tempo por parte da Xunta de Galicia, porque a Xunta de Galicia si cumpre coas promesas, ¡cumpre! *(Murmurios.)* E, desde logo, a Xunta de Galicia en Lugo cumpriu e vai seguir cumprindo. Outros utilizan oportunamente isto.

Pero eu non escoitei o señor Villares facilitar terreos para outros centros de saúde como o Sagrado Corazón, *(Murmurios.)* por exemplo, porque seguramente non tivo que estar alí ou nin estivo alí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu non son de Lugo e estiven moitas máis veces que vostede xa nas instalacións sanitarias de Lugo. E, polo tanto, imos seguir co proxecto adiante, e vostede non vai utilizar unha pregunta parlamentaria para dicir que vostede planifica a sanidade de Lugo porque non é así. *(Aplausos.)* Planificana os profesionais de Lugo, os técnicos da consellería e os cidadáns de Lugo *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*, pero non vostede.

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Villares!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Vostede quere utilizar isto... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, ¡silencio! *(Murmurios.)*

Non se pode interromper a quen está no uso da palabra, e menos vostede.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): O que lle digo: nós desde o primeiro momento... *(O señor Vega Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Vega, tamén.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...fixen esa visita porque a min me gusta coñecer o terreo e estiven cos veciños para que me contaran a súa realidade. E claramente son insuficientes estes dous centros, e por iso estamos traballando desde ese punto en mellorar esa situación. E pronto —como digo— vai haber unha plasmación clara e rotunda. *(Murmurios.)*

E nos próximos meses *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, antes de acabar este ano, imos ter o proxecto de execución totalmente preparado para licitar esa obra. E vaina ver vostede, pero non vai ser vostede o iniciador deste proxecto, *(Aplausos.)* non vai ser vostede.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. *(Murmurios.)*

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlles resposta ás demandas dos doentes que padecen atrofia muscular espiñal, en especial no referido á administración do novo fármaco denominado Nusinersen/Spinraza

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Montserrat Prado, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(Murmurios.) (Risos.)

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde, señor conselleiro. E moi boa tarde ás dúas representantes da Asociación Galicia AME que nos acompañan desde a tribuna.

A atrofia muscular espiñal (AME) é unha enfermidade neuromuscular de carácter xenético e dexenerativa, afecta desde nenos e nenas recentemente nados ata adolescentes e adultos; produce debilidade muscular progresiva debido á afectación das neuronas motoras da medula espiñal, que fai que o impulso nervioso non se transmita correctamente aos músculos e ocasiona a atrofia dos mesmos.

Existen catro tipos de AME, sendo o tipo 1 o máis grave, e inclusive mortal, e o tipo 4 o máis débil. Os síntomas que padecen as persoas desta doenza van desde a debilidade muscular, cansazo crónico, falta de reflexos, perda de masa muscular, tremores, infeccións respiratorias, escoliose, problemas de alimentación, imposibilidade de sentarse e desprazarse. Isto leva estas persoas á discapacidade, ao uso de cadeiras de rodas, respiradores, e, nos casos máis graves, á morte —como xa dixeran—.

Ata o de agora a AME non tiña nin tratamento nin cura, centrándose os tratamentos en controlar os síntomas e evitar complicacións e en intentar manter e mellorar a calidade de vida dos doentes con terapias rehabilitadoras e ocupacionais.

Mais, a pesar de que a investigación sobre as enfermidades raras é sempre limitada e sempre escasa, acaban de producirse avances na investigación e resultados. E con data do 23 de decembro do ano 2016, a autoridade reguladora dos Estados Unidos, a FDA, concedeu ao laboratorio Biogen o rexistro para a comercialización do primeiro e, de momento, único tratamento para a doenza. Este tratamento denomínase Nusinersen, coñecido como Spinraza.

A Axencia Europea do Medicamento, o 21 de abril, recomendou a aprobación do mesmo, e segundo as informacións das que dispoñemos todo indica que o 6 de xuño vai proceder á aprobación definitiva. Esta recente recomendación é tremendamente esperanzadora para os afectados e afectadas. E segundo a información que nos traslada Galicia AME, en Galiza son once os casos diagnosticados: cinco de tipo 2, cinco de tipo 3 e un de tipo 4; en idades que van desde os 18 meses aos 60 anos.

Esta aprobación, señor conselleiro, trae esperanza aos enfermos e enfermas de AME, significa poder acceder a unha anhelada posibilidade de tratamentos que ata o de agora non existían e que conlevará considerábeis melloras na súa saúde, na súa calidade de vida. Os estudos realizados ata o de agora dan conta de que as persoas doentes infantís tratadas co medicamento alcanzaron e sostiveron melloras clinicamente significativas na función motora en comparación con outros que non os recibiron. Algúns doentes lograron fitos impensábeis ata o de agora: a capacidade de sentarse sen axuda, manterse de pé, andar ou voltearse.

E considerando estes resultados e que a AME é unha enfermidade dexenerativa que produce discapacidade progresiva, é preciso axilizar todas as situacións precisas...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta.

A señora PRADO CORES: ...para que o tratamento poida ser administrado canto antes.

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta.

A señora PRADO CORES: Por iso, señor conselleiro, o que lle queremos...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

A señora PRADO CORES: ...hoxe preguntar é: ¿que actuacións vai realizar o Goberno para dar resposta ás demandas das persoas enfermas de AME?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Sanidade.

Déanlle voz ao escano do conselleiro de Sanidade. (*Pausa.*)

¿Non vai? (*Pausa.*)

A ver se os servizos da Cámara lle poden dar voz ao escano. Iso non está funcionando. *(Pausa.)*

Ao do lado. ¡Se non hai máis remedio! *(Pausa.)*

Agora non vai. Agora non vai ese. *(Risos.)*

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Señores deputados, señora deputada e membros da Asociación Galega da Atrofia Muscular Espiñal.

A verdade é que as enfermidades raras son o reto próximo que temos na sanidade. Sabemos que hai máis de sete mil casos de enfermidades coñecidas como raras —ou eu creo que é mellor falar de «pouco frecuentes»—, e tamén tratamentos orfos, fármacos que están sen asignación dentro do que é un tratamento.

E digo que é un dos grandes retos porque realmente temos que tratar de chegar a un diagnóstico o máis precoz posible e —como digo— tamén a un tratamento específico que leva a unha medicina personalizada. Estase traballando moito. Debemos recordar que hai xa a nivel da Unión Europea diferentes comisións que están tratando de mellorar. Hoxe, ademais, a idea é que máis que as enfermidades coñecidas como comúns —as de sempre— son agrupacións de enfermidades raras ás que, ao final, lles pomos un nome determinado, pero realmente a base é enfermidades pouco frecuentes que afectan grupos de poboación.

Estamos —como digo— traballando en todas as administracións sanitarias, e, desde logo, Galicia non está fóra deste ambiente. E débese recordar que hai moi poucos tratamentos desde hai moi pouco tempo para as enfermidades raras; de feito, o primeiro tratamento foi no ano 1983.

O pasado día 18 de maio recibín a asociación, o presidente e outro membro da Asociación Galicia AME, para escoitar as inquedanzas e as preocupacións que nós tamén compartimos —como dicía antes—. E están moi preocupados co tema do medicamento aprobado pola FDA dos Estados Unidos a finais do ano pasado. E cursouse por parte do laboratorio —un laboratorio tamén dunha multinacional— a autorización á Axencia Europea do Medicamento. E tamén solicitaba un convenio de canalización aos centros de saúde de Sant Joan de Déu e Vall d'Hebron, en Barcelona, para todos os afectados, así como a intervención inicial nestes centros.

Aclaremos que a derivación —e por iso tamén quero comentalo aquí— a outros centros do Sistema nacional de salud conta cun procedemento establecido e normalizado común a todo o sistema, polo que a sinatura dun convenio non resulta procedente. Estamos xa, de feito, derivando, e menos unha paciente están todos xa derivados a alí, pese a que non é un centro CSUR, o que se chama centros especiais de derivación, a nivel nacional, de patoloxías específicas.

Outra cuestión que lles preocupa tamén é a administración do tratamento, que aínda non está autorizado; cuestión que haberá que valorar cos especialistas e dicir cal é a mellor opción,

tendo sempre moi presente que prima a calidade asistencial e, sobre todo, moi especialmente a seguridade do paciente. Non podemos esquecer que todos os medicamentos teñen efectos secundarios; nalgún caso, grave. No caso deste medicamento están descritos riscos de sangrado e hemorrxias, dano renal, incluída inflamación aguda potencialmente mortal, e, de forma máis frecuente, infeccións respiratorias, atelectasia pulmonar, dolor de espalda...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...cefalea...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno, conselleiro, despois.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Eu parabenízome de que recibira representantes da asociación, señor conselleiro, dous días despois de que fora incluída na orde do día esta pregunta. E de verdade que me parabenizo de que non volvan cometer erros cometidos no pasado.

O BNG hoxe traémola a este Parlamento porque queremos escoitar o seu compromiso, os pasos que vai dar, en que prazo, para atender as necesidades das persoas enfermas de AME. Porque a esperanza que está a xerar a existencia deste medicamento nas persoas afectadas, nas súas familias, nos seus contornos, non pode converterse en frustración pola demora, pola burocracia. E non podemos volver vivir a situación de que habendo un medicamento que mellora a saúde das persoas non se lles aplique a eses doentes. E, sexa pola razón que sexa, non podemos volver vivilo, porque o que non teñen estes doentes é tempo, e non podemos permitilo, nin nós consentir que isto sexa así.

E non queremos que chegue tarde para ningunha das persoas que padecen esta enfermidade, para ningunha das once diagnosticadas en Galiza: para Xoel, para Diego, para Edgar, para Diego, para Héctor, para Clara, para Merche, para César, para Óscar ou para Xosé Manuel. Non queremos lamentarnos de que para ningunha destas persoas o tratamento non chega a tempo.

Eu e o BNG imos estar pendentes de que cumpra os compromisos acadados coa asociación, de que isto se faga con toda a celeridade. Porque vostede sabe que desde que a Axencia Europea do Medicamento aproba o fármaco ata que chegue aos doentes pode pasar unha media de seis a nove meses, e incluso dous anos. Entón, ese é o tempo que non teñen estes doentes, o tempo do que non dispoñen, e —insisto— o que nós non podemos permitir.

E antes de rematar a miña intervención quero parabenizar Galicia AME, en especial a súa presidenta, Merche, porque desde que no ano 2005 foi diagnosticada como AME, a pesar da rápida evolución que a enfermidade está a ter nela, foi capaz de organizar, impulsar e recadar recursos para a investigación de AME, aprender e ensinar, acompañar e consolar doentes e familiares,

e, sobre todo, facer un inxente labor de sensibilización e de concienciación que fai que hoxe esteamos aquí, practicamente no primeiro Parlamento do Estado español, tratando este tema...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e que eu agardo que teña as consecuencias que merecen...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...os enfermos desta enfermidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Desde logo, eu tamén poño en valor toda a asociación e o traballo que está facendo, iso é indubidable. Pero, señora Prado, o que non me fai vostede é a axenda. Eu recibo moitísimos pacientes e asociacións de pacientes e profesionais —o que faga falta— porque creo que coñecen a realidade perfectamente. Pero tamén nós temos unha responsabilidade, e non me gustaría que a indicación dun medicamento a fixera unha parlamentaria, gustaríame que a fixera un especialista. (*Aplausos.*) Por iso creo que hai que ter certa responsabilidade coas decisións.

E vostede mesma na primeira intervención dixo que realmente non hai ningún tipo 1 nos pacientes galegos —dio vostede, non o digo eu—, e a indicación que ten este fármaco en principio é para o tipo 1. De todas as formas, do que se fala —e estamos claros e convencidos— é de que a investigación vai facer que seguramente fármacos similares a este van poder actuar sobre o resto de pacientes desta enfermidade.

E por iso quero dicirlle que este fármaco concreto, que, en principio, actuará sobre o tipo 1, o pasado 21 de abril de 2017 obtivo o ditame positivo por parte da Comisión de Produtos Medicinais de Uso da EMA —da axencia europea— polo procedemento acelerado. Pero hai que dicir claro que este medicamento aínda non está autorizado, que este ditame é un trámite previo para a autorización.

Nós imos estar, evidentemente, no primeiro posto en canto sexa necesario, en canto sexa diagnosticado por un especialista noso; incluso ás veces nin noso, porque están recibindo o seguimento na Comunidade Autónoma de Cataluña. E loxicamente nosoutros imos actuar, estamos aí; así o fixemos e o falamos cos membros da directiva da asociación. E, desde logo, Galicia non vai quedar atrás, pero si vai velar pola seguridade dos pacientes, pois hai que ver os efectos secundarios, os efectos adversos e, desde logo, os efectos positivos. Seguro que en moi pouco tempo, se non temos para o resto de tipos, imos telos.

E tamén propuxemos algo moi importante que creo que é así, que é a realización dun PAI, un proceso asistencial integrado. Imos facer o seguimento total e absoluto para que desde que aparece unha persoa con síntomas se diagnostique de forma rápida e acelerada e se indiquen os tratamentos adecuados, derivacións, tratamentos curativos se os hai e, se non, paliativos, para tratar de mellorar as condicións de todas as persoas afectadas. Por iso nós temos unha implicación clara: imos seguir asumindo ese resultado, e, como dicíamos á asociación o outro día, imos estar en contacto con eles, cos profesionais e, loxicamente, tamén coas empresas farmacéuticas que estean investigando calquera tipo de produtos.

Eu creo que é un momento importante; hai que ter esperanzas e, desde logo, dar ánimo e a seguridade de que o Servizo Galego de Saúde vai estar sempre apoiando estes pacientes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as razóns da demora do pagamento dos seus servizos ao persoal que desenvolveu o labor docente establecido no Plan de formación continuada no agro galego 2016

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Paula Quinteiro Araújo, do Grupo Parlamentario de En Marea.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Boa tarde.

O 2 de marzo preguntabamos na Comisión de Medio Rural sobre esta mesma cuestión que traemos hoxe a este pleno. Na resposta dada nesta, o director xeral de Ordenación Forestal falounos de que a situación se resolvería con brevidade, que non sería ningunha cuestión de anos nin de meses.

Hoxe, dous meses e medio despois do debate nesta comisión, as persoas que realizaron os cursos dentro do Plan de formación continuada no agro galego seguen sen cobrar, pero ademais seguen sen ter ningún tipo de interlocución por parte desta consellaría. Estes colaboradores propios ou alleos levan sen cobrar polos seus servizos dende o inicio do programa, e hai que ter en conta que a data límite de presentación de propostas para o primeiro semestre do 2016 remataba o 31 de xaneiro. É certo que se ampliou posteriormente o prazo ata o 29 de febreiro, pero a realización dos cursos comezou ao mes seguinte, polo que falamos de cursos que comezaron en marzo de 2016 e agora, en maio, un ano despois, seguen agardando que a consellaría resolva e se lles aboe o que é seu polo traballo que fixeron. Para nós este é un atraso totalmente inaceptable, como dixemos xa na comisión. Entendemos que só pode responder a unha falta de planificación por parte desta consellaría.

E traémola tamén hoxe a este pleno porque a resposta que nos deron na comisión para nós foi totalmente insuficiente, non foi clara, e o único que fixeron foi tratar de xustificar este atraso cunha especie de escusa. E, sobre todo, traémola porque os compromisos que se dixeron que se ían pór en marcha seguen hoxe sen cumprirse. E ás persoas que levan un ano

agardando por cobrar non lles serve de nada que nos falen do aumento de solicitudes, do aumento dos cursos realizados; o que lles serviría, que xa solicitamos na comisión e solicitámosllo hoxe a vostede, é unha data, un compromiso firme de cando se van aboar os cartos que lles deben.

Estamos na suposta lexislatura do medio rural —palabras do propio presidente Feijóo—, pois, ben, demóstreño con feitos e expliquen a que se debe o atraso no pagamento ao persoal docente, ás persoas que están impartindo estes cursos que son tan imprescindibles para o noso rural —de actitude empresarial agraria, de usuario de produtos fitosanitarios, de benestar animal, etc.—, e tamén a que están esperando para axilizar dunha vez por todas este proceso. E queremos que nos expliquen con claridade que medidas tamén van tomar para que isto non se repita ningún ano máis; pero, sobre todo, queremos que nos informen de cando se van efectuar todos os pagos atrasados. Queremos unha data e un compromiso firme e non que quede todo en palabras.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moi boa tarde.

Señorías, presidente, antes de nada quixera salientar que, efectivamente, este é un problema, e é un problema para o cal dou unha data, e unha data fixa no día de hoxe, e é que estará solventado antes de quince días. Isto con toda claridade e ademais coa miña presenza aquí. Pero antes de todo isto tamén hai que entender cales son os motivos da demora.

Eu teño que agradecer o esforzo que fixeron o ano pasado os funcionarios da Consellería do Medio Rural para ser quen de impartir a cantidade de cursos que foron precisos a raíz dun decreto; un decreto que, no seu artigo 17, establecía a necesidade de tanto os agricultores e os gandeiros como os vendedores, os distribuidores e manipuladores e comerciais deste produto posuír o carné de manipulador de produtos fitosanitarios para poder aplicar os ditos produtos. Eu creo que vostedes, igual ca min, temos moita memoria e, polo tanto, había unha inquedaanza. Esa inquedaanza é que os nosos agricultores e gandeiros non eran quen de poder posuír o seu produto se non tiñan estes cursos. Fíxose un esforzo por parte da consellería; pero fíxose un esforzo inxente por parte dos funcionarios desta consellería, que foron quen de achegar á cidadanía do rural galego 552 cursos, cando a media anual eran 203 cursos. Eran cursos que se fixeron tanto nos concellos, en distintos centros de asociacións, como incluso en algo do que tamén se rían vostedes, que era cando anunciabamos unha unidade móbil para que a xente non tivera que desprazarse aos distintos lugares.

Ao final, o resultado foi o que queríamos, e ese resultado que queríamos era que ninguén deixara de aplicar os fitosanitarios por non ter este curso.

Ben é certo que vostedes poden dicir: ¿e por que a xente non fixo os cursos antes? Porque, igual que a xente do rural, cadaquén de nós, ata que vemos que en realidade entra en vigor algo, non nos preocupamos. E non é porque non se ofertaran cursos, que quedaron moitas veces desertos, porque non había persoal para poder acudir.

Ademais, tal e como dicía vostede dos cursos de manipulador de produtos fitosanitarios, leváronse a cabo outros cursos. Foron moitos de incorporación, de benestar animal; sobre todo, os de incorporación, que a pesar de que o 50 % dos xoves que se incorporan ao rural galego non precisan facer os cursos por ter xa a súa formación e unha titulación que non é preciso realizala, tamén é certo que batemos un récord de incorporacións de xoves, e non queríamos que ningún deses xoves quedara sen poder incorporarse polos cursos.

De aí que... data: antes de quince días, e, por outro lado, a diferenza, é dicir, ata o de agora a media de carnés que distribuía a consellería de fitosanitarios era de 7.300...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Ten outro turno.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...—perdón, simplemente un dato— 7.359 carnés ao ano...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...fronte aos 66.000 carnés que demos no ano 2016. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Ben, eu lamento que a maior parte da intervención a empregara para escusarse, aínda que celebro e alégrome de que dea unha data concreta, ao que se negaron na comisión. Alégrome porque quince días é unha data razoable; tiña que facerse con moitísima máis antelación. Pero noto ausencia total de autocritica e penso que... fixéronse máis cursos.

Ben, pero o Goberno tiña que telo previsto, non podemos demorar os pagos máis dun ano; non estamos falando dunha cuestión de semanas ou de meses, falamos de que os cursos se fixeron en marzo de 2016, e estamos en maio de 2017. Ou sexa, ¿que tipo de planificación ten esta consellería? ¿A vostede realmente parécelle que é xustificable que a consellería teña atrasos de máis dun ano nos pagamentos? Eu penso que non é xustificable. Entendo que agora dan unha data, que van poñerlle unha solución; así espero que se cumpra. Pero penso que debería facer unha autocritica, porque —aínda que é certo que se fixeron máis cursos— a consellería tiña que pór os medios para dar resposta a pagar eses cursos. Se non, ¿como é que se puideron pór en marcha? Se se poñen en marcha temos que ter os mesmos mecanismos para pagarlle á xente polo traballo que fai, porque se non é unha burla, e entenderíamos que a xente non volva repetir.

Entón, célebroo: quince días, espero que así sexa. Pero, sobre todo, tamén, ¿que medidas van planificar para que isto non se volva repetir en ningunha ocasión máis? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señorías, é certo que houbo unha inusual carga de traballo excepcional para os funcionarios no ano 2016. Tamén é certo que é inusual que saia un decreto que obrigue a ter o curso para mercar fitosanitarios; isto non sucede sempre. Tamén é certo que se levaba planificando dende había tres anos, pero —tal e como dixen— moitos dos cursos quedaban desertos porque a poboación decidiu non asistir, moitas veces porque se cre que sempre vai haber unha moratoria, moratoria que non existiu.

Polo tanto, eu podo aquí entoar o *mea culpa*, pero o único que teño que dicir é que quen fai os trámites administrativos son os funcionarios, que son moitísimos trámites administrativos, que estamos falando de máis de cincocentos cursos, 552 cursos, ¡co trámite que iso supón!, espallados por toda Galicia, e ademais cunha planificación, que era planificación trimestral e semestral, con máis de 13.100 horas de formación impartidas e máis de 66.206 carnés expedidos.

E ademais eu quero lembrarlles toda a problemática que houbo noutras comunidades, nas cales saben vostedes como se fixeron os cursos e en que deron todos eses cursos. E Galicia non quería caer no que caeron outras comunidades; sobre todo, polo ben dos nosos gandeiros e polo ben dos nosos agricultores.

De aí que tan só me queda agradecer o esforzo deses funcionarios que impartiron esa inxente cantidade de horas. Agradecer ademais que tiveran a ben ser eles na súa gran maioría os que impartiron os cursos fóra do seu horario laboral. Agradecerlles que se trasladaran a cada un dos recunchos de Galicia. Pero simplemente o único que houbo foi unha carga insuperable de traballo, que non acontece todos os anos e que non foi debido a que por parte da consellería e por parte dos funcionarios da consellería non houbera unha estrutura para levalos a cabo; simplemente é porque había unha necesidade imperante, entraba un real decreto en vigor e os agricultores, os viticultores e cada un dos gandeiros necesitaban ter os seus produtos; nin podían vendelos os vendedores nin mercalos os agricultores. Polo tanto, cando repartimos 66.000 carnés, iso quere dicir que foron 66.000 gandeiros e agricultores os que asistiron a eses cursos.

E para facer as cousas ben os trámites son longos, e esta é a única resposta clara e transparente que eu lle podo dar.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. José González Vázquez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación da Consellería do Medio Rural respecto dos efectos das xeadas da última semana de abril de 2017 no sector vitivinícola galego, así como as medidas que se están a adoptar para paliar os danos causados aos viticultores

O señor PRESIDENTE: Pregunta do señor Blanco Paradelo, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, presidente.

Señora conselleira —como todos sabemos—, o viño é un sector moi importante para Galicia, tanto para a súa economía como polos postos de traballo que xera, tanto fixos como temporais, e mesmo tamén para as economías familiares, que supoñen uns importantes ingresos complementarios. Un sector que ten unha gran relevancia nas comarcas onde se estende e, fundamentalmente, onde están as cinco denominacións de orixe: Valdeorras, Ribeira Sacra, Monterrei, Ribeiro e Rías Baixas, e no que traballan preto de dezaseis mil viticultores e que conta con máis de catrocentas cincuenta adegas repartidas por todo o territorio galego.

Certo é que, como outros sectores, non foi alleo ao contexto e ás dificultades da crise económica, pero tamén é certo que resistiu mellor, á vista do balance económico dos últimos anos. E isto foi posible, fundamentalmente, polo traballo, o esforzo, a dedicación e o cariño que lle poñen os produtores, os adegueiros, os viticultores e os consellos reguladores das denominacións de orixe, e tamén hai que dicir que contaron sempre co acompañamento e coa axuda da Xunta de Galicia a través da consellería que vostede dirixe.

En todos estes anos, ademais, lévanse poñendo diferentes liñas de axuda para mellorar a calidade e a produción —tamén neste caso— das distintas variedades de uva, para mellorar a comercialización, a internacionalización; e isto fai, desde logo, que teñamos un produto, un viño do máis atractivo do Estado.

Falamos dun sector que, como outros, tamén depende directamente dos fenómenos meteorolóxicos. Como todos sabemos —e ademais hoxe debatémolo neste pleno—, na última semana do mes de abril varias noites con xeadas causaron moitos estragos no campo galego, fundamentalmente nos viñedos das catro denominacións de orixe do interior da provincia de Ourense. E, desde logo, todos o dixemos desde o principio, vostede tamén, isto vai xerar importantes prexuízos económicos para os viticultores, pero non só económicos, non só prexuízos materiais, senón que nós tamén queremos poñer de manifesto os danos sentimentais, que é moi duro comprobar como o traballo de toda a colleita, de varios meses, de todo o ano, se perde nunhas horas ou nunha noite.

Temos que dicir e recoñecer que desde o primeiro momento a Consellería de Medio Rural e todo o seu equipo, e vostede persoalmente, estiveron ao lado do sector apoiando os viticultores, mantendo diferentes encontros con organizacións, con representantes tamén de diferentes entidades e tamén tomando as primeiras medidas de apoio. Mandaron os técnicos sobre o terreo, impartíuse formación na Evega e tamén se anunciaron diferentes medidas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo, grazas.

O señor BLANCO PARADELO: Polo que nós queremos preguntarlle...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BLANCO PARADELO: ...cal é a súa valoración e cales son esas liñas de apoio. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Efectivamente, tal e como dicía, na xornada do día 27 de abril, o ceo despexado, a presenza de aire frío e a ausencia de vento provocaron temperaturas inferiores aos cero graos e, polo tanto, en zonas de Lugo e en zonas de Ourense — sobre todo en zonas de viticultura, pero non só viticultura, tamén castiñeiros ou tamén a horta, entre outros—, as xeadas fixeron que teñamos, e vaiamos ter, importantes perdas ao longo deste ano.

Dicíao anteriormente, non dubidamos en pedirllles esforzo aos funcionarios cando o pasado ano todo o mundo necesitaba un carné para poder utilizar fitosanitarios, e facíámolo en todos os ámbitos pero, sobre todo, porque nolo demandaban os viticultores e non dubidabamos en duplicar esforzos, en pedirllelo aos funcionarios; eles responderon e, efectivamente, agora mesmo estamos pendentes de solventar o problema que deu toda esa carga de traballo. Se o fixemos o pasado ano porque había unha directriz e, polo tanto, era un problema e sacámolo para diante, créanme que a Consellería do Medio Rural, como non pode ser de ningunha outra maneira, ao igual que o Goberno galego, estará ao carón do agricultor e estará ao carón, sobre todo, dos viticultores... (*Aplausos.*) que están a sufrir dende o minuto cero xa perdas. E é dende o minuto cero porque non se trata só da colleita, que teremos que ir avaliando co paso dos días, senón que hai que facer un dobre esforzo, e ese esforzo ou ben é dun propio ou, se non, trátase de contratar empresas para volver facer repodas, entre outras cousas.

Polo tanto, ¿que fixo a Consellería do Medio Rural? Dende o minuto cero trasladar os técnicos da consellería para facer as primeiras valoracións —primeiras valoracións que, por outro lado, tamén tiñan feitas dende a Evega, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia— e, en menos de 24 horas, elaborouse un documento técnico para actuar nos viñedos despois das xeadas. Ademais, o pasado día oito de maio celebrouse, nas instalacións da Evega —que tamén teñen varios cultivos e tamén foron afectados—, unha xornada de portas abertas para que aos propios técnicos e para aqueles adegueiros e viticultores que o desexaran se lles dera unha clase —coma quen di en vivo e en directo—, e acudiron preto de 100 viticultores e adegueiros a Evega.

Unha vez realizada esta primeira valoración poñémonos a buscar distintas liñas. Pero distintas liñas en función duns regulamentos, que son os regulamentos europeos e que son os regulamentos tamén do Ministerio, independentemente de que nós dentro deses mesmos poidamos ser quen de facelos, incluso, máis atraentes e mellores.

Pero as xeadas non provocaban danos...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno...

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...non só... Si.

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, nós sabemos que vostede estivo desde o primeiro minuto traballando ao lado do sector, os que non se quixeron enterar foron os grupos da oposición que hoxe, hai unhas horas, aquí, chegaron a pedir a súa dimisión, chegaron a acusala a vostede de prepotente, chegaron a dicirlle que as súas medidas e os seus anuncios significaban unha burla, unha mofa, que tiña o rural abandonado e, desde logo, iso fixérono confundindo os desexos coa realidade.

Eu creo que quedou claro que á oposición non lle interesa. Fíxese vostede que na única pregunta que lle veu hoxe no control... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* para vostede, non quixeron ou non tiveron interese en preguntarlle polo viño. E, ademais, voulle dicir unha cousa: cando debatemos á mañá a proposición non de lei, o Grupo Popular estaba disposto a aprobar a proposición do Bloque Nacionalista Galego tal e como viña redactada e cambiárona por completo, evidentemente, porque a eles non lles interesaba ningún tipo de acordo. *(Aplausos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E o que estamos comprobando...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: ...é que cando a acusan de confundir, os que queren confundir son eles... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: ...os que queren malinformar —neste caso os viticultores, os produtores que están afectados— son eles, e o que menos lles interesa, neste caso, é buscar solucións. Acusárona de que vostede non facía nada, de que vendía fumo, de que eran só anuncios, pero, ao mesmo tempo, non hai máis xordo que o que non quere oír. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Polo tanto, nós, señora conselleira...,

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: ...xa lle dicimos que na Comisión 7^a do próximo venres levaremos unha proposición non de lei... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Rivas, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: ...levaremos unha proposición non de lei con medidas concretas, detalladas, e esperemos para ver cal é o posicionamento máis alá de montar o jaleo e tratar de buscar un rédito electoral nesta situación tan complicada que están vivindo os viticultores.

Máis nada, e animámola a seguir traballando por esa liña. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitísimas grazas, presidente.

Créanme que o único que me interesa non é o que diga a oposición, senón o que din os viticultores. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Créanme que aparezo nos lugares antes se hai un problema que se hai unha alegría. E iso foi o que fixen. Pero de todos os xeitos eu volvo recordarlles cal é o posicionamento e qué temos enriba da mesa e, por outro lado, eu só lles pido que o discurso —que farían, ou van facer— sexan capaces de mantelo no futuro, que, xeralmente, iso non é así. Como nós si somos capaces de mantelo no futuro, dicir, por un lado, rebaixas fiscais. Rebaixas fiscais que pedimos ao Ministerio de Agricultura —pedímolas o pasado ano para os sectores que tiñan problemas, acatáronse, fixéronse, e este ano acabamos de pedir rebaixas fiscais para os sectores que en Galicia tamén teñen problemas—; liña de circulante na modalidade de préstamo bonificado —por certo, teño que dicir que todo isto que planteamos enriba da mesa é o que nos demanda o sector, o propio sector, (*Aplausos.*) que se estiveran máis con el saberían cales son as demandas que teñen—, co cal, liña de circulante na modalidade de préstamo bonificado destinado ao pagamento de tributos, seguridade social, provedores ou acredores coa posibilidade dun tipo de xuro cero, cun límite, iso si, de *minimes* de 15.000 euros —no caso de superar este importe límitase ao dispoñible—; liña de refinanciamento de pasivos, tamén na modalidade de préstamo bonificado destinado ao refinanciamento de pólizas de préstamo, pólizas de crédito e tipos de xuro; liña de reconversión: 1,4 millóns de euros para a reestruturación do viñado para aquelas explotacións que teñan que reimplantar as súas viñas a causa das xeadas. Nesta dotación orzamentaria, ademais, dicir que terán puntuación máxima aquelas zonas que foron afectadas polas xeadas.

E xunto con isto —e sería bo que se preocuparan non só cando hai o problema, senón prever un pouco antes o problema—, falamos da contratación de seguros agrarios e saíu a nova liña de seguros agrarios. Son 4,7 millóns de euros. E incrementamos en 11 puntos, e seguímolo facendo porque así nolo están demandando —ao igual que o pasado ano houbo problemas co sector cunícola e nos pediron un incremento ata o 40 % e non só falamos, senón que tamén obramos, e este ano teñen o incremento do 40 %—.

Tería bastante máis para dicirlle neste sentido pero é a primeira vez, ademais, que se crea un grupo de traballo específico para analizar os seguros.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, terminou todo.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas e ata mañá. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o pleno. Terminou o pleno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, estiven no debate... Non, vamos ver... Perdón, perdón. Perdón. Un momento. Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, perdoe un momento. Perdoe un momento, señor. Imos ver, ¿para que é a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, perdón. Quero saber para que é. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, quero saber para que é. *(Murmurios.)* Señora Paula, eu creo que teño que saber para que é a palabra, pode ser para desdicirse de algo. Eu necesito saber. ¿Para que quere vostede a palabra? *(Murmurios.)*

O señor RIVAS CRUZ: ...*(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* ...xuízo de valores, segundo o artigo 76.1 teño dereito a defenderme...

O señor PRESIDENTE: Dígame... Perdón, perdón. Non, non me sinale a ninguén. Vostede dígame exactamente cal é o xuízo de valor que non foi exacto.

O señor RIVAS CRUZ: Foron varios.

O señor PRESIDENTE: Non, un. *(Murmurios.)* Non, non, perdón. Non van... Mire... voulle dicir unha cousa, imos terminar isto en paz, voulle dicir o que pasou, porque eu estiven no debate. Exactamente foi que o Grupo Parlamentario Popular estaba disposto a votar a súa proposición non de lei, porque foi un debate acumulado, sempre que non se incluía a emenda de En Marea. Isto é o que sucedeu. Como se incluíu a emenda de En Marea, non se puido votar a proposta que ía votar o Grupo Parlamentario Popular. *(Murmurios.)* Non houbo inexactitude, eu estiven atento ao debate. *(Murmurios.)* É así.

Suspendemos... Non houbo... De verdade llo digo, non houbo...


Suspendemos o pleno.

Ata mañá.

Remata a sesión ás cinco e cincuenta e sete minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25